


ANEXO I
Zonificación do Parque Natural Monte Aloia



ANEXO II

PLAN REITOR DE USO E XESTIÓN DO PARQUE NATURAL MONTE ALOIA

1 MEMORIA

1.1 EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Parque Natural do Monte Aloia, (no sucesivo, o Parque Natural), no concello de Tui, ao Sur da provincia de Pontevedra. Foi declarado o 4 de decembro de 1978, en virtude do Real Decreto 3160/1978, de 4 de decembro, sobre a declaración do “Parque Natural del Monte Alhoya (Pontevedra)”, BOE nº 16 de 18/1/1979.

O Monte Aloia, cunha superficie de 746,29 ha foi o primeiro Parque Natural creado na Comunidade Autónoma Galega e xa fora declarado Sitio Natural de Interese Nacional o 5 de xuño de 1935. Coa transferencia de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en 1984, a xestión do Parque Natural Monte Aloia pasou á Xunta de Galicia.

Con posterioridade o territorio delimitado polo Parque Natural integrouse dentro da Rede Natura 2000. Primeiro foi declarado Lugar de Importancia Comunitaria (Decisión da Comisión de 7/12/2004 pola que se adopta, de conformidade coa Directiva 92/43/CEE do Consello, a lista de lugares de importancia comunitaria da rexión biogeográfica atlántica, DOUE, 29/12/2004) e, finalmente, como Zona de Especial Conservación (Decreto 37/2014, de 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación aos lugares de importancia comunitaria de Galicia e máis apróbase o Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia (D.O.G. nº 62, de 31 de marzo de 2014). Outra figura de protección que afecta á totalidade do territorio do Parque Natural é a Zona de Especial Protección dos Valores Naturais do Monte Aloia (Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia).

A presente memoria descritiva sobre os compoñentes ambientais e culturais do Parque Natural, desenvolve a información contida no Plan de Ordenación dos Recursos Naturais, (Decreto 274/2001, do 27 de setembro, polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Parque Natural do Monte Aloia); no Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia do ano 2007 (Decreto 65/2009, do 19 de febreiro, polo que se aproba o Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural do Monte Aloia) e do Proxecto de Ordenación Forestal do Parque Natural do Monte Aloia, redactado no ano 2010.

A Lei 33/2015, do 21 de setembro, pola que se modifica a Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, no seu artigo 31 que se elaborarán plans reitores de uso e xestión dos parques, e a súa aprobación corresponderá ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27.trinta, faculta á Xunta de Galicia para levar a cabo aquelas accións que considere necesarias para a protección, conservación e mellora dos espazos naturais. A Lei 5/2019, do 2 de agosto, establece o requirimento dun Plan

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

Reitor de Uso e Xestión (PRUX) para os parques naturais e as reservas naturais e marca os contidos básicos do Plan.

A Orde do 21 de xaneiro de 1992 sobre o réxime de protección do Parque Natural do Monte Aloia, no seu artigo 6 establece: "A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes (hoxe en día, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda), despois de oír a xunta reitora do Parque Natural, aprobará o Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural do Monte Aloia". Segundo se recolle no Plan de Ordenación de Recursos Naturais, o desenvolvemento do citado plan deberá realizarse mediante o correspondente PRUX.

En consecuencia, o presente PRUX redáctase cumprindo os requisitos establecidos pola normativa estatal (Lei 33/2015) e autonómica, Lei 5/2019. Os efectos do presente Plan terán o alcance que establezan as súas propias normas de aplicación; será obrigatorio e executivo nas materias que aparezan reguladas na Lei 33/2015 e na Lei 5/2019.

Así mesmo, debido á integración do Parque Natural na Rede Natura 2000, a redacción do PRUX artículase co fin de evitar que se produzan alteracións ou deterioracións significativas sobre a integridade da Zona Especial de Conservación Monte Aloia (ZEC ES1140005), e mais asegurar o mantemento nun estado de conservación favorable dos hábitats do anexo I da Directiva 92/43/CEE alí representados e mais dos hábitats das especies silvestres de flora e fauna dos anexos II, IV, V da Directivas 92/43/CEE e no anexo I da Directiva 2009/147/CE, e de acordo co Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia.

A articulación das medidas de xestión require, de acordo coa Directiva 92/43/CEE, a realización dun plan de xestión específico para os lugares da Rede Natura 2000, así como o establecemento de medidas regulamentarias e administrativas, acordos coas esixencias ecolóxicas dos tipos de hábitats e especies de interese para a conservación e, especialmente, as contempladas nos anexos pertinentes das directivas 92/43/CEE e 2009/147/CE.

1.2 SITUACIÓN XEOGRÁFICA

O Parque Natural está situado no concello de Tui, no suroeste da provincia de Pontevedra, Comunidade Autónoma de Galicia. As Coordenadas do seu punto central son: 8°68'00" O / 42° 08' 22" N.

1.3 ÁMBITO DE APLICACIÓN DO PRUX

O presente Plan Reitor de Uso e Xestión será de aplicación en todo o territorio do Parque Natural, segundo os límites establecidos no Decreto 274/2001, de 27 de setembro, polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Monte Aloia.

O Parque Natural comprende, de acordo coa limitación establecida no Decreto 274/2001, de 27 de setembro, unha superficie de 746,29 ha, das cales 337 ha pertencen á entidade local menor de Pazos de Reis (Tui) e 409 ha á Comunidade de Montes Veciñal en Man Común de Rebordáns.

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

Os límites xeográficos do Monte Aloia son os que de seguido se mencionan: Norte, termo municipal de Porriño e Gondomar; Sur, propiedades particulares do Concello de Tui; Leste, propiedades particulares do Concello de Tui e Oeste, Comunidade de Montes Veciñal en Man Común de Randufe e particulares.

1.4 ALCANCE E EFECTOS

O PRUX terá carácter vinculante desde o momento da súa aprobación definitiva.

De acordo co artigo 19 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, o PRUX prevalecerá sobre o planeamento urbanístico e ordenación do territorio. Cando as súas determinacións sexan incompatibles coas da normativa urbanística en vigor, os órganos competentes revisarán esta última de oficio.

As determinacións do PRUX aplicaranse sen prexuízo da lexislación agraria, forestal, de augas e demais normativa sectorial. No caso de contradición entre diferentes normas será de aplicación aquela de carácter máis protector sobre os valores naturais do Parque Natural.

1.5 DIAGNOSE: PRONÓSTICO E POTENCIALIDADES

1.5.1 XEOLOXÍA E XEOMORFOLOXÍA

XEOLOXÍA

O territorio do ámbito do PRUX desenvólvese sobre un substrato maioritariamente granítico correspondente coa oroxenia herciniana.

As grandes formas do relevo da comarca son produto de movementos tectónicos a favor de fracturas en direccións aproximadamente perpendiculares, N-S e E-O, trátase probablemente de fracturas antigas reactivadas durante o Terciario. Destaca entre elas a que deu lugar ao val principal do Miño no seu tramo inferior, resultando análoga ás que xeraron as Rías Baixas.

A descrición dos tipos litolóxicos presentes no ámbito do plan baséase na memoria da folla 04-12 (261) de Tui, do Mapa Xeolóxico Nacional editado polo ITGE. A zona e a súa contorna presentan un evidente predominio dos granitoides relacionados coa oroxenia herciniana, de composición ácida a intermedia, que aparecen uns intruídos por outros:

a) Depósitos coluviais cuaternarios. Procedentes de derrubas nas ladeiras máis pronunciadas, mostran un dominio das texturas grosas, aínda que con pobre clasificación e, polo tanto, heteroxeneidade no tamaño de gran, con limos, areas e cantos de composición variable segundo a rocha nai.

b) Paragneises. Trátase de gneises de biotita e plaxioclasa, con certa variabilidade nos seus compoñentes minerais e súa granulometría. Pola súa riqueza en micas e plaxioclasa, cabe pensar que se orixinaron a partir de formacións de tipo grauwáquico. Presentan intercalación de paraanfíbolitas, en niveis lentexonares que non exceden os 3-4 m de potencia e dificilmente

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

superan os 100 m de lonxitude de afloramento. A súa composición é basicamente hornobléndica, con plaxioclasa e seixo.

c) Granitos alcalinos de dúas micas pouco deformados. Constitúen as rochas máis abundantes da folia de Tui (04-12), preséntanse nun gran afloramento que ocupa a parte centro-occidental da citada folia. Aparece relacionado con catro tipos de rochas: intruíndo á granodiorita precoz e as formacións metasedimentarias dos complexos Monteferro-O Rosal e Vigo-Tui, e son incluídos á súa vez polos granitos adamellíticos de Pinzás. Téñense observado foliacións con dirección N-150-E, aínda que xeralmente menos desenvolvidas que nos granitos cataclásticos. Pódense observar diferentes facies: granitos equigranulares de gran medio a groso (facies común), granitos porfiroides, granitos equigranulares de gran medio a fino e granitos moscovíticos.

XEOMORFOLOXÍA

O conxunto montañoso formado pola serra do Galiñeiro e o monte Aloia constitúe unha superficie de aplanamento superior que se estende en dirección NO-SE e que contrasta coa morfoloxía plana da depresión de Porriño-Tui. Este relevo é o resultado do progresivo desmantelamento polo río Miño e os seus afluentes dos restos dunha chaira irregular fracturada (penechaira de arrasamento da oroxenia herciniana), situados a diferentes niveis. O grao de desmantelamento das distintas zonas está en función dos materiais que afloran nas mesmas.

No Parque Natural distínguense catro grandes unidades xeomorfolóxicas:

a) Superficies culminantes. Trátase das zonas altas do ámbito do plan que constitúen as divisorias de augas entre as subconcas hidrográficas. Baixo este epígrafe inclúese a superficie superior do monte Aloia e a divisoria chamada costa de Oia, situada no extremo NNE do Parque Natural.

b) Superficie superior do monte Aloia. Trátase da zona chaira por enriba dos 600 m, que presenta pendentes de suaves a moderadas e onde se localizan varios promontorios de natureza granítica coñecidos como penedos, alí atópanse varios miradoiros.

c) Divisoria costa de Oia. Constitúe un interfluvio con pendente lonxitudinal (NO-SE) e con escasa dimensión transversal (<150 m), onde son frecuentes os afloramentos rochosos. As formas que presenta son, en xeral, suaves e a súa altitude máxima acada os 495 m.

d) Ladeiras. Debido á natureza do ámbito do plan, trátase da unidade máis estendida. Son formas de forte pendente (chegan a superar o 60%) que presentan irregularidades tanto lonxitudinalmente como no gradiente vertical. Inclúen a presenza de interfluvios e valgadas de pequeno tamaño. Trátase de superficies propensas á inestabilidade e que presentan abundantes afloramentos rochosos.

1.5.2 CLIMA

O clima nesta zona é de tipo atlántico europeo con veráns cálidos e invernos frescos e chuviosos. O clima correspóndese na clasificación de Papadakis co Marítimo Temperado. A precipitación anual media é de 1930 mm, e a temperatura media anual de 14º C. A amplitude térmica é moderada, cunha media anual de 12,7º C

Para a caracterización climática tomáronse como referencia os datos recollidos na estación meteorolóxica (termopluviométrica), do Monte Aloia a unha altitude de 400 m.s.n.m. LATITUDE: 42.0786 WGS84 (EPSG: 4326) LONXITUDE: -8.67945 WGS84 (EPSG: 4326).

1.5.3 HIDROLOXÍA

O desenvolvemento hidrolóxico está determinado por dous factores. Por unha parte, o carácter litolóxico do conxunto do territorio, configurado a grandes trazos polas rochas ígneas (materiais graníticos), que pola súa natureza son materias de baixa permeabilidade, se ben localmente esta pode aumentar, segundo as influencias estruturais e de foliación que presentan estes materiais. Xa que logo, a escasa permeabilidade por parte do substrato que limita a infiltración e por conseguinte orixina unha importante escorrentía. Por outra banda, o clima é outro factor a considerar, xa que determinará as dispoñibilidades hídricas. En liñas xerais, dada a litoloxía presente, prodúcese un predominio de circulación hidráulica en forma de escorrenta superficial, quedando a escorrenta subterránea moi limitada e condicionada pola fisuración, diaclasado e foliación.

A rede fluvial está directamente condicionada polas características fisiográficas do territorio, situado na superficie superior de aplanamento da serra do Galiñeiro. Esta rede fluvial está constituída por diversos regatos que nacen nas cotas máis altas do macizo do monte Aloia e que despois constitúense nunha auténtica rede de drenaxe de todo o macizo.

A escorrenta superficial organízase no ámbito do plan en dúas bacías hidrográficas denominadas Louro e O Rosal (Díaz Fierros, F. 1995), se ben ambas bacías son, en realidade, subbacías do denominado sistema Miño-Sil. Á bacía do Louro, que drena a parte setentrional e oriental do macizo, pertencen os regatos San Simón, Deique e Rebordáns, mentres que á bacía do Rosal, que drena a parte suroccidental do macizo, pertencen os regatos Udencias-Tripes e Tabernas. Existen varias presas nos leitos dos cursos fluviais; é o caso das pozas de Cabanas, Clavildo e Paredes. Tamén son frecuentes as pequenas depresións temporalmente asolagadas, que se encontran condicionadas polo réxime de chuvias.

Pola súa natureza, as litoloxías presentes na área non favorecen o desenvolvemento de acuíferos; estando estes condicionados pola estrutura e a fracturación tectónica que xera nelas unha porosidade de carácter secundario, porén o grao de fracturación non é tan intenso como para constituír bos reservorios. Localmente, os mantos de alteración *in situ* destas rochas graníticas poden albergar recursos de interese local. O seu aproveitamento lévase a cabo mediante captacións para dar caudais de orde dos 0,5 l/s, xeralmente para abastecemento doméstico.

1.5.4 SOLOS

Nas valgadas e ladeiras os solos derivados do granito, se non están protexidos por unha cuberta vexetal densa, son sensibles á erosión. Isto explica que nas áreas graníticas do Parque Natural non aparezan solos moi evolucionados (rara vez hai verdadeiros horizontes B).

Asociados aos rochedos e ás partes altas das ladeiras encóntranse leptosoles líticos, solos que só teñen un horizonte A ócrico de menos de 10 cm de espesor, que descansa sobre a rocha continua e coherente de natureza granítica; e leptosoles úmbricos, solos que presentan un contacto lítico que limita o seu espesor en profundidade a menos de 30 cm e constituídos por un horizonte A úmbrico. (Macías, F. 1986).

A media ladeira os perfís superficiais dan paso a solos máis profundos, debido a que comezan a producirse procesos de mobilización e acumulación de materiais procedentes de posicións máis elevadas. O aspecto do horizonte A (normalmente úmbrico) non é moi diferente do observado en posicións máis elevadas, pero o seu maior espesor e a existencia de mesturas de fragmentos de rocha e gravas soltas con partículas finas, permite recoñecer a existencia dun transporte de materias ao longo da ladeira e a súa acumulación nas zonas inferiores. En ocasións, a rocha granítica sofre un proceso de alteración intenso que dá lugar a un material de aspecto parecido ao orixinal, pero brando e facilmente penetrable polas raíces das plantas. Esta formación é o que se coñece vulgarmente como xabre granítico, que corresponde a un horizonte C que pode chegar a ter varios metros de espesor e que se inclúe nos regosoles úmbricos de perfil AC. Baixo a denominación de regosoles úmbricos, tamén se encontran solos que presentan acumulacións espesas de materiais semellantes aos do horizonte A úmbrico, que foron transportados a pequenas distancias e acumulados nos replanos das ladeiras. Localizados en encaves concretos do ámbito do Parque Natural, encóntranse os denominados cambisoles gleicos, solos restrinxidos a zonas próximas aos leitos fluviais ou depresións onde o nivel freático é elevado.

1.5.5 FLORA E VEXETACIÓN

A cuberta vexetal está moi influenciada tanto polos aspectos xeolóxicos e xeomorfolóxicos (litosolos, rochedos graníticos e pendentes) como polos usos históricos e actuais do monte. Fundamentalmente, a cobertura vexetal actual é a consecuencia das repoboacións con coníferas efectuadas a principios do século XX co obxecto de mitigar os efectos dos incendios sufridos daquela polo monte Aloia.

Desde un punto de vista corolóxico, e seguindo as propostas de sistematización bioxeográfica perfilada nos traballos de Rivas-Martínez, (1983), o ámbito do presente plan atópase no subsector miñense, sector galaico-portugués, provincia cántabro-atlántica, na rexión eurosiberiana. Bioxeograficamente encádrase na provincia atlántica da rexión eurosiberiana, no sector galaico-portugués, e dentro deste no subsector miñense, caracterizado por un réxime benigno de temperaturas que favorece a intrusión de elementos mediterráneos que se cadra migraron pola denominada vía litoral. En función da altitude e da orientación o Parque Natural atópase situado nos pisos mesosubmediterráneo e termotemperado.

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

Para caracterizar dunha forma xeral a vexetación optouse por agrupar as distintas formacións vexetais presentes en unidades de vexetación básicas, de acordo co exposto na Guía da flora e vexetación do Parque Natural (Blanco-Dios, 2005).

- **Regatos e ribeiras fluviais.** A vexetación potencial destes medios está constituída por un substrato arbóreo dominado polo ameneiro (*Alnus glutinosa*) e o salgueiro (*Salix atrocinerea*), que forma as chamadas ripisilvas, de gran importancia ecolóxica debido a que regulan a temperatura das augas, suxeitan as marxes dos leitos e impiden a súa erosión durante as riadas. Porén, no Parque Natural, a presenza de *Alnus glutinosa* é moi escasa e límitase aos treitos das partes baixas dos regatos preto dos límites do Parque Natural.

Outras especies no substrato arbóreo son os bidueiros (*Betula alba* var. *alba* e *B. pendula*) e máis a abeleira (*Corylus avellana*). A *Betula pendula*, foi observada nunha das saídas a campo, plantada como reforestación riparia ao longo dun curso fluvial, na que utilízase esta variedade ornamental no canto da variedade alba. No substrato herbáceo, estas ripisilvas presentan fentos (*Athyrium filix-femina*, *Blechnum spicant* e *Osmunda regalis*) e silvas (*Rubus* spp.), así como outras especies características das beiras dos regatos como *Carex elata* subsp. *reuteriana*, *Epilobium obscurum*, *Molinia caerulea* e *Saxifraga spathularis*. Nos propios cursos de auga encóntranse, entre outras, *Callitriche stagnalis*, *Scirpus fluitans*, *Montia fontana* subsp. *amporitana* e *Ranunculus omiophyllus*.

- **Pozas e lugares temporalmente anegados.** Nestes medios, as comunidades vexetais sitúanse seguindo un gradiente definido polo nivel de asolagamento do substrato, así como pola seca estival.

Nas pozas de Cabanas e Clavildo, onde as augas son permanentes a pesar do descenso estival, encóntranse especies características destes medios como *Baldellia alpestris*, *Thypha latifolia* e *Myosotis secunda*.

En depresións endorreicas e pequenos foxos, onde o nivel da auga permanece case invariable durante os meses de inverno, mentres que durante a época estival experimenta un forte descenso, instálase a comunidade caracterizada por *Eleocharis multicaulis*. Tamén se atopan nestes medios *Stellaria alsine* e *Saxifraga lepismigena*, así como *Wahlenbergia hederacea*.

Nas zonas con solos temporalmente asolagados sitúase unha xunqueira higrófila formada por especies vivaces hemicriptofíticas, dominada por *Juncus effusus* - *Juncus bufonius*, e onde tamén se atopan *Illecebrum verticillatum* e *Gamochoaeta spicata*.

- **Matogueiras.** Pódense diferenciar dous tipos xerais de vexetación de matogueira: Formacións de matogueiras densas e formacións de mato con abundantes afloramentos rochosos. Se ben en liñas xerais presentan a mesma composición florística e constitúen as etapas de degradación do bosque potencial do territorio, presentan claras diferenzas en canto ao grao de cobertura.

Matos densos: Esténdense polas ladeiras desprovistas de arboredo ou cunha baixa cobertura de árbores. Teñen a súa orixe na profusión de incendios forestais, que propiciaron a

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

perpetuación destas comunidades, evitando a evolución cara a unha situación clímax. Presentan como especies dominantes os toxos (*Ulex europaeus*, *U. minor*) e as uces (*Erica cinerea*, *E. umbellata*). En determinadas zonas as xestas (*Cytisus striatus*) substitúen ao mato de uces e toxos, formando matos monoespecíficos de porte medio (2-3 m).

Matos dos rochedos: Nas zonas con abundantes afloramentos rochosos e desprovistas de arboredo, atópase unha comunidade de mato similar á das formacións densas, aínda que, en xeral, cun porte menor. Esta formación adáptase a un solo pouco profundo e a unhas condicións ambientais máis duras. Dominada por matogueiras de uces e toxos (*Ulex europaeus*, *U. minor*, *U. gallii*, *U. micranthus*, *Erica cinerea*, *E. umbellata*, *E. arborea*, *Calluna vulgaris*) no que están presentes as carpazas (*Cistus psilosepalus*, *C. salviifolius*) e *Halimium lasianthum* subsp. *alyssoides*, *Galium saxatile*, así como outros elementos da uceira atlántica como *Daboecia cantabrica* e as gramíneas *Agrostis curtisii* e *Pseudarrhenatherum longifolium*. Sobre diversas especies de toxo é frecuente atopar *Cuscuta epithymum* subsp. *epithymum*. En determinadas zonas nas que o terreo foi removido, os codesos e as xestas (*Adenocarpus lainzii*, *Cytisus striatus*) substitúen á matogueira de uces e toxos, formando manchas monoespecíficas densas de porte medio (2-3 m)

- **Rochedos e penedías graníticas.** A presenza de abundantes afloramentos rochosos de natureza granítica nos cumes, divisorias e gran parte das ladeiras do Parque Natural, propicia a existencia de comunidades vexetais que se encontran adaptadas ás esixentes condicións ambientais dominantes nestes medios. Nos litosolos de mínima potencia existentes nas fisuras dos rochedos, localízanse un bo número de especies de pteridófitos, entre os que cabe destacar a *Asplenium billotii*, *Asplenium trichomanes*, *Anogramma leptophylla*, *Cystopteris viridula*, *Polypodium interjectum* e *P. vulgare*. Outras especies características destes medios que habitan nas fisuras das rochas son os endemismos do curso baixo do Miño e do Sil *Dianthus laricifolius* subsp. *caespitosifolius*, *Centaurea limbata*, *Sedum hirsutum*, *Umbilicus rupestris*, *Festuca paniculata* subsp. *multispiculata* e *Ornithogalum broteroi*.
- **Carballeiras.** O que constitúe a vexetación potencial do Parque Natural, a carballeira de *Quercus robur*, na actualidade encóntrase limitada a reducidos arboredos, máis ou menos homoxéneos. En xeral, predominan os individuos novos e resultan escasos os exemplares lonxevos. Non resulta raro atopar pés mesturados de *Quercus robur* e *Q. suber* e tamén, outras especies de leñosas como *Castanea sativa*, *Ilex aquifolium*, *Arbutus unedo*, *Crataegus monogyna*, *Prunus spinosa* e *Pyrus cordata*. O estrato arbustivo medra en condicións máis ou menos sombrías e húmidas, contando coa presenza dos fentos *Pteridium aquilinum*, *Dryopteris affinis* e *Polypodium vulgare*, así como a xilbarda (*Ruscus aculeatus*), son frecuentes tamén a hedra (*Hedera helix*) e as silvas (*Rubus* spp.)
- **Pequenos rodais de sobreirais.** Aínda que a sobreira (*Quercus suber*) conta cunha notable presenza no Parque Natural, unicamente en determinadas localizacións de solana forma pequenos arboredos mesturada con *Quercus robur*.
- **Piñeirais de repoboación.** Trátase de piñeirais de *Pinus pinaster*, que é a especie arbórea dominante no Parque Natural e que ocupa aproximadamente 452 ha. Existen tamén algunhas manchas e pés illados de piñeiro silvestre (*Pinus sylvestris*) e piñeiro insigne (*Pinus*

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

radiata), que ocupan unha superficie moito menor. En xeral, trátase de masas con exemplares de porte adulto.

Como sotobosque atópanse formacións de uces-toxos dominadas por *Ulex europaeus*, *U. minor*, *Erica cinerea*, *E. umbellata*, pero con presenza de *Ulex galii*, *U. micranthus*, *Genista triacanthos* e *G. tridentata*, así como de *Calluna vulgaris*, *Daboecia cantabrica*, *Cistus psilosepalus* e *C. salviifolius*.

Como substrato herbáceo acompañando ao mato de uces-toxos atópanse, entre outras especies, o fento (*Pteridium aquilinum*), o narciso (*Narcissus triandrus* subsp. *triandrus*), *Asphodelus albus* subsp. *albus*, *Lithodora prostrata* subsp. *prostrata*, *Arenaria montana*, *Simethis mattiazzii*, *Polygala vulgaris* e as gramíneas *Agrostis curtisii* e *Arrhenatherum elatius* subsp. *elatius*.

- **Formacións arbóreas exóticas.** Inclúen formacións dominadas pola presenza de rodais de coníferas exóticas de introdución artificial, con porte arbóreo e alto grao de cobertura. O termo exótico adóptase aquí para definir aquelas especies que se encontran fóra do seu ámbito bioxeográfico ou alonxadas da súa área de distribución natural. A continuación relaciónanse as especies que teñen unha presenza significativa dentro do Parque Natural.

Cedro de Oregón ou ciprés de Lawson (*Chamaecyparis lawsoniana*) é unha árbore sempreverde de porte xeralmente piramidal, que pertence á familia das cupresáceas e que nos seus bosques naturais pode acadar os 60 m de altura. Orixinario do Sudoeste de Oregón e Noroeste de California, utilizouse para repoboar, xa que se reproduce facilmente por semente ou gallo, e medra moi rápido. No ámbito do plan, encóntrase nas pozas de Cabanas e nas proximidades da casa forestal.

Acacias (*Acacia* spp.): son leguminosas que teñen a súa orixe en Australia e Tasmania e que se introduciron en Europa polo seu valor ornamental e polo seu crecemento rápido e capacidade de expansión. Entre as que mostran unha presenza máis significativa no Parque Natural encóntranse dúas especies, a mimosa (*Acacia dealbata*), especie asilvestrada que forma bosquetes densos nas zonas baixas do Parque Natural, e a acacia negra (*Acacia melanoxylon*), distribuída por distintos puntos do Parque Natural. En Galicia localízanse nos pisos colino, montano baixo húmido e hiperhúmido, e mesomediterráneo húmido, considerándose, a primeira, como especie invasora.

Robinia: tamén se encontra no ámbito do Parque Natural a falsa acacia (*Robinia pseudoacacia*), orixinaria da rexión atlántica de Estados Unidos, que foi introducida en Europa polo seu valor ornamental e forestal. En Galicia atópase asilvestrada soamente nos pisos colino húmido, hiperhúmido e montano baixo, mostrando certo carácter invasor pola súa facilidade para producir rebrotes a partir das raíces.

Piñeiro insigne (*Pinus radiata*): especie orixinaria de California que se utilizou para repoboacións no Norte de España debido ao seu elevado valor forestal. No Parque Natural atópanse pés illados mesturados con *Pinus pinaster*, así como un pequeno rodal de menos de 1 ha. Existe no Parque Natural un exemplar supervivente das plantacións efectuadas a

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

principios do século XX, que está incluído no Listado de Árboles Singulares de España.

O abeto de Douglas ou piñeiro de Oregón (*Pseudotsuga menziesii*) é unha pinácea orixinaria da costa Oeste de América do Norte, que presenta unha copa cónica e que, en condicións naturais, pode acadar os 60 m de altura. Medra en solos frescos e húmidos, preferentemente nos silíceos, necesitando unha certa humidade ambiental. É unha árbore de crecemento rápido cun rendemento en madeira superior ao de todas as coníferas europeas. No ámbito do Parque Natural localízase un rodal de 2,6 ha que ten ao piñeiro de Oregón como especie principal.

Cedro xaponés (*Cryptomeria japonica*): é unha taxodiácea orixinaria do Xapón e do Sur da China que se cultiva polo seu valor ornamental e forestal. No monte Aloia atópanse exemplares de notable talla na área de San Xiao e nas proximidades da casa forestal.

Eucalipto azul (*Eucalyptus globulus*): Orixinario do Sur de Australia e Tasmania, o eucalipto azul, foi introducido polo seu valor para a industria forestal. No Parque Natural as plantacións de eucalipto ocupan aproximadamente 14 ha e, sitúanse maiormente en zonas de ladeira con solo escaso e abundantes afloramentos graníticos.

- **Herbais e pasteiros.** As especies de carácter terofítico, é dicir, aquelas que son capaces de completar todo o ciclo da súa existencia na estación favorable, son as que dominan estes medios. Entre as especies características dos herbais e pasteiros terofíticos encóntranse *Moenchia erecta* subsp. *erecta*, *Silene scabriflora* subsp. *scabriflora*, *Tolpis barbata*, *Sedum arenarium*, *Agrostis trunctula* subsp. *commista*, *Aira praecox*, *Anthoxanthum aristatum* subsp. *aristatum*, *Vulpia myuros*, *Stachys arvensis*, *Ornithopus compressus*, *O. pinnatus*, *O. sativus*, *Trifolium cernuum*, *T. glomeratum*, *Asterolinon linum-stellatum*, *Aphanes australis*, *Ornithogalum broteroi* e *Sherardia arvensis*.

Naqueles lugares onde o grao de humidade edáfica é máis elevado localízanse as ciperáceas *Carex leporina*, *C. ovalis* e *C. pilulifera* subsp. *pilulifera*, así como *Luzula campestris* e *Veronica officinalis*, mentres que nos solos elevados de carácter higróturboso, se encontra *Gentiana pneumonanthe*.

Nos herbais das beiras dos camiños son frecuentes *Silene gallica*, *Briza maxima*, *Mentha suaveolens*, *Vicia sativa*, *Oxalis corymbosa*, *O. pes-caprae*, *Lotus corniculatus* subsp. *carpetanus*, *Anthoxanthum amarum* e *Rumex bucephaloporus* subsp. *gallicus*. En pasteiros de carácter esquelético aparece *Romulea clusiana*, endemismo da Península Ibérica.

- **Labradíos.** Inclúense neste apartado todas as superficies dedicadas a algún tipo de cultivo, localizadas nas proximidades das zonas habitadas nas partes baixas do Parque Natural.

- **Vexetación ruderal.** Trátase de formacións vexetais que habitan en zonas alteradas polo home, como bordos de camiños, campos baldíos, etc. Estes medios son ricos en nitróxeno e caracterízanse por recibir una insolación elevada, debido á falta de cobertura arbórea. En zonas máis ou menos areosas e bordos de vías atópanse *Echium rosulatum*, *Myosotis discolor* e *Spergularia purpurea*. As compostas están representadas por *Artotheca calendula*, *Bellis*

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

perennis, *Stellaria media*, *Carduus asturicus*, *Chamaemelum nobile*, *Senecio sylvaticus*, *S. vulgaris*, *Soliva pterosperma*, típica de lugares pisados, e *Sonchus oleraceus*. As gramíneas son bos expoñentes destes medios ruderais, entre outras están presentes *Avena barbata*, *Briza maxima*, *B. minor*, *Bromus diandrus*, *Dactylis glomerata*, *Danthonia decumbens* e *Poa annua*. Entre as leguminosas pódense citar a *Medicago minima*, *M. polymorpha*, *Trifolium subterraneum* e *Vicia sativa*. Outras plantas presentes son *Fumaria muralis*, a amapola (*Papaver rhoeas*), en herbais subnitrófilos *Rumex acetosa*, *Scrophularia scorodonia*, o fiuncho (*Foeniculum vulgare*), a menta (*Mentha suaveolens*) e as ortigas (*Urtica dioica* e *U. urens*).

1.5.6 FAUNA

Os coñecementos existentes acerca da fauna do Parque Natural son escasos. A información dispoñible é de carácter xeral e descoñécese para moitos grupos faunísticos o número e a identidade das especies presentes. Incluso nos grupos mellor coñecidos, como os vertebrados, carécese de información recollida de xeito sistemático sobre aspectos básicos como o patrón de distribución estacional e espacial ou a abundancia das poboacións.

En todo caso, compre entender que a fauna do Parque Natural está constituída na súa meirande parte, por especies xeneralistas en termos de requerimentos de hábitat e que son comúns no resto da comarca. Así, moitas especies distribúense pola maioría dos hábitats do Parque Natural. A continuación descríbense as comunidades faunísticas dos principais medios do Parque Natural:

- **Cursos fluviais.** A riqueza da comunidade faunística asociada aos ríos e regatos do Parque Natural vese moi condicionada, tanto polo grao de conservación das súas beiras, como polas importantes variacións estacionais do seu caudal. Entre as aves é frecuente a lavandeira real (*Motacilla cinerea*), asociada ás canles de maior entidade, concretamente ao río Deique. Neste regato, aínda que non se descarta totalmente a súa presenza noutras canles do Parque Natural, é posible a presenza do rato de almizcre (*Galemys pyrenaicus*), ao igual ca do murgano de Cabrera (*Neomys anomalus*).

Dúas especies de anfibios son características do medio fluvial, a saramaganta rabilonga (*Chioglossa lusitanica*) e a rá patilonga (*Rana iberica*). Entre os réptiles encontramos o lagarto das silvas (*Lacerta schreiberi*) nas ribeiras máis vexetadas e tamén o escáncer común (*Anguis fragilis*).

É frecuente que moitas especies de quirópteros utilicen os cursos fluviais como zonas de caza, ao ser aquí moi abundantes os insectos dos que se alimentan. Ademais é frecuente encontrar o morcego grande de ferradura (*Rhinolophus ferrumequinum*) e tamén o morcego común (*Pipistrellus pipistrellus*).

- **Pozas temporais e permanentes.** As mellores pozas permanentes son as de Cabanas no regato Udencias, que dan acubillo a unha interesante poboación de bermelliña (*Achondrostoma arcasii*). Nelas tamén está presente a troita (*Salmo trutta fario*). O pintafontes común (*Lissotriton boscai*) e o pintafontes verde (*Triturus marmoratus*), xunto coa ra verde (*Pelophylax perezi*) son os anfibios característicos daqueles puntos onde a vexetación

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

subacuática é abundante. Entre os réptiles son especies características as cobras de collar e viperina (*Natrix astreptophora* e *N. maura*). Nas pozas temporais desenvólvese tamén unha rica fauna de insectos odonatos.

- **Matogueiras e medios rochosos.** Nas zonas onde o afloramento rochoso tan só permite o desenvolvemento dunha vexetación herbácea, é frecuente o coello (*Oryctolagus cuniculus*), sempre na proximidade do mato de porte elevado onde poder guarecerse. Aquí fórmanse charcas estacionais, que son utilizadas para reproducirse polo sapo corriqueiro (*Epidalea calamita*) e a salamántiga común (*Salamandra salamandra*) na época de reprodución. É abundante o lagarto arnal (*Timon lepidus*). Encontran tamén aquí un hábitat axeitado a lagarta rabuda (*Psammotromus algirus*), o esgonzo común (*Chalcides striatus*) e a cobra lagarteira meridional (*Coronella girondica*). Entre as aves obsérvanse a papuxa montesa (*Sylvia undata*), o chasco común (*Saxicola torquata*), a azulenta común (*Prunella modularis*) e as escribentas (*Emberiza* spp.).

- **Carballeiras.** Nos arboredos caducifolios de carballo son abundantes os páridos e os picafollas (*Phylloscopus collybita*, *P. brehmii*) e tamén é frecuente observar ao gabeador común (*Certhia brachydactyla*) e, como especie característica, o gaio (*Garrulus glandarius*). Entre os invertebrados está presente a vacaloura (*Lucanus cervus*).

- **Piñeirais.** Os piñeirais do Parque Natural albergan unha comunidade de passeriformes forestais, con especies como o ferreiriño común (*Periparus ater*), o ferreiriño cristado (*Lophophanes cristatus*), e tamén o gabeador común (*Certhia brachydactyla*) e o pimpín común (*Fringilla coelebs*). Nestas zonas ben soleadas é habitual encontrar o lagarto arnal (*Timon lepidus*) e a lagarta de Bocage (*Podarcis bocagei*), ocupando a lagarta dos penedos (*Podarcis hispanicus*) as zonas máis rochosas. Nas zonas onde o mato é abundante encontra un hábitat axeitado a cobra lagarteira común (*Coronella austriaca*).

Carnívoros como a algaria (*Genetta genetta*) e o raposo (*Vulpes vulpes*), desenvólvense nestes medios, ao igual que o esquío (*Sciurus vulgaris*). Asociada a esta formación está presente unha fauna de coleópteros escolítidos, insectos xilófagos responsables de pragas forestais.

- **Eucaliptais e outras formacións exóticas.** A fauna asociada a estes medios é pobre e adoita depender da composición e da cobertura do sotobosque que baixo nelas se desenvolve.

- **Medios ruderais.** É neste medio onde se detecta a maior diversidade de pequenas aves. Grazas á variabilidade estrutural presente, utilizan a zona a totalidade das especies de páridos e frinxílicos do Parque Natural, acompañados de picafollas (*Phylloscopus collybita*), merlos (*Turdus merula*) e paporrubios (*Erithacus rubecula*). Nos soutos e zonas de vexetación máis mesta está presente a papuxa cabecinegra (*Sylvia melanocephala*). Entre os mamíferos son característicos o ourizo cacho (*Erinaceus europaeus*), a toupa cega (*Talpa occidentalis*) e a donicela (*Mustela nivalis*).

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

1.5.7 UNIDADES AMBIENTAIS

As unidades ambientais son as unidades básicas de descrición e avaliación dos territorios amparados pola Rede Natura 2000. Defínense como áreas con características biolóxicas homoxéneas no tocante á vexetación e usos do solo. Na táboa seguinte preséntase o listado de unidades ambientais definidas para o Monte Aloia de acordo coas clases definidas no Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia. Para cada unha das indícase a superficie que lle foi estimada no anterior PRUX e máis a evolución estimada desta superficie dende aquela (estable, aumento ou diminución).

UA	DESIGNACIÓN ABREVIADA DA UNIDADE AMBIENTAL	SUPERFICIE (Anterior PRUX)	DINÁMICA
UA220	Augas correntes	5,33 ha	Estable
UA320	Matogueiras e medios rochosos silíceos	246,54 ha	Diminución
UA420	Bosques de carballos caducifolios	10,44 ha	Aumento
UA531	Mosaico rural con campos rodeados de sebes arbustivas	7,46 ha	Diminución
UA630	Piñeirais	435,75 ha	Estable
UA631	Eucaliptais	14,11 ha	Aumento
UA632	Plantacións forestais de especies autóctonas	1,29 ha	Estable
UA633	Plantacións forestais de ximnospermas alóctonas	0,87 ha	Estable
UA634	Plantacións forestais de anxiospermas alóctonas	1,87 ha	Aumento
UA699	Formacións de especies invasoras	4,01 ha	Aumento
UA810	Núcleos de poboación	0,98 ha	Estable
UA820	Construcións de uso agrícola, forestal e de acuicultura	0,10 ha	Estable
UA850	Áreas de uso deportivo, recreativo ou dotacional	5,01 ha	Estable
UA870	Construcións, explotacións e dependencias abandonadas	4,74 ha	Estable
UA890	Áreas perturbadas temporalmente	1,63 ha	Estable
UA910	Vías terrestres de comunicación	42,75 ha	Estable

Táboa 1: Unidades ambientais do Parque Natural

Como acontece no resto do territorio galego o Parque Natural está a sufrir as consecuencias do despoboamento e conseguinte abandono do medio rural. En último termo, este abandono determina a progresiva diminución da superficie ocupada polos hábitats abertos (campos de cultivo, pasteiros e matos baixos) que como consecuencia dos procesos de sucesión da vexetación, viran cara a hábitats pechados (mato alto, arboredo e bosque). Entre outras consecuencias, estes cambios adoitan provocar unha diminución xeral da biodiversidade. No caso concreto do Aloia os principais cambios ocorridos dende a redacción do anterior PRUX foron os seguintes:

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

- Redución da superficie dos hábitats de herbáceas: prados e pasteiros.
- Redución da superficie ocupada polo mato baixo e polo mosaico de mato e pasteiro.
- Redución da superficie ocupada pola vexetación de rochedos e penedías.
- Aumento da superficie de arboredo novo moi denso (piñeiros novos), especialmente na beira esquerda do río Deique.
- Aumento da superficie ocupada por vexetación de leñosas exóticas, fundamentalmente *Acacia melanoxylon* e, en menor medida *Eucalyptus globulus*.
- Aumento da cobertura do sotobosque de leñosas exóticas.

1.5.8 RECURSOS CULTURAIS

Distintas teorías sitúan no monte Aloia o antigo emprazamento da poboación de Tui. A primeira cita sobre o citado emprazamento proporciónaa Fray Antonio de Sandoval no seu escrito "*Antigüedad de la ciudad e iglesia catedral de Tuy*", (Braga, 1610), baseada nun documento de 1095, polo que don Ramón e dona Urraca, irmá de Alfonso VI, sinalan a delimitación do couto de Tui: "...venitur in Castrum et ad montem Aloie ubi fuit civitas antiquitus condita et ubi sunt reliquie sancti Iuliani reposite...". Aínda que a cita parece clara, debe ser un erro de apreciación do autor do documento, xa que no monte Aloia non se atopou vestixio ningún, a pesar de atoparse amurallado nunha extensión de 2 km. Baseados nisto, diversos historiadores sitúan neste lugar o *Mons Medulis* que cita Paulo Orosio. O investigador Schulten realizou diversas prospeccións nas que non encontrou vestixios de hábitat e xustificou a existencia da muralla como medio de protección e defensa nos momentos de evacuación da cidade durante as distintas invasións. Outro lugar que os historiadores contemplaron inicialmente como antigo emprazamento de Tui foi o castro denominado Cabeza de Francos ou castro do Alto dos Cubos, situado na ladeira do monte Aloia, lugar de Frinxo (Pazos de Reis). A pesar de que se comprobou o seu hábitat permanente, a súa reducida identidade motivou desestimar a posibilidade de que albergara unha cidade da importancia de Tui en época romana.

Como elementos do patrimonio histórico-artístico e etnográfico presentes no Parque Natural pódese destacar;

- **Fortaleza do Monte Aloia:** Punto incluído no "*Inventario do Patrimonio Cultural da Provincia de Pontevedra*". Conxunto defensivo do cal o documento histórico máis antigo do que se ten coñecemento data do ano 1095. Trátase dun amplo recinto fortificado (muralla ciclópea) que polo seu perímetro pode considerarse como o de maior extensión das fortificacións coñecidas en Galicia. "... de las observaciones realizadas durante el trabajo de campo, se extrae que sí existen restos de estructuras lineales que se podrían identificar como murallas, pero que sus características no responden a un planteamiento defensivo unitario, sino que aparecen como tres elementos diferenciados, al menos en esta fase y hasta que se hayan llevado a cabo estudios de mayor profundidad."
- **Castro Cabeza de Francos (Alto dos Cubos):** Poboado (séculos III a. C.-III d. C.) cunha superficie de 10.000 metros cadrados. Edificio defensivo que forma parte dun conxunto de castros situados estratexicamente a certa distancia da fortaleza do monte Aloia, entre os que se atopan o castro de Costal en Ribadelouro, o castro do Castelo en Tui e o castro das

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

Pedras Brancas.

- **Muíños de pedra:** Trátase de antigos muíños de auga, localizados no curso do río Deique, no lugar de Paredes e no curso do río Tripes, augas arriba a partir do lugar de Circos. Neste último río, os muíños aínda conservan os nomes polos que eran coñecidos: “muíño da ponte”, “muíño da cerdeira” e “muíño de Benito”.
- **Capela de San Xiao:** reconstruída a principios do século XVIII sobre un templo románico. Celébranse as romarías populares en honor a San Xiao e á Virxe das Angustias.
- **Capela de San Fins:** onde o primeiro domingo de agosto se celebra unha romaría de gran tradición popular.
- **Vía Crucis:** que culmina na gran cruz (1910) situada no alto de San Xiao.
- **Casa forestal:** (1921), de deseño singular realizado polo enxeñeiro Rafael Areses, e onde na actualidade se localiza o centro de interpretación do Parque Natural.
- **Cama do santo:** A pesar de non ser unha construción, trátase dunha formación rochosa singular ao nivel do solo na que, segundo a lenda, descansaba San Xiao.
- **Petroglifos:** Os petroglifos son unha das singularidades da paisaxe da provincia de Pontevedra e están declarados Monumentos Histórico-Artísticos polo Decreto 3741/1974 de 20 de decembro.

1.6 HÁBITATS DE INTERESE PARA A CONSERVACIÓN

1.6.1 INVENTARIO DE HÁBITATS DE INTERESE DO PARQUE NATURAL

O Anexo I da Directiva Hábitats (92/43/CEE) inclúe 231 tipos de hábitats de interese comunitario, dos que 72 tipos son considerados como hábitats prioritarios. En Galicia estarían presentes 72 hábitats de interese comunitario, dos cales 18 son considerados como prioritarios.

O Parque Natural alberga, nove tipos de hábitats naturais de interese comunitario relacionados no anterior PRUX.

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

Código	Tipo de hábitat
4030	Queirogais secos europeos
6510	Prados de sega de baixa altitude
8220	Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica
8230	Rochedos silíceos con vexetación pioneira
3260	Ríos dos pisos basal a montano
5230*	Matogueiras arborescentes de <i>Laurus nobilis</i>
6220*	Pseudoestepas de gramíneas e anuais da orde Thero-Brachypodietea
6430	Megaforbios éutrofos higrófilos das orlas de chairas e dos pisos montano a alpino.
9230	Carballeiras galaico-portuguesas con <i>Quercus robur</i> e <i>Q. pyrenaica</i>

Táboa 2: Tipos de hábitat no anterior PRUX

Os traballos de campo desenvolvidos no curso da redacción do presente documento confirman a presenza dos seguintes:

Queirogais secos europeos (4030); Prados de sega de baixa altitude (6510); Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica (8220) e Rochedos silíceos con vexetación pioneira (8230) aos que se lles podería engadir: Bosques de *Ilex Aquifolium* (9380).

Código	Tipo de hábitat de presenza segura confirmada no campo
4030	Queirogais secos europeos
6510	Prados de sega de baixa altitude
8220	Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica
8230	Rochedos silíceos con vexetación pioneira
9380	Bosques de <i>Ilex aquifolium</i>

Táboa 3: Tipo de hábitat de presenza segura no Parque Natural

4030 Queirogais secos europeos.

Inclúense neste tipo todos os queirogais ibéricos e baleáricos. Danse dende o nivel do mar ata uns 1900 m de altitude, en solos ácidos, a menudo substituíndo a carballeiras, reboleiras, piñeirais, sobreirais ou aciñeirais. Son formacións arbustivas, a menudo densas, de talla media a baixa, con especies dos xéneros *Erica*, *Calluna*, *Cistus* ou *Ulex*. Tódolos matos de uces, toxos e quierugas do Parque Natural pertencen a este tipo de hábitat.

6510 Prados de sega de baixa altitude (*Alopecurus pratensis*, *Sanguisorba officinalis*).

Distribuído sobre todo nas zonas basales e montanas da metade norte da Península, especialmente na Cornixa Cantábrica e Pireneos, aínda que son relativamente comúns na submeseta norte. Son prados desenvolvidos sobre solos profundos, case sempre neutros ou básicos, abonados con esterco ou pisados e fertilizados directamente polo gando, e que tradicionalmente foron aproveitados mediante sega e henificación. Trátase de prados densos,

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

que cobren todo o solo, con alturas de varios decímetros. Este hábitat atópase escásamente representado no Parque Natural, asociado aos terreos con uso agrícola do redor das aldeas e núcleos habitados das zonas baixas.

8220 Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica

A vexetación destes hábitats está formada por plantas perennes fixadas ás fendas e fisuras das rochas. Tipo de hábitat propio dos afloramentos de rochas silíceas e compactas de toda a Península Ibérica, especialmente da metade occidental. É posible atopar representacións deste hábitat na gran maioría dos penedos do Parque.

8230 Rochedos silíceos con vexetación pioneira do *Sedo-Scleranthion* o do *Sedo albi-Veronicion dillenii*/*Veronicion dillenii*.

Distribúense por todos os sistemas montañosos silíceos da Península Ibérica. Nas superficies rochosas horizontais xéranse ás veces solos incipientes derivados da meteorización da rocha nai e caracterizados pola súa limitada capacidade de retención hídrica. Este hábitat, amplamente distribuído polo Parque Natural, vai asociado ás zonas de morfoloxía solo de rochedos e penedos. A súa flora característica inclúe plantas crasas de pequeno tamaño resistentes á seca.

9380 Bosques de *Ilex Aquifolium*

As acebedas en España forman pequenos bosquetes, moitas veces baixo o dosel arbóreo doutras especies de maior porte, ademáis, adoitan formar rodais tanto fora como no seo doutros bosques. O acivro ten unha distribución europea atlántica e meridional, sen entrar demasiado ao interior do continente, atópándose en zonas montañosas da metade norte da Península Ibérica.

A presenza no Monte Aloia do resto de hábitats citados no PORN e no anterior PRUX é nalgúns casos dubidosa ou mesmo improbable polas cuestións que se espoñen:

Código	Tipo de hábitat
	Hábitats naturais de interese europeo de dubidosa presenza no Parque Natural
3260	Ríos dos pisos basal a montano
5230*	Matogueiras arborescentes de <i>Laurus nobilis</i>
6220*	Pseudoestepas de gramíneas e anuais da orde <i>Thero-Brachypodietea</i>
6430	Megaforbios éutrofos higrófilos das orlas de chairas e dos pisos montano a alpino.
9230	Carballeiras galaico-portuguesas con <i>Quercus robur</i> e <i>Q. pyrenaica</i>

Táboa 4: Tipos de hábitats de presenza dubidosa no Parque Natural

3260 Ríos dos pisos basal a montano con vexetación de *Ranunculion fluitantis* y de *Callitricho-Batrachion*.

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

Os regatos que compoñen a rede hidrolóxica do Parque Natural son pequenos de máis e presentan características propias dos tramos altos polo que non ofrecen condicións axeitadas para o establecemento deste tipo de hábitat.

5230* Matogueiras arborescentes de *Laurus nobilis*.

Aínda que o loureiro está amplamente distribuído no Parque Natural non existen extensións apreciables de matogueira de loureiro.

6220* Pseudoestepas de gramíneas e anuais da *Thero-Brachypodietea*

A presenza deste tipo de hábitat no Monte Aloia é improbable xa que é propio de áreas nas que se dan condicións máis secas e continentais.

6430 Megaforbios eútrofos higrófilos das orlas de chairas e dos pisos montano a alpino.

O Parque Natural non acada a altitude suficiente como para acoller os pisos de vexetación que lle son propios a este hábitat.

9230 Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Q. pirenaica*.

É dubidoso que no Monte Aloia existan as reboleiras puras ou mesturadas con carballos que constitúen este hábitat.

Compre, xa que logo, actualizar o inventario de hábitats de interese europeo do Monte Aloia e máis proceder a súa cartografía.

1.6.2 CONSERVACIÓN DOS HÁBITATS DE INTERESE NO PARQUE NATURAL

1.6.2.1 MARCO PREVIO

Os hábitats no seu conxunto experimentan a miúdo degradacións provocadas por causas naturais ou, o que é máis frecuente, pola man dos seres humanos. Identificar primeiro as ameazas e impactos que actúan sobre os hábitats e o grao de afectación destes, sintetizar os obxectivos para lograr un estado de conservación aceptable dos mesmos, definir as actuacións a implementar e deseñar un calendario de seguimento do éxito de ditas actuacións, son os pasos clave para lograr unha conservación efectiva destes elementos naturais do .

1.6.2.2 AMEAZAS AOS HÁBITATS

Segundo a International Union for Conservation of Nature, existen globalmente 12 grandes tipos (con varios subtipos) de ameazas para as especies, que se poden facer extensibles para os hábitats. Márcanse nesta lista en *cursiva* os tipos e en **grosa** os subtipos que son representativos para o Parque Natural:

1 *Desenvolvemento residencial e comercial*

1.1 **Vivenda e áreas urbanas**

1.2 Áreas comerciais e industriais.

1.3 **Áreas de turismo e lecer**

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

- 2 *Agricultura e acuicultura*
 - 2.1 *Cultivos anuais e perennes non maderables*
 - 2.1.1 Cambios agrícolas**
 - 2.1.2 Agricultura a pequena escala
 - 2.1.3 Agroindustria
 - 2.1.4 Escala descoñecida / non rexistrada
 - 2.2 *Plantas de madeira e celulosa*
 - 2.2.1 Plantacións pequenas
 - 2.2.2 Plantacións agroindustriais**
 - 2.2.3 Escala descoñecida / Non rexistrada
 - 2.3 *Gandería e explotación agrícola*
 - 2.3.1 Pasto nómade
 - 2.3.2 Pastoreo, explotación gandeira ou agricultura de pequeno porte**
 - 2.3.3 Agroindustria de pastoreo, grandes explotacións gandeiras ou agrícolas
 - 2.3.4 Escala descoñecida / non rexistrada
 - 2.4 *Acuicultura mariña e de auga doce*
 - 2.4.1 Acuicultura de subsistencia ou artesanal
 - 2.4.2 Acuicultura industrial
 - 2.4.3 Escala descoñecida / non rexistrada
- 3 *Produción de enerxía e minería*
 - 3.1 Perforación de petróleo e gas
 - 3.2 Minería e cantería
 - 3.3 Enerxías renovables
- 4 *Corredores de transporte e servizos*
 - 4.1 Estradas e ferrocarrís**
 - 4.2 Liñas de servizos**
 - 4.3 Pistas de transporte
 - 4.4 Rutas aéreas
- 5 *Uso de recursos biolóxicos*
 - 5.1 *Caza e captura de animais terrestres*
 - 5.1.1 Uso intencional de especies
 - 5.1.2 Efectos non intencionais sobre as especies**
 - 5.1.3 Persecución / control
 - 5.1.4 Motivación descoñecida / Non rexistrada
 - 5.2 *Recollida de plantas terrestres*
 - 5.2.1 Uso intencional sobre as especies
 - 5.2.2 Efectos non intencionais sobre as especies**
 - 5.2.3 Persecución / control**
 - 5.2.4 Motivación descoñecida / Non rexistrada
 - 5.3 *Talas e recolección de madeira*
 - 5.3.1 Uso intencional sobre as especies: subsistencia / pequena escala
 - 5.3.2 Uso intencional sobre as especies a grande escala**
 - 5.3.3 Efectos non intencionais sobre as especies: subsistencia / pequena escala**
 - 5.3.4 Efectos non intencionais sobre as especies a gran escala
 - 5.3.5 Motivación descoñecida / Non rexistrada

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

- 5.4 Pesca e colleita de recursos acuáticos
 - 5.4.1 Uso intencional sobre as especies: subsistencia / pequena escala
 - 5.4.2 Uso intencional sobre as especies a grande escala
 - 5.4.3 Efectos non intencionais sobre as especies: subsistencia / pequena escala
 - 5.4.4 Efectos non intencionais sobre as especies a gran escala
 - 5.4.5 Persecución / control
 - 5.4.6 Motivación descoñecida / Non rexistrada
- 6 *Intrusións e perturbacións humanas*
 - 6.1 Actividades recreativas**
 - 6.2 Conflitos e exercicios militares
 - 6.3 Traballo e outras actividades**
- 7 *Modificacións do sistema natural*
 - 7.1 *Incendios e control dos mesmos*
 - 7.1.1 Aumento da frecuencia / intensidade do lume**
 - 7.1.2 Control en frecuencia / intensidade de lume**
 - 7.1.3 Tendencia descoñecida / Non rexistrada
 - 7.2 *Presas e xestión ou uso da auga*
 - 7.2.1 Captación da auga superficial (uso doméstico)**
 - 7.2.2 Captación da auga superficial (uso comercial)
 - 7.2.3 Captación da auga superficial (uso agrícola)**
 - 7.2.4 Captación da auga superficial (uso descoñecido)
 - 7.2.5 Captación de augas subterráneas (uso doméstico)
 - 7.2.6 Captación de augas subterráneas (uso comercial)
 - 7.2.7 Captación de augas subterráneas (uso agrícola)
 - 7.2.8 Captación de augas subterráneas (uso descoñecido)
 - 7.2.9 Pequenas presas
 - 7.2.10 Grandes presas
 - 7.2.11 Presas (tamaño descoñecido)
 - 7.3 Outras modificacións do ecosistema
- 8 *Especies invasoras e outras especies problemáticas, contaminación xenética e doenzas*
 - 8.1 *Especies / enfermidades invasoras non nativas*
 - 8.1.1 Especies non determinadas**
 - 8.1.2 Especies determinadas**
 - 8.2 *Especies / enfermidades nativas problemáticas*
 - 8.2.1 Especies non determinadas
 - 8.2.2 Especies determinadas
 - 8.3 *Material xenético introducido*
 - 8.4 *Especies / enfermidades problemáticas de orixe descoñecida*
 - 8.4.1 Especies non especificadas
 - 8.4.2 Mesma especie
 - 8.5 *Enfermidades virais / priónicas*
 - 8.5.1 "Especie" (enfermidade) non especificada
 - 8.5.2 Mesma "especie" (enfermidade)
 - 8.6 *Enfermidades de causa descoñecida*

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

- 9 *Contaminación*
 - 9.1 Augas residuais domésticas e urbanas
 - 9.1.1 Sumidoiros
 - 9.1.2 Verteduras
 - 9.1.3 Tipo descoñecido / non rexistrado
 - 9.2 Efluentes industriais e militares
 - 9.2.1 Derrames de petróleo
 - 9.2.2 Residuos da minería
 - 9.2.3 Tipo descoñecido / non rexistrado
 - 9.3 *Efluentes agrícolas e forestais*
 - 9.3.1 Cargas de nutrientes**
 - 9.3.2 Erosión do solo, sedimentación**
 - 9.3.3 Herbicidas e pesticidas**
 - 9.3.4 Tipo descoñecido / non rexistrado
 - 9.4 Lixo e residuos sólidos**
 - 9.5 Contaminantes aéreos
 - 9.5.1 Choiva ácida
 - 9.5.2 Smog
 - 9.5.3 Ozono
 - 9.5.4 Tipo descoñecido / non rexistrado
 - 9.6 Exceso de enerxía
 - 9.6.1 Contaminación lumínica
 - 9.6.2 Contaminación térmica
 - 9.6.3 Contaminación acústica
 - 9.6.4 Tipo descoñecido / non rexistrado
- 10 Eventos xeolóxicos
 - 10.1 Volcáns
 - 10.2 Terremotos / tsunamis
 - 10.3 Avalanchas / deslizamentos de terra
- 11 *Cambio climático e clima severo*
 - 11.1 Cambio e alteración do hábitat**
 - 11.2 Secas
 - 11.3 Extremos de temperatura
 - 11.4 Tempestades e inundacións
 - 11.5 Outros impactos
- 12 Outras opcións
 - 12.1 Outra ameaza

1.7 ESPECIES DE INTERESE PARA A CONSERVACIÓN

Para establecer as especies de interese do Parque téñense en conta fundamentalmente os taxones que figuran:

(a) nos anexos II (Especies animais e vexetais de interese comunitario para cuxa conservación é necesario designar zonas especiais de conservación) e IV (Especies animais e vexetais de interese comunitario que requiren unha protección estrita) da Directiva 92/43/CEE, do consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

silvestres.

(b) no anexo I da Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de novembro de 2009, relativa á conservación das aves silvestres;

(c) no Catálogo Español de Especies Silvestres Ameazadas (CEEAA); e

(d) no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA).

1.7.1 DIRECTIVAS EUROPEAS

O *Narcissus triandrus* é a única especie de flora que figura nos dous Anexos de referencia da Directiva Hábitats. Entre os animais, os grupos con maior contribución de especies de interese corresponden aos invertebrados, hérpetos, aves e mamíferos. Pola contra, entre os peixes soamente se constata a presenza de pequenas poboacións de *Achondrostoma arcasii*, tipificada no anexo II da Directiva Hábitats.

Das seis especies de invertebrados incluídas no anexo II da Directiva Hábitats, dúas atópanse no Catálogo Español de Especies Silvestres Ameazadas (CEEAA), *Lucanus cervus* e *Elona quimperiana*.

A *Rana iberica* se encontra catalogada no Anexo IV, mentres que *Discoglossus galganoi* e *Lacerta schreiberi* están incluídas no anexo II da Directiva Hábitats.

A importancia das aves no conxunto de especies de interese para a conservación do Parque Natural queda patente pola inclusión de máis de cincuenta especies na categoría de interese especial do CEEAA. Delas, seis especies aparecen tipificadas no anexo I da Directiva Hábitats.

Dúas especies de mamíferos (*Myotis myotis*, *Rhinolophus ferrumequinum*) están incluídas no anexo II da Directiva Hábitats e mais son consideradas como vulnerables tanto no CEEAA coma no CGEA. *Galemys pyrenaicus*, e *Rhinolophus hipposideros*, están incluídos no anexo II da Directiva Hábitats e tipificadas como vulnerables no CGEA e de interese especial no CEEAA. Finalmente, debe resaltarse a presenza de *Lutra lutra*, especie incluída no anexo II e IV da Directiva Hábitats.

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

	Anexos Directiva Hábitats			Anexos Directiva Aves
	II	IV	V	I
FLORA				
<i>Narcissus bulbocodium</i>			*	
<i>Narcissus triandrus</i>	*	*		
INVERTEBRADOS				
<i>Coenagrion mercuriale</i>	*			
<i>Lucanus cervus</i>	*			
<i>Elona quimperiana</i>	*	*		
PEIXES				
<i>Achondrostoma arcasii</i>	*			
ANFIBIOS				
<i>Alytes obstetricans</i>		*		
<i>Epidalea calamita</i>		*		
<i>Chioglossa lusitanica</i>	*	*		
<i>Discoglossus galganoi</i>	*	*		
<i>Rana iberica</i>		*		
<i>Pelophylax perezi</i>			*	
<i>Triturus marmoratus</i>		*		
RÉPTILES				
<i>Lacerta schreiberi</i>	*	*		
<i>Coronella austriaca</i>		*		
AVES				
<i>Alcedo atthis</i>				*
<i>Caprimulgus europaeus</i>				*
<i>Falco peregrinus</i>				*
<i>Lullula arborea</i>				*
<i>Pernis apivorus</i>				*
<i>Sylvia undata</i>				*
MAMÍFEROS				
<i>Galemys pyrenaicus</i>	*	*		
<i>Genetta genetta</i>			*	
<i>Lutra lutra</i>	*	*		
<i>Mustela putorius</i>			*	
<i>Myotis myotis</i>	*			
<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>	*			
<i>Rhinolophus hipposideros</i>	*			

Táboa 5: Relación de especies dos anexos de referencia da Directiva Hábitats (92/43/CEE. Revisión vixente dende 01 de Xullo de 2013) e da Directiva Aves (2009/147/CE) presentes no Parque Natural

Na seguinte táboa se desenvolven as especies das que non se ten probada a súa existencia e

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

polo tanto deberían ser obxecto de estudo.

	Anexos Directiva Hábitats			Anexos Directiva Aves
	II	IV	V	I
INVERTEBRADOS				
<i>Euphydryas aurinia</i>	*			
<i>Geomalacus maculosus</i>	*	*		
<i>Oxygastra curtisii</i>	*	*		

Táboa 6: Especies das que non se ten probada a súa existencia no Parque Natural. Directiva Hábitats (92/43/CEE. Revisión vixente dende 01 de Xullo de 2013) e da Directiva Aves (2009/147/CE)

1.7.2 CATÁLOGO ESPAÑOL DE ESPECIES SILVESTRES AMEAZADAS

Un catálogo de especies ameazadas é unha ferramenta de conservación que recolle aquelas especies de flora e fauna que presentan, nun ou outro grao, algún tipo de ameaza para a súa supervivencia. A nivel nacional, a Lei 42/2007 (modificada pola Lei 33/2015), do Patrimonio Natural e da Biodiversidade establece a Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial e o Catálogo Español de Especies Silvestres Ameazadas (Real Decreto 139/2011, do 4 de febreiro e as súas modificacións: Orde AAA/75/2012, do 12 de xaneiro; Orde AAA/1771/2015, do 31 de agosto e Orde AAA/1351/2016, do 29 de xullo). De acordo con este catálogo ningunha das especies do Parque Natural encóntrase en perigo de extinción e só tres especies de mamíferos e un anfibio califícanse na categoría de vulnerables:

	CEEA	
	En Perigo de Extinción	Vulnerables
ANFIBIOS		
<i>Chioglossa lusitanica</i>		*
MAMÍFEROS		
<i>Galemys pyrenaicus</i>		*
<i>Myotis myotis</i>		*
<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>		*

Táboa 7: Especies do Parque Natural catalogadas como vulnerables no CEEA

Na seguinte táboa se desenvolven as especies das que non se ten probada a súa existencia e polo tanto deberían ser obxecto de estudo.

	CEEA	
	En Perigo de Extinción	Vulnerables
INVERTEBRADOS		
<i>Oxygastra curtisii</i>		*

Táboa 8: Especies das que non se ten probada a súa existencia no Parque Natural. CEEA

1.7.3 CATÁLOGO GALEGO DE ESPECIES AMEAZADAS

O Decreto 88/2007 do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA), modificado e actualizado polo Decreto 167/2011, do 4 de agosto, ten por obxecto a regulación deste Catálogo, creado pola Lei 5/2019, do 2 de agosto, de conservación da natureza, así como o desenvolvemento das previsións sobre o catálogo contidas nesta lei. A finalidade é evitar a perda da diversidade biolóxica en todas as súas formas, xa sexa xenética, de individuos ou de especies. De acordo co disposto no artigo 91 da Lei 5/2019, as especies que se inclúan no dito catálogo deberán clasificarse nalgunha das seguintes categorías:

- a) En perigo de extinción: reservada para aquelas cuxa supervivencia é pouco probable se os factores causantes da súa actual situación seguen actuando.
- b) Sensibles á alteración do seu hábitat: referida a aquelas cun hábitat característico particularmente ameazado, en grave recesión, fraccionado ou moi limitado.
- c) Vulnerables: destinada a aquelas que corren perigo de pasar ás categorías anteriores nun futuro inmediato se os factores adversos que actúan sobre elas non son corrixidos.
- d) De interese especial: aquelas outras merecedoras de catalogación e que teñan un grao de ameaza insuficientemente coñecido.

En total, sete especies do Parque Natural figuran recollidas no CGEA, unha das, o caracol de Quimper en perigo de extinción e as seis restantes como vulnerables.

	CGEA	
	En Perigo de Extinción	Vulnerables
INVERTEBRADOS		
<i>Elona quimperiana</i>	*	
ANFIBIOS		
<i>Chioglossa lusitanica</i>		*
<i>Rana iberica</i>		*
MAMÍFEROS		
<i>Galemys pyrenaicus</i>		*
<i>Myotis myotis</i>		*
<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>		*
<i>Rhinolophus hipposideros</i>		*

Táboa 9: Especies do Parque Natural figuran recollidas no CGEA

Especies das que non se ten probada a súa existencia e polo tanto deberían ser obxecto de estudo.

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

	CGEA	
	En Perigo de Extinción	Vulnerables
INVERTEBRADOS		
<i>Oxygastra curtisii</i>		*

Táboa 10: Especies das que non se ten probada a súa existencia no Parque Natural. CGEA

1.7.4 CONSERVACIÓN DAS ESPECIES DE INTERESE NO PARQUE NATURAL:

1.7.4.1 AMEAZAS ÁS ESPECIES

Seguindo o esquema do apartado dos hábitats, considéranse os seguintes tipos e subtipos de ameazas ás especies representativos para o Parque Natural (IUCN, 2018). Márcanse nesta lista en *cursiva* os tipos e en **grosa** os subtipos que son representativos para o Parque Natural:

- 1 *Desenvolvemento residencial e comercial*
 - 1.1 **Vivenda e áreas urbanas**
 - 1.2 Áreas comerciais e industriais.
 - 1.3 **Áreas de turismo e lecer**
- 2 *Agricultura e acuicultura*
 - 2.1 *Cultivos anuais e perennes non maderables*
 - 2.1.1 **Cambios agrícolas**
 - 2.1.2 Agricultura a pequena escala
 - 2.1.3 Agroindustria
 - 2.1.4 Escala descoñecida / non rexistrada
 - 2.2 *Plantas de madeira e celulosa*
 - 2.2.1 **Plantacións pequenas**
 - 2.2.2 **Plantacións agroindustriais**
 - 2.2.3 Escala descoñecida / Non rexistrada
 - 2.3 *Gandería e explotación agrícola*
 - 2.3.1 Pasto nómade
 - 2.3.2 **Pastoreo, explotación gandeira ou agricultura de pequeno porte**
 - 2.3.3 Agroindustria de pastoreo, grandes explotacións gandeiras ou agrícolas
 - 2.3.4 Escala descoñecida / non rexistrada
 - 2.4 *Acuicultura mariña e de auga doce*
 - 2.4.1 Acuicultura de subsistencia ou artesanal
 - 2.4.2 Acuicultura industrial
 - 2.4.3 Escala descoñecida / non rexistrada
- 3 *Produción de enerxía e minería*
 - 3.1 Perforación de petróleo e gas
 - 3.2 Minería e cantería
 - 3.3 Enerxías renovables
- 4 *Corredores de transporte e servizos*
 - 4.1 **Estradas e ferrocarrís**
 - 4.2 **Liñas de servizos**

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

- 4.3 Pistas de transporte
- 4.4 Rutas aéreas
- 5 *Uso de recursos biolóxicos*
 - 5.1 *Caza e captura de animais terrestres*
 - 5.1.1 Uso intencional de especies
 - 5.1.2 Efectos non intencionais sobre as especies**
 - 5.1.3 Persecución / control**
 - 5.1.4 Motivación descoñecida / Non rexistrada
 - 5.2 *Recollida de plantas terrestres*
 - 5.2.1 Uso intencional sobre as especies
 - 5.2.2 Efectos non intencionais sobre as especies**
 - 5.2.3 Persecución / control**
 - 5.2.4 Motivación descoñecida / Non rexistrada
 - 5.3 *Talas e recolección de madeira*
 - 5.3.1 Uso intencional sobre as especies: subsistencia / pequena escala
 - 5.3.2 Uso intencional sobre as especies a grande escala**
 - 5.3.3 Efectos non intencionais sobre as especies: subsistencia / pequena escala**
 - 5.3.4 Efectos non intencionais sobre as especies a gran escala
 - 5.3.5 Motivación descoñecida / Non rexistrada
 - 5.4 *Pesca e colleita de recursos acuáticos*
 - 5.4.1 Uso intencional sobre as especies: subsistencia / pequena escala
 - 5.4.2 Uso intencional sobre as especies a grande escala
 - 5.4.3 Efectos non intencionais sobre as especies: subsistencia / pequena escala
 - 5.4.4 Efectos non intencionais sobre as especies a gran escala
 - 5.4.5 Persecución / control
 - 5.4.6 Motivación descoñecida / Non rexistrada
- 6 *Intrusións e perturbacións humanas*
 - 6.1 Actividades recreativas**
 - 6.2 Conflitos e exercicios militares
 - 6.3 Traballo e outras actividades**
- 7 *Modificacións do sistema natural*
 - 7.1 *Incendios e control dos mesmos*
 - 7.1.1 Aumento da frecuencia / intensidade do lume**
 - 7.1.2 Control en frecuencia / intensidade de lume**
 - 7.1.3 Tendencia descoñecida / Non rexistrada
 - 7.2 *Presas e xestión ou uso da auga*
 - 7.2.1 Captación da auga superficial (uso doméstico)**
 - 7.2.2 Captación da auga superficial (uso comercial)
 - 7.2.3 Captación da auga superficial (uso agrícola)**
 - 7.2.4 Captación da auga superficial (uso descoñecido)
 - 7.2.5 Captación de augas subterráneas (uso doméstico)
 - 7.2.6 Captación de augas subterráneas (uso comercial)
 - 7.2.7 Captación de augas subterráneas (uso agrícola)
 - 7.2.8 Captación da augas subterráneas (uso descoñecido)

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

- 7.2.9 Pequenas presas
- 7.2.10 Grandes presas
- 7.2.11 Presas (tamaño descoñecido)
- 7.3 Outras modificacións do ecosistema
- 8 *Especies invasoras e outras especies problemáticas, contaminación xenética e doenzas*
 - 8.1 *Especies / enfermidades invasoras non nativas*
 - 8.1.1 Especies non determinadas**
 - 8.1.2 Especies determinadas**
 - 8.2 *Especies / enfermidades nativas problemáticas*
 - 8.2.1 *Especies non determinadas*
 - 8.2.2 Especies determinadas**
 - 8.3 *Material xenético introducido*
 - 8.4 *Especies / enfermidades problemáticas de orixe descoñecida*
 - 8.4.1 *Especies non especificadas*
 - 8.4.2 *Mesma especie*
 - 8.5 *Enfermidades virais / priónicas*
 - 8.5.1 *"Especie" (enfermidade) non especificada*
 - 8.5.2 *Mesma "especie" (enfermidade)*
 - 8.6 *Enfermidades de causa descoñecida*
- 9 *Contaminación*
 - 9.1 *Augas residuais domésticas e urbanas*
 - 9.1.1 *Sumidoiros*
 - 9.1.2 *Verteduras*
 - 9.1.3 *Tipo descoñecido / non rexistrado*
 - 9.2 *Efluentes industriais e militares*
 - 9.2.1 *Derrames de petróleo*
 - 9.2.2 *Residuos da minería*
 - 9.2.3 *Tipo descoñecido / non rexistrado*
 - 9.3 *Efluentes agrícolas e forestais*
 - 9.3.1 Cargas de nutrientes**
 - 9.3.2 Erosión do solo, sedimentación**
 - 9.3.3 Herbicidas e pesticidas**
 - 9.3.4 *Tipo descoñecido / non rexistrado*
 - 9.4 Lixo e residuos sólidos**
 - 9.5 *Contaminantes aéreos*
 - 9.5.1 *Choiva ácida*
 - 9.5.2 *Smog*
 - 9.5.3 *Ozono*
 - 9.5.4 *Tipo descoñecido / non rexistrado*
 - 9.6 *Exceso de enerxía*
 - 9.6.1 Contaminación lumínica**
 - 9.6.2 *Contaminación térmica*
 - 9.6.3 *Contaminación acústica*
 - 9.6.4 *Tipo descoñecido / non rexistrado*
- 10 *Eventos xeolóxicos*

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

- 10.1 Volcáns
- 10.2 Terremotos / tsunamis
- 10.3 Avalanchas / deslizamentos de terra
- 11 *Cambio climático e clima severo*
 - 11.1 Cambio e alteración do hábitat**
 - 11.2 Secas
 - 11.3 Extremos de temperatura
 - 11.4 Tempestades e inundacións
 - 11.5 Outros impactos
- 12 Outras opcións
 - 12.1 Outra ameaza

1.8 ESPECIES EXÓTICAS INVASORAS

1.8.1 CONTEXTO LEGAL

No Real Decreto 630/2013, de 2 de agosto, polo que se regula o Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras, artigo 8, punto 1 establece que: *“As comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla e a Administración Xeral do Estado, no marco das súas competencias, realizarán o seguimento xeral das especies exóticas con potencial invasor, talo como determina el artigo 61.4 da Lei 42/2007, do 13 de decembro. Para elo, establecerán unha relación indicativa na que se inclúan as especies exóticas para as que, polas súas especiais circunstancias, sexa aconsellable manter un maior nivel de control e vixilancia, co fin de propor, chegado o caso, a súa inclusión no catálogo”.*

Así mesmo, o artigo 10 establece que: *“As administracións competentes adoptarán, no seu caso, as medidas de xestión, control e posible erradicación das especies incluídas no catálogo. No marco de estratexias, plans e campañas de control e erradicación, as administracións competentes poderán autorizar a posesión e o transporte temporais de exemplares de estas especies hasta o lugar da súa eliminación do medio natural, proceso que haberá de realizarse no menor prazo posible e de acordo co a lexislación sectorial sobre esta materia”.*

E o artigo 16 establece o contido das estratexias de xestión e control e posible erradicación: *“As estratexias terán, polo menos, o seguinte contido:*

- a. Definición da especie o especies obxectivo e diagnóstico da súa problemática.*
- b. Análises de riscos.*
- c. Análises de vías de entrada.*
- d. Medidas de actuación e definición da estratexia a seguir: xestión, control e posible erradicación.*
- e. Distribución e abundancia.*
- f. Actuacións de coordinación entre as diferentes administracións públicas.*
- g. Actuacións de seguimento da eficacia de aplicación da estratexia.*
- h. Actuacións de sensibilización e educación ambiental sobre a problemática de especies exóticas invasoras.*
- i. Análises económico dos custos da aplicación da estratexia sobre terceiros ou instalacións afectadas de forma involuntaria pola presenza de especies exóticas invasoras”.*

1.8.2 ESPECIES EXÓTICAS PRESENTES NO PARQUE NATURAL

A limitación de información documental existente na actualidade sobre especies exóticas invasoras en Galicia, escasa e desigual entre diferentes grupos taxonómicos, sublíñase no referente á distribución e abundancia das especies invasoras nos espazos naturais da Rede Galega de espazos protexidos.

No Parque Natural existe información sobre a biodiversidade de especies de diversos grupos de flora e fauna, incluíndo un atlas de héreptos, un catálogo de flora vascular (Blanco-Dios et al., 2000) e mesmo un atlas de flora vascular exótica (Atlas de flora vascular exótica, Arcea, 2006). En total, están rexistradas 48 especies de flora exóticas (alén doutras cultivadas), 18 das invasoras, todas elas plantas vasculares. Como invasora destaca, pola superficie ocupada e perigosidade, a *Acacia dealbata*. Mencionar que aínda que no Real Decreto 630/2013, do 2 de agosto, polo que se regula o Catálogo español de especies exóticas invasoras, a *Acacia melanoxylon* non é considerada invasora, na actualidade existen numerosos brotes e manchas de individuos distribuídos polo Parque Natural. Puntualmente, e principalmente asociadas a núcleos rurais, aparecen, *Aster squamatus*, *Buddleia davidii*, *Conyza canadensis*, *Cortaderia selloana*, *Cyperus eragrostis*, *Oxalis pes-caprae*, *Phytolacca americana*, *Robinia pseudoacacia*, *Stenotaphrum secundatum*, *Tradescantia fluminensis* e *Vinca difformis*. Outras 19 son invasoras potenciais: *Acacia decurrens*, *Amaranthus retroflexus*, *Erigeron karvinskianus*, *Gamochaeta spicata*, *Hakea salicifolia*, *H. sericea*, *Helychrysum foetidum*, *Ipomoea purpurea*, *Lonicera japonica*, *Opuntia maxima*, *Pittosporum tobira*, *P. undulatum*, *Prunus serotina*, *Pseudotsuga menziesii*, *Quercus rubra*, *Soliva pterosperma*, e *Zantedeschia aethiopica*, ademais de *Setaria* sp. Aínda que non dispoñan de hábitats axeitados, este espazo é sensible a invasión de animais exóticos invasores que existen no seu entorno, como o cangrexo de río americano (*Procambarus clarkii*), a tartaruga de Florida (*Trachemys scripta*) ou o visón americano (*Mustela vison*) entre outros.

No caso do Monte Aloia, as principais vías de entrada de flora invasora veñen dadas pola presenza de núcleos habitados na súa contorna inmediata e polo uso forestal de gran parte da súa superficie o que implica o uso de maquinaria posiblemente contaminada por sementes e propágulos.

As contornas habitadas son fonte de flora ornamental e de flora asociada aos cultivos. En canto á silvicultura baseada no cultivo de especies arbóreas que non son propias da vexetación natural, compre ter en conta que ademais do emprego de árbores con comportamento invasor, favorécese tamén a introdución de especies exóticas ou mesmo invasoras asociadas a eles como fungos macromicetos (Lago-Álvarez & Castro, 2003 e 2004); ou insectos. Ademais da introdución directa, os labores silvícolas (rozas, cortas, tránsito de maquinaria...) poden compoñer unha vía de entrada local e unha fonte de dispersión de especies invasoras, fundamentalmente plantas vasculares (Arcea, 2006).

Na listaxe seguinte, tomado do Anexo IV do Listado e catalogación dispoñible acerca da flora vascular exótica invasora (2006), preséntase a relación de especies de flora vascular exótica do Monte Aloia e máis valórase o seu status invasor en Galicia de acordo cos seguintes criterios:

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

- Catálogo español de especies exóticas invasoras:

x: Especie presente no catálogo

- Fagúndez & Barrada (2007):

Inv: especie invasora, en tres diferentes niveis de menos a máis perigosa: **Inv P1**, **Inv P2** e **Inv P3**. Entre paréntese, especies citadas sen mencionar ou considerar efectos invasores.

- IBADER (2005):

G-1A: Planta invasora agresiva con nivel de afección moi grave

G-1B: Planta invasora agresiva con nivel de afección grave

G-1C: Planta invasora agresiva con nivel de afección moderado

G-2: Planta invasora potencialmente agresiva, afección documentada noutros territorios ibéricos

G-4: Planta invasora potencialmente agresiva, non avaliada convenientemente

- Romero (2007):

Inv: especie invasora

Inv. pot: especie potencialmente perigosa.

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

	Catálogo español de especies exóticas invasoras	Fagundez & Barrada	IBADER	Romero
<i>Acacia dealbata</i>	x	Inv P3	G-1A	Inv
<i>Acacia melanoxylon</i>		Inv	G-1A	Inv
<i>Eucalyptus globulus</i>		Inv P3	G-1A	Inv
<i>Arctotheca calendula</i>		Inv P2	G-1B	Inv
<i>Arundo donax</i>	x	Inv P3	G-4	Inv
<i>Aster squamatus</i>		Inv		
<i>Buddleja davidii</i>	x	Inv P1	G-1C	Inv
<i>Conyza canadensis</i>		Inv P2	G-1C	Inv
<i>Cortaderia selloana</i>	x	Inv P3	G-1A	Inv
<i>Cyperus eragrostis</i>		Inv P2	G-1C	Inv
<i>Ipomoea indica</i>	x	Inv P2	G-1C	Inv
<i>Oxalis pes-caprae</i>	x	Inv P2	G-1C	Inv
<i>Phytolacca americana</i>		Inv P1	G-1A	Inv
<i>Robinia pseudoacacia</i>		Inv P3	G-2	Inv pot
<i>Stenotaphrum secundatum</i>		Inv P2	G-1C	Inv
<i>Tradescantia fluminensis</i>	x	Inv P2	G-1B	Inv
<i>Tritonia x crocosmiiflora</i>		Inv P2	G-1C	Inv
<i>Vinca difformis</i>		Inv P1	G-1B	Inv
<i>Acacia decurrens</i>				
<i>Amaranthus retroflexus</i>		Inv P2	G-1C	Inv
<i>Erigeron karvinskianus</i>		Inv	G-1C	Inv
<i>Gamochaeta spicata</i>		Inv	G-1C	Inv pot
<i>Hakea salicifolia</i>				
<i>Hakea sericea</i>		Inv		Inv pot
<i>Helichrysum foetidum</i>		Inv	G-1C	Inv
<i>Ipomoea purpurea</i>		Inv	G-1B	Inv
<i>Lonicera japónica</i>		Inv		
<i>Opuntia máxima</i>	x	Inv	G-1C	
<i>Oxalis debilis</i>		Inv	G-1C	Inv pot
<i>Pittosporum tobira</i>			G-1C	
<i>Pittosporum undulatum</i>			G-1C	
<i>Prunus serotina</i>				
<i>Pseudotsuga menziesii</i>			G-1B	
<i>Quercus rubra</i>			G-1B	
<i>Soliva pterosperma</i>			G-1C	Inv
<i>Sporobolus indica</i>		Inv	G-1C	Inv
<i>Zantedeschia aethiopica</i>		Inv		Inv
<i>Setaria sp</i>			G-1C	Inv

Táboa 11: Valoración do status invasor en Galicia das especies de flora vascular exótica do Parque Natural

1.8.3 PROPOSTAS DE XESTIÓN EN MATERIA DE ESPECIES EXÓTICAS INVASORAS

O grao de coñecemento actual sobre o fenómeno das invasións biolóxicas fundamenta a aplicación do enfoque de precaución como elemento clave das políticas e estratexias de xestión en materia de especies exóticas invasoras (IUCN, 2000) e Fundación para a Conservación da Biodiversidade (Convenio sobre Diversidad Biológica, 2002). Esta aproximación pon o énfase sobre a prevención, dirixindo as accións de manexo nos primeiros estadios da secuencia de invasión, coa finalidade de interromper a transferencia de especies. A prevención responde a unha aproximación proactiva do problema e resulta máis eficiente e económica en comparación con outras opcións de manexo, eliminando desde un principio as potenciais consecuencias dunha invasión. A prevención constitúe, polo tanto, unha prioridade na loita contra as especies exóticas invasoras.

No que respecta ás actuacións sobre especies invasoras xa implantadas e mesmo ben distribuídas no territorio, débense emprender diferentes plans de acción, unha vez determinados diversos aspectos como a súa distribución e abundancia, e os efectos que causan sobre a biodiversidade.

1.8.4 PROPOSTA DE ACTUACIÓN PARA ESPECIES EXÓTICAS INVASORAS

a) Obxectivos de conservación

Erradicar ou controlar a presenza de especies exóticas invasoras no Parque Natural, con especial atención as subliñadas como mais perigosas e con nivel de afección mais grave. Considéranse obxectivos específicos do presente PRUX:

- Reducir nun mínimo dun 75% a presenza de EEI na Zona I - Uso Limitado.
 - Reducir nun mínimo dun 25% a presenza de EEI no Parque Natural.
- A restauración dos hábitats e as especies de interese afectadas pola presenza de especies exóticas invasoras.
- A recuperación das especies de interese afectadas polas especies exóticas invasoras

b) Directrices

A execución dos traballos de eliminación de especies exóticas invasoras debe ter en conta os posibles efectos sobre os hábitats nos que se desenvolven e as especies autóctonas que os conforman.

É preciso desenvolver un protocolo de recollida de información e alerta temprana sobre a presenza de especies exóticas invasoras no Parque Natural que inclúa: especie detectada, data, localización e, tamaño da poboación.

As novas informacións sobre presenza de especies exóticas invasoras deben ser avaliadas o antes posible co obxectivo de establecer as actuacións precisas.

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

Das actuacións de eliminación de especies exóticas invasoras farase unha avaliación que incluíra como mínimo: Especie sobre a que se actúa; Hábitat sobre o que se actúa; Métodos empregados; Número de exemplares e superficie retirados, nese caso estudarase se a eliminación da poboación é total ou parcial e, a porcentaxe eliminada.

c) Metodoloxía

Finalmente, no que respecta ás actuacións sobre especies invasoras xa implantadas e mesmo ben distribuídas no noso territorio, débense emprender diferentes plans de acción, unha vez determinados diversos aspectos como a súa distribución e abundancia, e os efectos que causan sobre a biodiversidade. Tendo en conta que se identificaron provisoriamente 18 especies invasoras, alén doutras 19 invasoras potenciais, compre estruturar accións no eido do programa correspondente para abordar a súa xestión co maior éxito posible, o cal vai estar limitado fundamentalmente polos recursos dispoñibles.

En canto ás técnicas de eliminación e mecanismos de control estarase de acordo ao disposto no Catálogo de Especies Invasoras da Xunta de Galicia e nas recomendacións metodolóxicas de, entre outros, Capdevila *et al.*, 2006; Fagúndez & Barrada, 2007; Orueta, 2007; Capdevila-Argüelles *et al.*, 2011; Actualización do Catálogo de Especies Invasoras, (Junta de Andalucía, 2014), alén doutros traballos específicos.

Á luz da información manexada, relaciónanse a continuación algunhas posibles liñas de actuación:

- Control e manexo de árbores invasoras (*Acacia* spp., *Ailanthus altissima*, *Robinia pseudoacacia*).
- Control e manexo de herbas exóticas invasoras (*Amaranthus* spp., *Aster squamatus*, *Bidens aurea*, *Conyza* spp., *Cyperus* spp., *Oenothera* spp., *Oxalis* spp., *Paspalum dilatatum*).
- Control e manexo de plantas invasoras de bosques e ribeiras (*Arundo donax*, *Bidens frondosa*, *Buddleja davidii*, *Ipomoea* spp., *Senecio mikanioides*, *Phytolacca americana*, *Tradescantia fluminensis*, *Tritonia x crocosmiiflora*, *Vinca difformis*).
- Control e manexo do caranguexo de río americano (*Procambarus clarkii*).
- Control e manexo de visón americano (*Neovison vison*)

1.9 PAISAXE

Dende o punto de vista da ecoloxía, as paisaxes son mosaicos de ecosistemas que interactúan e que, polo tanto, contan cunha determinada estrutura espacial que muda ao longo do tempo. Dende o punto de vista da planificación, a paisaxe considérase como un recurso que, no seu sentido máis amplo, compendia e reflicte as características físicas e bióticas dun territorio, así como a incidencia da pegada antropóxena. Esta consideración pode ser asumida desde unha dobre perspectiva: como recurso ambiental en si mesmo, tratándose dun elemento que necesita protección fronte as actuacións que o poidan degradar, e como recurso que contribúe decisivamente na capacidade do territorio para o desenvolvemento de certas actividades ou

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

usos (recreativos e turísticos, fundamentalmente).

A reducida extensión do Parque Natural e as súas particulares características fisiográficas, condicionan notablemente a delimitación das unidades da paisaxe. En realidade, o conxunto do Monte Aloia pódese considerar como unha unidade no marco da comarca do Baixo Miño que abrangue unha ampla visual con forma convexa formada por ladeiras arborizadas, cando se visualiza desde o exterior (marxe portuguesa do río Miño).

Tomando como referencia o Catálogo das paisaxes de Galicia, aprobado polo Decreto 119/2016, do 28 de xullo (DOG do 25/08/2016), no que se fai unha caracterización das paisaxes e delimitáanse as áreas de especial interese paisaxístico (AEIP), pódense delimitar como subunidades desta unidade constituída polo monte Aloia, as tres que forman o interfluvio denominado costa de Oia, a superficie culminante do alto de San Xiao, así como as ladeiras de orientación S-SE do Monte Aloia.

- **A costa de Oia** presenta como característica diferencial a escasa cobertura da vexetación arbórea, consistente en rodais de, maiormente, *Pinus pinaster*, *P. radiata* e *Eucalyptus globulus* distribuídas de forma descontinua polas ladeiras dominadas polo mato. A presenza de abundantes formacións rochosas con formas suaves e redondeadas nas zonas culminantes tamén lle confire un aspecto característico.

- **O alto de San Xiao** correspóndese coa superficie culminante do Monte Aloia, que está constituída por unha zona chaira con diversos promontorios rochosos ou penedos de natureza granítica. Esta zona ten unha notable cobertura de especies arbóreas exóticas de gran porte, o que lle confire un aspecto singular a este espazo concreto. Os diversos penedos que aquí se atopan fan ás veces de miradoiros naturais cun elevado potencial de vistas. Localízase tamén nesta subunidade o santuario de San Xiao, que se encontra perfectamente integrado co seu contorno.

O resto do Monte Aloia está integrado por ladeiras con pendentes de moderadas a fortes e cunha orientación maioritaria S-SE. Estas ladeiras presentan unha gran cobertura arbórea de *Pinus pinaster* de repoboación, que se ve interrompida en certos lugares polos rodais de *Eucalyptus globulus* e *Acacia melanoxylon*, en menor medida; polas pequenas manchas de especies autóctonas como *Quercus robur* e *Q. suber*. Estas ladeiras tamén se caracterizan por estar percorridas por diversos cursos de auga, así como por unha importante rede de pistas forestais, por varias devasas e por tendidos eléctricos de media tensión, que rompen frecuentemente a súa homoxeneidade.

1.10 CORREDORES ECOLÓXICOS

A continuidade dos fluxos de materia e enerxía e a conectividade das poboacións biolóxicas nun territorio son fundamentais para o mantemento da biodiversidade e o funcionamento dos ecosistemas e das paisaxes.

O Parque Natural encrávase nos cumios, encostas e ladeiras do extremo Sur da serra do Galiñeiro. Varios cursos de auga percorren o Parque Natural, mantendo o fluxo de auga e

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

nutrintes no interior do Parque Natural e entre este e o exterior, e funcionando como corredores ecolóxicos que facilitan o movemento das especies e dos seus propágulos ao longo do leito, ben activamente, ben por arrastre. A axeitada conservación das formacións de ribeira e da calidade das augas destes cursos de auga son de gran importancia para o mantemento da biodiversidade e os procesos ecolóxicos do Parque Natural.

Na actualidade non existen importantes barreiras aos fluxos bióticos e abióticos dentro do Parque Natural, aínda que convén manter a atención sobre os elementos artificiais de carácter lineal, como pistas e estradas, ou puntuais, como as captacións de auga, para garantir que non interrompen ou modifican substancialmente o fluxo de auga e que non supoñen unha barreira para o movemento de especies acuáticas e semiacuáticas.

As estradas poden constituír importantes barreiras para a algunhas especies de fauna, efecto que pode corrixirse limitando a velocidade no interior e no entorno do Parque Natural, e mantendo a alerta para a detección de puntos negros de atropelo de fauna, especialmente na proximidade de zonas húmidas ou arboradas, e sobre os que poden efectuarse medidas correctoras unha vez identificados. Por outra banda, o axeitado aproveitamento, mediante técnicas de restauración ecolóxica, destes puntos de auga, ofrece unha oportunidade para os anfibios.

1.11 USOS E APROVEITAMENTOS ACTUÁIS E PREVISTOS

1.11.1 USOS E APROVEITAMENTOS ACTUÁIS

Os usos e aproveitamentos actuais do Parque Natural vincúlanse principalmente co uso forestal. En canto ao grao de desenvolvemento, a maior parte do monte actual procede de rexeneración natural despois das plantacións realizadas pola Administración Forestal durante o século pasado. No monte Aloia, estase aplicando desde 1995 un Plan de Ordenación Forestal, no que se define o patrón de manexo e os aproveitamentos da masa forestal do Parque Natural.

No monte Aloia, como en todos os montes veciñais da provincia de Pontevedra, existe una servidume de aproveitamento de pastos, esquilmos, leñas e brozas a favor dos veciños da parroquia propietaria. O pastoreo do gando vacún e cabalar é compatible coa existencia de cuberta arbórea e, en certa medida, co diseminado subseguinte ás cortas; non obstante, por ser sobrada a superficie do monte para o pastoreo do gando existente, deberá acoutarse a súa entrada nas parcelas en rexeneración.

Polo que respecta ao aproveitamento de esquilmos e brozas, se ben é compatible coa persistencia do monte e son desexables como defensa contra o lume, actualmente non supoñen unha gran carga debido ao progresivo abandono destas prácticas. Tamén se pode subliñar o aproveitamento temporal que se fai de determinados cogomelos, que aparecen, en especial, entre os meses de setembro e decembro.

A superficie cultivada no ámbito do Parque Natural presenta un carácter marxinal, limitándose a pequenas parcelas situadas nas terras baixas das vertentes orientais do Parque Natural. Estas

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

pequenas explotacións están dirixidas á obtención de produtos para o autoconsumo, o que tamén se pode denominar cultivos tradicionais. Os labores agrícolas adoitan ser de carácter manual e resulta escaso o uso de maquinaria agrícola. No ámbito xeográfico do Plan, a actividade gandeira límitase a unha discreta explotación extensiva de gando vacún e cabalar.

FORESTAL

O Parque Natural comprende terreos pertencentes a dúas propiedades distintas. Por un lado temos terreos pertencentes á Entidade Local Menor de Pazos de Reis (Tui) e polo outro á Comunidade de Montes Veciñal en Man Común de Rebordáns (Tui).

Tendo en conta os usos actuais e futuros do monte, os obxectivos que pretenden acadar coa ordenación, os distintos réximes de propiedade, así como as diferentes formas de xestión que conviven dentro deste Parque Natural, considerouse conveniente a creación de cinco cuarteis de ordenación. Estes cinco cuarteis foron deseñados partindo dos usos asignados a cada zona do Parque Natural na redacción do primeiro Proxecto de Ordenación do ano 1995, sen apenas cambios de importancia.

CUARTEL	USO OU INTERESE	SUPERFICIE (Has)
PAZOS 01	Forestal ou Produtivo	241,8411
PAZOS 02	Múltiple	88,5744
TOTAL PAZOS		330,4155
REBORDÁNS 01	Múltiple	91,2656
REBORDÁNS 02	Forestal ou Produtivo - Conveniado coa Admón	128,9569
REBORDÁNS 03	Forestal ou Produtivo – sen convenio	186,2893
TOTAL REBORDÁNS		406,5118

Táboa 12: Superficie pertencente á Entidade Local Menor de Pazos de Reis e á Comunidade de Montes Veciñal en Man Común de Rebordáns. (Modificado do Plan de Ordenación Forestal del Parque Natural del Monte Aloia 2010)

Segundo o Plan de Ordenación Forestal do Parque Natural do Monte Aloia (2010). A especie arbórea que se atopa na actualidade maioritariamente no monte é o piñeiro do país ou marítimo (*Pinus pinaster*) cunha extensión aproximada de 452,2 ha. A seguinte especie por extensión é o eucalipto azul (*Eucalyptus globulus*) con preto de 14 ha. O resto de especies arbóreas susceptibles de uso forestal entre as que se contan especies como o carballo (*Quercus robur*), o castiñeiro (*Castanea sativa*) e piñeiro insigne (*Pinus radiata*), ocupan, segundo a última revisión do Plan de Ordenación Forestal Parque Natural do Monte Aloia (2010), un total de 22,1 ha.

En canto ao grado de desenvolvemento, a maior parte do monte actual ten a súa orixe na rexeneración natural provinte de plantacións realizadas pola administración forestal durante o século pasado. O proceso de rexeneración natural fixo que actualmente aparezan no monte representadas todas as clases de idade (repoboado, monte bravo, latizal e fustal). Se tomamos o conxunto do monte, a forma de masa sería irregular pero tomando a división por rodais, temos que definir a forma de masa como coetánea.

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

Un criterio importante é o mantemento, conservación e mellora da diversidade biolóxica. Dentro deste criterio, un punto esencial é o de calidade da rexeneración utilizando a forma máis axeitada e priorizando a rexeneración natural (xeralmente boa e abundante). No seu defecto optárase pola repoboación con planta de calidade, utilizando como mínimo, material seleccionado de *Pinus pinaster*, procedencia Costa Atlántica.

Debido á especie de que se trata e unida á falta de problemas graves de erosión na maioría da súa superficie debido á elevada cuberta vexetal de matogueira, o método de beneficio empregado é o tratamento en monte alto regular, con cortas de rexeneración e cortas finais, favorecendo o establecemento do rexenerado natural do piñeiro e completando o marco, de ser necesario. O intervalo de tempo entre cortas axústase de tal xeito que se favoreza a diseminación e implantación das sementes.

GANDEIRO

Na actualidade o uso gandeiro no Parque Natural é pouco relevante. As vacas e bestas do Monte Aloia distribúense maiormente por riba da cota de 400 m.s.n.m. A distribución das vacas é máis agregada e concéntrase nas zonas de pasteiro. Cabalos e bestas, pola contra adoitan presentar unha distribución máis ampla e uniforme e asociada á presenza de mato.

Os pasteiros ocupan unha superficie aproximada de 22,42 ha e localízanse nas chairas do extremo Noroeste do Parque Natural. Correspóndense con zonas de escasa cobertura de mato nas que a cobertura da vexetación herbácea no estrato basal é moi elevada. Pódense distinguir dous tipos de pasteiro, dun lado aqueles nos que a cobertura arbórea é escasa ou nula, e doutro, as superficies de pasteiro con arboredo disperso ou adevesado.

Ademais de ocupar as zonas de pasteiro, con ou sen arboredo, as vacas e as bestas tamén empregan con frecuencia as devasas (2,17 ha estimadas no Monte Aloia) e as bandas de servidume das liñas de alta tensión (15,6 ha estimadas no Monte Aloia). Polo común, o uso destas zonas sen arboredo no medio da masa forestal é menos intenso que o das zonas de pasteiro e concéntrase nos puntos con auga e nas zonas de menor pendente.

A partires do dato de superficie de pasteiros e tendo en conta unha carga gandeira de gando vacún de 1,8 cabezas por ha, polo que o número total de vacas do Monte Aloia debería de situarse en torno ás 13 cabezas. A inclusión nos cálculos das zonas de devasa (ou servidumes) por riba da cota de 400 m s.n.m. supón un incremento escaso na capacidade gandeira total deste espazo. O número recomendado de cabezas de gando cabalar é semellante, xa que a carga gandeira recomendada para as zonas de mato alto e sotobosque, máis empregadas por cabalos e bestas, é sensiblemente inferior, en torno as 0,5 cabezas por ha.

AGRÍCOLA

Segundo o estudo das unidades ambientais hai unha pequena zona residual de “Mosaico rural con campos rodeados de sebes arbustivas”.

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

PÚBLICO

O uso público que se lle da ao Parque Natural adoita formas moi variadas: educación ambiental, lecer, práctica deportiva e celebracións tradicionais.

No Monte Aloia desenvólvense varios programas de educación ambiental por conta do Parque Natural e que teñen por obxecto difundir o seu patrimonio natural e desenvolver unha conciencia de respecto pola natureza. Estas actividades centralízanse no centro de interpretación e consisten, fundamentalmente, en visitas guiadas e obradoiros dirixidos tanto a particulares como a grupos escolares.

O Parque Natural conta con varias zonas de recreo e descanso equipadas con instalacións diversas: un bar-restaurante- WC, seis áreas recreativas e nove fontes.

Danse tamén usos deportivos, maiormente o sendeirismo, realizado de xeito informal, máis tamén ciclismo de ruta e ciclismo de montaña por pistas e carreiros.

O Parque Natural ten nove rutas de baixa a media dificultade e lonxitudes entre 600 metros e 6 km que percorren diferentes miradoiros e lugares de patrimonio natural e cultural.

Cabana – Cabaciña:

Dificultade: Baixa/Media

Duración: 1 h

Distancia: 2 km

Percorrido: Circular

Inicio/Fin: Aparcadoiro das Pozas da Cabana

O percorrido iníciase cun ascenso ao miradoiro natural de Cabaciña e desde alí, continúa por unha senda con variada vexetación que acompaña o nacemento do regacho de As Udencias ata as Pozas da Cabana, onde acaba a ruta. Facendo esta ruta, tamén pasamos pola Senda de As Udencias.

Muíños de Paredes – Muíños do Deique

Dificultade: Media/Alta

Duración: 2,30 h

Distancia: 6 km

Percorrido: Circular

Inicio/Fin: Área recreativa da ermida de San Fins.

Este itinerario de ida e volta discorre polos muíños do regato Deique, un afluente do Louro que nace no Monte Aloia. Aínda que de dificultade media, o desnivel é importante polo que hai que ter en conta a subida no camiño de volta. O acceso a esta ruta sae dende preto da ermida de San Fins.

Rego da Pedra

Dificultade: Media

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

Duración: 1,15 h
Distancia: 2,5 km
Percorrido: Circular
Inicio/Fin. Aparcamento detrás do Centro de interpretación.

O Rego de Pedra que dá nome a esta ruta foi construído entre 1955 e 1958 coa finalidade de transportar auga aos campos de cultivo de Frinxo. Despois de pasar polo Alto de Perdurán, formación rochosa desde a que se contempla unha ampla panorámica, báixase ao comezo do mencionado rego para percorrelo na súa totalidade e, unha vez chegados á poza onde remata, voltar ascendendo por outro lugar ata a Senda Botánica, lugar onde comenza e finaliza o itinerario.

Castro Alto dos Cubos

Dificultade: Baixa
Duración: 1 h
Distancia: 4 km
Percorrido: Circular
Inicio/Fin: Frinxo

A ruta, de gran interese arqueolóxico, lévanos ao Alto dous Cubos ou miradoiro Cabeza de Francos, que toma o seu nome do barrio situado aos seus pés. Este punto ofrece unhas boas vistas sobre o río Miño. De percorrido circular, desde este alto se baixa ata a pista de Trapa. Despois da charca de Trapa, a ruta sobe ata Frinxo de novo, cruzando por una zona de frondosas.

Muíños do Tripes

Dificultade: Baixa/Media
Duración: 1,30 h
Distancia: 2,5 km
Percorrido: Circular
Inicio/Fin: Área recreativa Circos (Pazos de Reis)

O río Tripes é un afluente do Miño que nace no Monte Aloia e fai de división natural das parroquias tudenses de Pazos de Reis e Randufe. A ruta ascende polas marxes do río salpicadas de muíños e atravesando bosques de ribeira de variada vexetación. O tramo de descenso, xa polo monte, conduce de novo ata o seu inicio.

Senda de As Udencias

Dificultade: Baixa
Duración: 30 min
Distancia: 600 m
Percorrido: Lineal
Inicio/Fin: Pozas de Cabana

Esta pequena senda descóbrenos as especies exóticas que se corresponden coa primeira repoboación do Parque Natural, que data do 1910. As máis destacadas son o ciprés de Lawson

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

(*Chamaecyparis lawsoniana*), exemplares grandes de abeto de Douglas (*Pseudotsuga menziesii*), secuoias (*Sequoia* spp.) e cedros (*Cedrus* spp.).

Senda Botánica

Dificultade: Baixa

Duración: 25 min

Distancia: 800 m

Percorrido: Circular

Inicio: Centro de Interpretación da Natureza Casa Forestal Enxeñeiro Areses

Esta ruta transcorre polo arboreto ilustrado do Parque Natural, identificando as especies de maior importancia na comarca de Baixo Miño e no Monte Aloia. O visitante poderá deterse para coñecer toda a información sobre a vexetación autóctona.

A Muralla

Dificultade: Media

Duración: 1,3 h

Distancia: 2,5 km

Percorrido: Circular

Inicio/Fin: Alto de San Xiao

Esta ruta circular percorre toda a zona alta do Monte Aloia e discorre á beira da Muralla Ciclópea. Destacan as vistas panorámicas que ofrece o camiño e unha vexetación mixta, tanto autóctona como alóctona. Aquí está situado o miradoiro coñecido como Celta.

Ruta da Oliva

Dificultade: Media

Duración: 45 min

Distancia: 1,5 km

Percorrido: Lineal

Inicio/Fin: Mirador da Oliva

Esta ruta, de recente creación, aproveita antigos camiños abandonados e xúntase co aparcadoiro do Rego da Pedra, cerca do Centro de interpretación do Alto de San Xiao, xustamente no miradoiro da Oliva.

Sinalar por último as festividades e romarías tradicionais. Dentro do Parque Natural atópanse unha serie de enclaves cunha forte significación relixiosa na comarca que convocan, en días sinalados unha nutrida representación de devotos, romeiros e curiosos. Celébrase o 27 de xaneiro a celebración en honra a San Xiao, obxecto de gran devoción polas súas virtudes milagrosas. O primeiro domingo de xullo celébrase a romaría en honra a Virxe das Angustias e o primeiro domingo de agosto a de San Fins.

OUTROS USOS

Os veciños da zona realizan un aproveitamento de leñas, esquilmes e brozas, empregados

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

estes últimos como cama para o gando e abono. Actualmente non supoñen unha gran carga debido ó desuso que empezan a sufrir estas prácticas.

1.11.2 USOS E APROVEITAMENTOS PREVISTOS

FORESTAL

A previsión no ámbito forestal é continuar na liña marcada polo Plan de Ordenación Forestal de acordo coa última revisión efectuada en 2010. Os métodos e manexos silvícolas propostos nese documento, ao estar baseados en procesos ecolóxicos naturais son perfectamente compatibles coa conservación da biodiversidade de especies e hábitats do Parque Natural.

Na actualidade o monte non esta a sufrir extraccións indiscriminadas que danen o terreo e a biodiversidade. Ao ser unha zona abrupta, o acceso para as sacas é limitado. Por este motivo, a extensión de uso forestal no Parque Natural atópase delimitado pola capacidade de chegar ao lugar dun vehículo. Dentro do criterio de conservación da biodiversidade, é importante seguir a priorizar a rexeneración natural con curtas de rexeneración e curtas finais, favorecendo o establecemento do rexenerado natural do piñeiro e completando o marco con planta seleccionada cando fose estritamente necesario. Este método adecúa ou intervalo de tempo entre curtas de tal xeito que se favorece a diseminación das sementes e a implantación das plántulas.

En calquera caso, compre mellorar a capacidade de acollida de biodiversidade dos terreos sometidos a explotación forestal mediante técnicas de restauración ecolóxica de hábitats e de establecemento da fauna.

O Plan de Ordenación Forestal do Parque Natural remata en 2020, polo que ata a devandita data existen actuacións forestais no lugar. As previstas para os anos de vixencia do PRUX, son: curtas de rexeneración, curtas finais, curtas de mellora, rozas e podas. A partir desa data é necesario unha revisión para concluír que actuacións se desenvolverán.

GANDEIRO

A pequena carga que na actualidade soporta o Parque Natural é un patrimonio singular do mesmo, xa que reflicte un uso tradicional que ata hai unhas décadas era o uso máis importante das serras litorais do Baixo Miño. Ademais, o gando pode contribuír a frear os procesos de perda de hábitats abertos, pasteiros e matos baixos, derivados do abandono das actividades agrícolas e pecuarias no medio rural. En todo caso, é importante para a conservación do Parque Natural asegurar que a carga gandeira se manteña en niveis semellantes á carga actual e máis dispor de medios de limitación de acceso do gando ceibo as zonas sensibles, principalmente ás zonas de rexeneración natural de piñeiro, os hábitats que non soportan carga gandeira, e máis, ás zonas nas que se emprendan actuacións de restauración ecolóxica.

AGRÍCOLA

Nun futuro non se prevé un aumento do uso agrícola no Parque Natural senón máis ben todo o contrario, tanto polo avellentamento da poboación adicada á agricultura como pola falta de

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

relevo xeracional. Os agroecosistemas asociados aos usos agrícolas tradicionais, en contraposición aos medios dominados pola agricultura intensiva e fortemente mecanizada, inclúen un mosaico de hábitats moi valiosos para a biodiversidade, polo que serán precisas medidas encamiñadas á súa conservación. En calquera caso, estes usos ficarán limitados ás zonas agrícolas e de veiga da contorna dos núcleos habitados limítrofes co Parque Natural.

PÚBLICO

Cabería de esperar que seguise acollendo as mesmas actividades existentes.

Favorecer que os programas de educación ambiental poidan ser máis variados e que poidan acoller máis capacidade. Adecuar as infraestruturas aos lugares máis idóneos, aos usos permitidos e máis adecuados para o Parque Natural. Coa posibilidade de engadir sinalización para que o usuario que visita pola súa conta o Parque Natural poida guiarse sen dificultade e interpretar a contorna ademais de gozar del. Seguir tendo a posibilidade de realizar deporte ao aire libre, pero sempre nos lugares adecuados: pistas de terra, viarios asfaltados, sendas marcadas.

Ademais, prevese que estas romarías que se celebran nas áreas recreativas a afluencia de xente continúe. No relativo aos deportes, prevese o aumento da practica de "running" e competicións de bicicleta de montaña e carreiras.

OUTROS USOS

O aproveitamento de leñas, esquilmes e brozas realizado polos veciños é de moi pouca intensidade e máis está a diminuír polo que non se prevén problemas de conservación relacionados con eles. De momento non se observa aproveitamento de cogomelos.

2 OBXECTIVOS OPERATIVOS E DE XESTIÓN

2.1 OBXECTIVOS XERAIS DO PARQUE NATURAL

A declaración do Parque Natural establécese coa finalidade de crear un réxime de protección deste espazo natural mediante as normas e limitacións axeitadas, harmonizándoo co exercicio das competencias da Administración na súa área territorial, co exercicio dos dereitos privados, co Parque Natural: o aproveitamento recreativo, o estudo e observación dos seus valores, o aproveitamento ordenado das súas producións e demais actividades que se executen dentro del. **O presente PRUX ten como obxectivos xerais dentro da Rede Natura 2000 (Directiva 92/43/CEE) e da Rede galega de espazos naturais protexidos (Lei 5/2019):**

1. A conservación da biodiversidade a través do mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais, garantindo a preservación das paisaxes, os ecosistemas e os hábitats, así como a conservación da biodiversidade nas súas tres dimensións básicas: biodiversidade ecolóxica, biodiversidade de especies e biodiversidade xenética.
2. O establecemento de medidas de xestión para o mantemento ou o restablecemento, nun estado de conservación favorable, dos tipos de hábitats naturais salientados no anexo I da Directiva Hábitats (92/43/CEE) e das poboacións e dos hábitats das especies silvestres de flora e fauna dos anexos II e IV da Directiva Hábitats, xunto coas especies de aves salientadas no anexo I da Directiva Aves (2009/147/CE) e as especies de aves migratorias. Así como as poboacións e os hábitats das especies incluídas no Catálogo Español de Especies Silvestres Ameazadas e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas.
3. Establecer un marco para a protección das augas superficiais continentais, así como dos ecosistemas acuáticos e zonas húmidas, que favoreza a súa conservación e o seu uso sostible.
4. A regulación das actividades, proxectos e plans susceptibles de afectar, de forma apreciable á integridade dos espazos ou dos seus compoñentes (hábitats e especies), en coherencia co artigo 6 da Directiva Hábitats (92/43/CEE) e acorde coa lexislación vixente.
5. Propiciar o desenvolvemento sostible, favorecendo os usos e aproveitamentos respectuosos co medio. Este uso debe ser compatible coa conservación da función e estrutura dos ecosistemas e non reducir a viabilidade dos outros recursos nin minguar as posibilidades de goce destes ás xeracións vindeiras.
6. Integrar os obxectivos concretos de conservación coas esixencias económicas, sociais e culturais, así como coas particularidades do Parque Natural e da súa área de influencia socioeconómica.
7. Consolidar o réxime xurídico de protección establecido para o territorio.

E como obxectivos xerais para o Parque Natural e da súa área de influencia socioeconómica:

1 PRIORIDADE: HÁBITATS NATURAIS

- 1.1 Mellorar e completar o inventario dos tipos de hábitat naturais.
- 1.2 Definir os estados de conservación actual e favorable dos tipos de hábitat naturais e identificar as súas principais presións e ameazas.
- 1.3 Mellorar o estado de conservación dos tipos de hábitat naturais así como as condicións do seu ámbito.
- 1.4 Mellorar a protección contra incendios a través do emprego de vexetación autóctona.
- 1.5 Establecer un control sobre as especies invasoras para evitar a súa propagación.

2 PRIORIDADE: ESPECIES DE INTERESE COMUNITARIO

- 2.1 Mellorar e completar o inventario das especies de interese comunitario.
- 2.2 Definir os estados de conservación actual e favorable das especies de interese comunitario e identificar as súas principais presións e ameazas.
- 2.3 Mellorar o estado de conservación das especies de interese comunitario así como as condicións do seu ámbito.

3 PRIORIDADE: PROCESOS ECOLÓXICOS

- 3.1 Potenciar a conectividade ecolóxica co fin de previr a perda de biodiversidade, facilitar o intercambio xenético e o desprazamento das especies de fauna e flora.
- 3.2 Potenciar a conectividade ecolóxica dos cursos fluviais co fin de previr a perda de biodiversidade, facilitar o intercambio xenético e o desprazamento das especies de fauna e flora

4 PRIORIDADE: APROVEITAMENTO SOSTIBLE DOS RECURSOS

- 4.1 Fomentar o aproveitamento racional dos recursos, compatibilizándoo cos valores de conservación en niveis que permitan garantir o desenvolvemento axeitado dos procesos naturais

5 PRIORIDADE: USO PÚBLICO

- 5.1 Promover un uso público ordenado e compatible coa conservación dos tipos de hábitats naturais e especies de interese comunitario

6 PRIORIDADE: INVESTIGACIÓN, EDUCACIÓN E PARTICIPACIÓN CIDADÁ

- 6.1 Favorecer liñas de investigación que permitan a mellora do coñecemento dos recursos naturais, así como do efecto que teñen sobre o medio natural os diferentes tipos de usos e aproveitamentos establecidos no espazo
- 6.2 Favorecer o coñecemento e implicación social na conservación das Zonas de Especial Conservación Monte Aloia.

2.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PRUX

1. Establecer os obxectivos e o regulamento de usos de cada unidade de zonificación.

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

2. Xerar e reforzar canles para o fomento do coñecemento científico e a divulgación da biodiversidade e dos procesos ecolóxicos do Parque Natural.
3. Regular as actividades de uso público, os aproveitamentos e outros usos que puideran darse no interior do Parque Natural.
4. Establecer un marco normativo e de apoio institucional para o desenvolvemento sostible da poboación local.
5. Realizar unha proposta orzamentaria de accións para desenvolver.
6. Establecer as bases para o seu seguimento e avaliación.

3 ZONIFICACIÓN

A zonificación do Parque Natural desenvólvese en coherencia cos contidos da modificación do Plan de Ordenación dos Recursos Naturais. Quedando como a continuación se expón:

ZONAS	PRUX Parque Natural Monte Aloia
1	Zona de uso limitado
2	Zona de uso compatible
3	Zona de uso xeral

Táboa 13: Zonificación do Parque Natural

3.1 UNIDADES DE ZONIFICACIÓN

PNMA-1 Zona de uso limitado

Teñen esta consideración aquelas áreas que conteñen os principais valores naturais do Parque Natural, especialmente os tipos de hábitats naturais salientados no anexo I da Directiva Hábitats (92/43/CEE) e as poboacións e os hábitats das especies silvestres de flora e fauna dos anexos II e IV da Directiva Hábitats, xunto coas especies de aves salientadas no anexo I da Directiva Aves (2009/147/CE), e as especies de aves migratorias. Así como as poboacións e os hábitats das especies incluídas no Catálogo Español de Especies Silvestres Ameazadas e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas.

Esta Zona do Parque Natural correspóndese coa Área de Protección nas unidades de zonificación do Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia e está formada: polas zonas de penedos e rochedos graníticos existentes en posicións culminantes; os regatos e ribeiras fluviais, delimitados por una franxa de 20 m por cada beira da canle fluvial; os arboredos de especies autóctonas inseridos nas masas de *Pinus pinaster*; e aquelas ladeiras cubertas de forma predominante por mato con escasa ou nula cobertura arbórea.

Estas zonas dedicaranse fundamentalmente a función de conservación, rexeneración, investigación e uso educativo controlado. O uso público estará restrinxido, excepto en aquelas áreas debidamente delimitadas e sinalizadas polo organismo competente en materia de patrimonio natural, onde se pode desenvolver unha finalidade didáctica.

Usos e actividades **compatibles**:

- As accións destinadas á conservación, rexeneración e recuperación de fauna, flora e hábitats representativos.
- O uso científico e as actividades didácticas por medio de rutas e sendas específicas establecidas para este uso.
- Acceso público regulado mediante permisos.
- Non se poden abandonar os carreiros sinalados, salvo naqueles casos autorizados pola Administración do Parque Natural.

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

- Todos os traballos de limpeza de viais correspondentes á Lei de incendios e ao Plan de emerxencias poderán e deberán ser abordados nas marxes que devandita Lei dispón.

Usos e actividades **incompatibles**:

- Actividades que impliquen unha modificación das condicións actuais, fóra das actuacións de conservación e rexeneración.
- A circulación con calquera tipo de vehículo, agás os necesarios para o persoal do Parque Natural.
- A apertura de novos camiños, pistas ou sendas, salvo que se consideren imprescindibles para a xestión e conservación.

PNMA-2 Zona de uso compatible

Inclúense nestas zonas aquelas superficies do Parque Natural que se atopan sometidas a un aproveitamento forestal ordenado de carácter tradicional e compatible cos obxectivos de conservación do Parque Natural.

Esta zona correspóndese coa Área de Conservación do Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia. Nos espazos incluídos na Zona de Uso Compatible poderanse establecer limitacións espaciais e/ou temporais.

Usos e actividades **compatibles**:

- Actividades destinadas ao desenvolvemento da actividade forestal, e que non atenten contra as determinacións do PORN.
- Os usos e actuacións destinados a mellorar as condicións naturais e paisaxísticas destes espazos ou a facilitar a realización de actividades científicas e didácticas.
- Admítase o acceso polas pistas con vehículos destinados a labores forestais, gandeiras, o agrícolas.
- Accesos e desprazamento dos visitantes sometidos a certas limitacións
- Rutas e carreiros didácticos.
- Actividades de recreo ao aire libre e actividades interpretativas.

Usos e actividades **incompatibles**:

- Usos que supoñan a alteración e degradación do arboredo autóctono.
- Introducción ou repoboación con novas especies vexetais alóctonas ou cuxa distribución non corresponda á área.
- Calquera cambio de usos do solo.
- A circulación de vehículos a motor sen autorización polas pistas e camiños.
- A circulación de vehículos a motor fóra das pistas, exceptuando os vehículos do persoal do Parque Natural.

PNMA-3 Zona de uso xeral

Son espazos con certos valores naturais e paisaxísticos, que constitúen lugares de estancia, recreo e lecer ao aire libre de modo compatible coa conservación da natureza e a educación ambiental. Esta zona do Parque Natural correspóndese coa Área de Uso Xeral do Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia.

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

A zona de uso xeral ten que ter a capacidade de acoller e absorber aquelas actividades que se desenvolvan no Parque Natural e que por resultar máis chocantes sobre o entorno, van ser excluídas das restantes zonas. Inclúe as dotacións e servizos destinados a garantir o correcto uso público e as áreas cun alto interese recreativo e, polo tanto, unha alta carga de visitantes como son: Circos, A Macoca, Trapa, Faca, Cabanas, Cruceiro Novo, Udencias, Santuario de San Xiao, miradoiro da Oliva, San Fins, contorno da Casa Forestal, Muíños do Deique e Muíños do Tripes.

Ademais inclúense as vías de comunicación, áreas ocupadas por conducións aéreas e subterráneas, instalacións, áreas urbanizadas con edificacións e as instalacións deportivas de uso intensivo. Inclúense as áreas ocupadas por infraestruturas e instalación permanentes dedicadas á xestión do Parque Natural, que engloban o conxunto de edificacións destinadas tanto á administración como á exposición e mostra dos valores do Parque Natural (centro de interpretación e nova casa forestal).

Nestas zonas o uso recreativo deberá ser compatible coa rexeneración da vexetación autóctona e as actividades didácticas e de educación ambiental.

Usos e actividades **compatibles**:

- Uso recreativo que non supoña un deterioro das condicións naturais destes espazos.
- Os usos e actuacións destinados a mellorar as condicións naturais e paisaxísticas destes espazos ou facilitar a realización de actividades científicas e didácticas.
- Usos e actividades que estean relacionados coas áreas en cuestión, sen prexuízo do espírito de conservación e de protección que rexerá calquera actividade que se realice dentro do Parque Natural.
- Permítese o uso de vehículos a motor polos viarios pavimentados e os aparcadoiros.
- Poderanse realizar obras de mellora dos viarios sen que supoñan unha deterioración dos valores naturais que se pretende protexer.

Usos e actividades **incompatibles**:

- Usos que supoñan a alteración e degradación da área recreativa en si, da vexetación autóctona.
- A circulación de vehículos a motor fóra das pistas e camiños.
- As verteduras de calquera tipo de materiais, lixo e residuos fóra dos puntos especialmente habilitados para tal fin.
- Calquera actuación que vaia en contra dos valores naturais que se pretende protexer ou en contra das determinacións do PORN.
- O estacionamento de vehículos, salvo nas áreas debidamente acondicionadas a tal fin.
- Queda limitado a 20 toneladas o peso máximo autorizado por vehículo en toda as pistas e estradas do Parque Natural con excepción da estrada Tui-Gondomar.

4 MEDIDAS DE XESTIÓN

4.1 NORMATIVA SOBRE A QUE SE ESTRUTURA O PRUX

4.1.1 NORMATIVA EUROPEA

- Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio, relativa á conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestres.
- Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas.
- Directiva 2008/105/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, relativa ás normas de calidade ambiental no ámbito da política de augas, pola que se modifican e derogan anteriormente as Directivas 82/176/CEE, 83/513/CEE, 84/156/CEE, 84/491/CEE e 86/280/CEE do Consello, e pola que se modifica a Directiva 2000/60/CE.
- Convenio Europeo da Paisaxe (CEP). Florencia, 20/10/2000.
- Convenio relativo á conservación da vida silvestre e do medio natural en Europa. Feito en Berna, o 10/09/1979.
- Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de novembro de 2009, relativa á conservación das aves silvestres.
- Directiva 2007/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2007, relativa á avaliación e xestión dos riscos de inundación.
- Directiva 2004/35/CE do Parlamento e do Consello, do 21 de abril de 2004, sobre responsabilidade medioambiental en relación coa prevención e reparación de danos medioambientais.
- Directiva 2001/42/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente (AAE).
- Directiva 2014/52/UE do Parlamento Europeo e do Consello do 16 de abril de 2014 pola que se modifica a Directiva 2011/92/UE, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente.
- Directiva 2003/4/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de acceso público á información ambiental.

4.1.2 NORMATIVA ESTATAL

ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO

- Sentencia 143/2017, do 14 de decembro pola que se modifica o Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana.
- Lei 10/2009, do 20 de outubro, que modifica a Lei 45/2007 de desenvolvemento sostible do medio rural.
- Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras. Pola que se modifica a Lei 38/1999, do 5 de novembro, de Ordenación da edificación.
- Real Decreto 2159/1978, do 23 de xuño, polo que se aproba o regulamento de

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

planeamento. (RPU/1978)

- Real Decreto 3288/1978, do 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística (RXU/1978) en todo o que non se opoñan ó disposto pola Lei 8/2007 e o RDL 1/1992, na parte non derogada.
- Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se modifica a Lei 8/2013 do 26 de xuño de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas, que modifica a Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación.

AVALIACIÓN AMBIENTAL

- Sentencia 53/2017, do 11 de maio de 2017, pola que se modifica a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
- Lei 6/2010, do 24 de marzo, de modificación do texto refundido da Lei de avaliación ambiental de proxectos, aprobada polo RD 1/2008, do 11 de xaneiro.
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

PAISAXE

- Ratificación do convenio europeo da paisaxe por parte do Estado Español, do 26 de novembro do 2007. Entrada en vigor o 1 de marzo de 2008

CONSERVACIÓN DA NATUREZA

- Lei 7/2018, do 20 de xullo, de modificación da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.
- Lei 33/2015, do 21 de setembro, pola que se modifica a Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.
- Lei 21/2015, do 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes.
- Real Decreto 1997/1995, do 7 de decembro, polo que se establecen medidas para contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais da flora e fauna silvestre (traspón a Directiva 79/409/CEE, 92/43/CEE e 97/62/CE sobre Rede Natura 2000)
- Orde AAA/75/2012, do 12 de xaneiro; Orde AAA/1771/2015, do 31 de agosto e Orde AAA/1351/2016, do 29 de xullo, polas que se modifica el Real Decreto 139/2011, do 4 de febreiro, para o desenvolvemento da listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial e do catálogo español de especies ameazadas.
- Real Decreto 630/2013, do 2 de agosto, polo que se regula o catálogo español de especies exóticas invasoras.
- Real Decreto 1274/2011, do 16 de setembro, polo que se aproba o plan estratéxico do patrimonio natural e da biodiversidade 2011-2017, en aplicación da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.

PATRIMONIO CULTURAL

- Real Decreto-Lei 2/2018, do 13 de abril. de modificación da Lei 16/1985, do 25 de

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

xuño, do patrimonio histórico español.

- Real Decreto 162/2002, do 8 de febreiro, de modificación do Real Decreto 111/1986, do 10 de xaneiro, de desenvolvemento parcial da Lei 16/1985.
- Decreto 449/1973, do 22 de febreiro, polo que se colocan baixo a protección do estado os “hórreos” ou “cabazos” antigos existentes en Galicia e Asturias.
- Decreto 798/1971, do 3 de abril, polo que se dispón que nas obras e nos monumentos e conxuntos histórico-artísticos se empreguen no posible materiais e técnicas tradicionais.
- Decreto 571/1963, do 14 de marzo, sobre protección dos escudos, emblemas, pedras heráldicas, rolos de xustiza, cruces de termo e pezas similares de interese histórico-artístico.

ACCESIBILIDADE

- Real Decreto Legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.
- Real Decreto 505/2007, de condicións básicas de accesibilidade en espazos públicos urbanizados e edificacións.

AUGAS E COSTAS

- Lei 1/2018, do 6 de marzo pola que se modifica o Real Decreto Legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas
- Real Decreto 1514/2009, do 2 de outubro, polo que se regula a protección das augas subterráneas contra a contaminación e a deterioración.
- Real Decreto 638/2016, do 9 de decembro polo que se modifica o Real Decreto 849/1986 do 11 de abril polo que aprobouse o regulamento do dominio público hidráulico que desenvolve os títulos preliminar I, IV, V, VI y VII de la Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas.

MOBILIDADE

- Lei 37/2015, do 29 de setembro, de estradas.
- Real Decreto-Lei 3/2018, do 20 de abril pola que se modifica a Lei 16/1987 do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres.
- Real Decreto 1812/1994, do 2 de setembro, polo que se aproba o regulamento xeral de estradas.

RUÍDO

- Real Decreto-Lei 8/2011, do 1 de xullo polo que se modifica a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído.
- Real Decreto 1513/2005 do 16 de decembro polo que se desenvolve a lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído, no referente á avaliación e xestión do ruído ambiental. Última modificación desta Lei Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro en lo referente

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas.

ATMOSFERA E CAMBIO CLIMÁTICO

- Real Decreto 1042/2017, do 22 de decembro y Real Decreto 115/2017, do 17 de febreiro, polo que se modifica a Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera.
- Real Decreto 773/2017, de 28 de xullo, polo que se modifica a Lei 5/2013 do 11 de xuño pola que se modifican a Lei 16/2002 do 1 de xullo de prevención e control integrados da contaminación e a Lei 22/2011 do 28 de xullo de residuos e solos contaminados.

RESIDUOS

- Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.
- Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases.
- Real Decreto 180/2015, do 13 de marzo, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do estado.
- Real Decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.
- Orde PRA/1080/2017, do 2 de novembro, pola que se modifica o Real Decreto 9/2005, 14 xaneiro, que establece a relación de actividades potencialmente contaminantes do solo e os criterios e estándares para a declaración de solos contaminados.
- Real Decreto 1290/2012, do 7 de setembro, polo que se modifica o Regulamento do Dominio Público Hidráulico, aprobado polo Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, e o Real Decreto 509/1996, do 15 de marzo, de desenvolvemento do Real Decreto- Lei 11/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas aplicables ao tratamento das augas residuais urbanas.
- Real Decreto 20/2017, do 20 de xaneiro, sobre os vehículos ao final da súa vida útil.

OUTRAS

- Orde PRE/1841/2005, do 10 de xuño pola que se modifica parcialmente a Orde de 18/01/1993, do Ministerio de Relacións coas Cortes e a Secretaria do Goberno sobre zonas prohibidas e restrinxidas ao voo
- Lei 54/1997 do 27 de novembro de 1997 do sector eléctrico
- Lei 18/2014, do 15 de outubro, que modifica a Lei 22/1973 do 21 de xullo de minas.

4.1.3 NORMATIVA AUTONÓMICA

XERAL

- Lei 7/1996, do 10 de xullo, de desenvolvemento comarcal.

ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

- Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas de Galicia (modifica Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia e Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia).
- Lei 9/2017, do 26 de decembro pola que se modifica a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo Galicia.
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, pola que se modifica a Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as Directrices de ordenación do territorio (DOT).
- Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.
- Decreto 176/2013, do 21 de novembro, polo que se aproba o Plan de seguimento das Directrices de ordenación do territorio de Galicia e da sustentabilidade territorial.
- Decreto 156/2012, do 12 de xullo, polo que se crea a comisión de seguimento das directrices de ordenación do territorio de Galicia.
- Decreto 330/1999, do 9 de decembro, polo que se establecen as unidades mínimas de cultivo para Galicia.
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

AVALIACIÓN AMBIENTAL

- Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental da comunidade autónoma de Galicia.
- Lei 2/1995, do 31 de marzo, pola que se dá nova redacción á disposición derogatoria única da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia.
- Decreto 455/1996, do 7 de novembro, de fianzas en materia ambiental.
- Decreto 442/1990, de avaliación do impacto ambiental para Galicia.

PAISAXE

- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.
- Decreto 119/2016, do 28 de xullo, polo que se aproba o Catálogo das paisaxes de Galicia.

MONTES

- Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.
- Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, texto consolidado.

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

- Instrución 1/2018, do 26 de abril, relativa ás actuacións administrativas en materia de cumprimento das obrigacións de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas impostas pola Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, a Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, e a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.
- Decreto 50/2014, do 10 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos e micolóxicos en montes ou terreos forestais de xestión privada na comunidade autónoma de Galicia e o contido, organización e funcionamento do rexistro de empresas do sector forestal.
- Lei 13/1989, 10 de outubro, de montes veciñais en man común. (DOG do 20 de outubro de 1989).
- Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.
- Orde do 20 de abril de 2018 pola que se modifican os anexos II, III e VI do Decreto 50/2014, do 10 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos e micolóxicos en montes ou terreos forestais de xestión privada na comunidade autónoma de Galicia e o contido, organización e funcionamento do rexistro de empresas do sector forestal, e régúlanse os procedementos de autorización, declaración responsable e comunicación final de aproveitamentos madeireiros.
- Decreto 76/2018, do 19 de xullo, polo que se modifica o Decreto 52/2014, do 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia.

CONSERVACIÓN DA NATUREZA

- Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia.
- Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o plan director da Rede Natura 2000 de Galicia, onde figuran os mapas cos límites actualizados das ZEC, as especies e hábitats presentes que figuran nos anexos I e II da directiva Hábitats, a zonificación e o plan de ordenación dos recursos naturais destes espazos protexidos.
- Lei 4/2015 do 17 de xuño de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.
- Decreto 127/2008, do 24 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico das zonas húmidas protexidas e se crea o inventario de zonas húmidas de Galicia.
- Decreto 110/2004, do 27 de maio, polo que se regulan as zonas húmidas protexidas.
- Decreto 137/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico das zonas húmidas protexidas e se crea o inventario de zonas húmidas de Galicia.
- Decreto 124/2005, do 6 de maio, polo que se regula a figura de espazo natural de interese local e figura de espazo privado de interese natural.
- Decreto 88/2007 do 19 de abril, polo que se regula o catálogo galego de especies ameazadas.
- Decreto 167/2011, do 4 de agosto, polo que se modifica o Decreto 88/2007, do 19 de abril, e se actualiza o dito catálogo mediante o que se agregan sete novas especies na categoría de “vulnerables”.

PATRIMONIO CULTURAL

- Lei 5/2016 do 4 de maio do patrimonio cultural de Galicia.
- Decreto 232/2008, do 2 de outubro, sobre o inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia.
- Decreto 199/1997, do 10 xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica de Galicia.
- Decreto 430/1991, do 30 decembro, polo que se regula a tramitación para a declaración de ben de interese cultural e se crea o rexistro de bens de interese cultural de Galicia.
- Normas complementarias e subsidiarias de planeamento da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. Resolución do 14 de maio de 1991 pola Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

URBANISMO

- Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, do 20 de febreiro de 2006 sobre o Plan de Inspección Urbanística Autonómica.
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o plan básico autonómico de Galicia.

ACCESIBILIDADE

- Lei 10/2014 do 3 de decembro de accesibilidade.
- Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da lei de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.

AUGAS E COSTAS

- Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia
- Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da planificación en materia de augas de Galicia e se regulan determinadas cuestións en desenvolvemento da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.
- Lei 5/2006, do 30 de xuño, para a protección, a conservación e a mellora dos ríos galegos.
- Lei 15/2008, do 19 de decembro, do imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga encorada.
- Lei 5/1995 do 7 de xuño de regulación de augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da comunidade autónoma de Galicia.
- Decreto 59/2013, do 14 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, en materia de execución e explotación de infraestruturas hidráulicas.
- Decreto 127/2008 do 5 de xuño polo que se desenvolve o réxime xurídico das zonas húmidas protexidas e se crea o inventario de zonas húmidas de Galicia.
- Decreto 141/2012, do 21 de xuño, polo que se aproba o regulamento marco do servizo público de saneamento e depuración de augas residuais de Galicia.

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

MOBILIDADE

- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.
- Decreto 308/2003, do 26 de xuño, de relación de estradas de titularidade da comunidade autónoma de Galicia.

RUÍDO

- Decreto 106/2015 do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

ATMOSFERA E CAMBIO CLIMÁTICO

- Lei 8/2002, do 18 de decembro, de protección do ambiente atmosférico de Galicia.

RESIDUOS

- Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia.
- Decreto 174/2005, 9 de xuño, que regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia.
- Orde 20 xullo 2009, de construción e xestión dos vertedoiros en Galicia.
- Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010 - 2020 aprobado polo Consello da Xunta o 13 de xaneiro de 2011.
- Decreto 60/2009, do 26 de febreiro, sobre solos potencialmente contaminados e procedemento para a declaración de solos contaminados.

OUTROS

- Decreto 85/2012, do 16 de febreiro, polo que se modifica o Decreto 138/2008, do 22 de maio, polo que se regula a sinalización turística de Galicia e se aproba o manual de sinalización turística de Galicia.
- Plan sectorial de ordenación das áreas empresariais na comunidade autónoma de Galicia, aprobado polo consello de la Xunta de Galicia con data 27 de maio de 2004.
- Plan Sectorial eólico de Galicia e as súas modificacións.
- Lei 4/2017 do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.

PLANEAMENTO VIXENTE DE CARÁCTER TERRITORIAL

- Plan Xeral de Ordenación Municipal de TUI (26/01/2011).
- Ordenanzas municipais.
- Plan de Ordenación dos Montes Veciñais en Man Común (2001-2012) termina no 2020.

4.2. NORMATIVA ESPECÍFICA DO PARQUE NATURAL

De acordo coa Lei 1/1983, do 22 de febreiro (DOG 23, 21/03/1983), modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro (DOG 208, 28/10/1988), e o Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, (DOG 25/04/2019), no seu artigo 2, establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e que é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao que corresponde o exercicio das competencias e funcións que en materia de medio ambiente e conservación da natureza se establecen nos artigos 27.12º, 15º, 30º e 29.4º do Estatuto de Autonomía de Galicia e no resto da normativa de aplicación, en especial na normativa sobre protección ambiental de Galicia.

De acordo co establecido na Directiva 2009/147/CE do Consello, de 2 de abril, de conservación das aves silvestres, Directiva 92/43/CEE do Consello, de 21 de maio, relativa á conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestres, Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de outubro, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas, na Lei 42/2007, do 13 de decembro, de patrimonio natural e biodiversidade; na Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe (última modificación: 19 de febreiro de 2016); no Real Decreto Lexislativo 1/2001 polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas, na Lei 5/2019, d2 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, e na Lei de protección da paisaxe de Galicia, establécense os obxectivos, directrices e normas xerais para a ordenación do Parque Natural e dos seus principais compoñentes.

Directrices

- 1 Promoverase un uso sustentable do territorio favorecendo aquelas actividades e aproveitamentos respectuosos cos valores naturais presentes e a súa diversidade ecolóxica e paisaxística.
- 2 Os obxectivos de conservación primarán sobre calquera outra actividade que se planifique ou se desenvolva no Parque Natural. En toda actuación primará o principio de cautela e de mínima intervención e menor agresividade para os compoñentes da biodiversidade do Parque Natural.
- 3 Fomentarase a utilización dos compoñentes naturais do Parque Natural dun modo e a un ritmo que non ocasione a diminución a longo prazo da biodiversidade, de modo que se aseguren as posibilidades de satisfacer as necesidades e as aspiracións das xeracións actuais e futuras.
- 4 Velarase polo mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais e dos ecosistemas.
- 5 Velarase pola preservación da variedade, singularidade e beleza dos ecosistemas naturais e da paisaxe, evitando ou, no seu caso minimizando, a degradación destes por elementos ou construcións que supoñan un elevado impacto visual derivado da súa localización, materiais empregados ou as relacións de texturas e cores utilizadas.
- 6 Darase preferencia ás medidas de conservación, preservación e restauración dos hábitats naturais e seminaturais, facendo especial fincapé naqueles considerados como prioritarios ou de interese comunitario.

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

7 Darase preferencia ás medidas de conservación, preservación e recuperación das especies silvestres de flora e fauna, facendo especial fincapé naquelas consideradas como protexidas por normativas internacionais, comunitarias, nacionais ou galegas.

8 Concederase prioridade ás especies de interese para a conservación, ás especies endémicas ou que posúan unha área de distribución limitada, así como ás especies de fauna migratoria.

9 Darase preferencia á conservación da diversidade xenética das poboacións silvestres de flora e fauna, así como ao mantemento ou, no seu caso, á recuperación de razas, variedades e cultivos tradicionais que formen parte dos sistemas tradicionais de aproveitamento agrícola, gandeiro ou forestal.

10 As actividades e actuacións que se desenvolvan no espazo natural buscarán o mantemento dos reservorios naturais de carbono existentes no espazo natural, a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro, así como unha maior eficiencia no gasto dos recursos renovables e no control integral dos residuos e produtos contaminantes.

11 Evitarase a introdución e proliferación de especies, subespecies ou razas xeográficas distintas ás autóctonas, na medida en que poidan competir con estas, alterar a súa pureza xenética ou provocar desequilibrios ecolóxicos sobre os hábitats naturais e seminaturais.

12 Evitarase a realización de calquera tipo de actividade que poida supoñer un risco de contaminación das augas, tanto superficiais como subterráneas.

13 Manteranse as actividades e usos que sexan compatibles coa conservación da biodiversidade e o uso sostible dos recursos naturais, de tal maneira que, sen poñer en risco os valores naturais do territorio, pódase asegurar o desenvolvemento social e económico que mellore a calidade de vida da poboación residente.

14 Mellorarase a calidade de vida dos habitantes da área de influencia do Parque Natural mediante a adopción de medidas de dinamización e desenvolvemento económico, dirixidas especialmente ás actividades relacionadas co uso público, o turismo e o aproveitamento sostible dos recursos naturais.

15 Elaborarase un programa de seguimento da realidade económica, sociolóxica e natural do espazo natural co fin de poder avaliar axeitadamente a repercusión de programas e proxectos sobre as características naturais do espazo.

16 Farase promoción do coñecemento dos valores naturais e culturais do Parque Natural a través da coordinación con outras administracións, a comunidade científica e a poboación local.

NORMATIVA

O presente plan articula as directrices e normativas de xestión en **tres niveis**. O **primeiro nivel** corresponde á normativa para cada un dos **compoñentes** que conforman o Parque Natural e

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

defínense, en consecuencia, obxectivos, directivas e normas de aplicación das principais actividades e proxectos. A normativa por compoñentes inclúe obxectivos, directrices e normas elaboradas a partir da lexislación sectorial vixente.

Nun **segundo nivel** desenvólvese a normativa xeral de ordenación e xestión, que marca o desenvolvemento das **actuacións o usos** no Parque Natural, así como das políticas sectoriais que incidan sobre este e sobre os seus valores. As normas xerais elabóranse a partir dos obxectivos e criterios orientadores derivados da normativa comunitaria (DC 79/409/CEE, DC 92/43/CEE, DC 2000/60/CE), estatal (Lei 33/2015) e autonómica (Lei 5/2019), así como criterios propios relativos á exclusión ou, no seu caso, regulación de determinadas actividades.

O **terceiro nivel** vén marcado pola normativa **zonal**, de modo que para cada unha das unidades de zonificación contempladas no plan, e delimitadas no Parque Natural en función da expresión territorial dos compoñentes da biodiversidade, se propón un réxime de ordenación e xestión específico, que responde en consecuencia ás diferentes necesidades de conservación e xestión e a diferentes graos de aproveitamento dos recursos naturais.

4.2.1. NORMATIVA POR COMPOÑENTES

4.2.1.1. ATMÓSFERA

Obxectivos

- 1.0 Procurar manter a calidade do aire, limitando no Parque Natural a emisión de substancias contaminantes en concentracións tales que modifiquen a calidade do aire por enriba dos niveis autorizados.
- 2.0 Vixiar o cumprimento da normativa de carácter comunitario, estatal e autonómica relativa ás emisións atmosféricas de po, olores e ruído, producidos polas distintas actividades que se desenvolven no ámbito do Parque Natural.
- 3.0 Controlar os niveis de elementos contaminantes presentes no Parque Natural.

Directrices

- 1.0 Promoveranse as medidas correctoras necesarias para minimizar ou, no seu caso, eliminar as fontes de emisión de olores desagradables ou ruídos molestos.
- 2.0 Promoveranse as medidas correctoras necesarias para minimizar os efectos da contaminación lumínica.
- 3.0 Tomaranse as medidas necesarias para limitar a contaminación lumínica. Nas novas instalacións ou infraestruturas evítase a emisión de luz directa cara ao ceo e evítanse excesos nos niveis de iluminación.

Normativa

- 1.0 Con carácter xeral, e en materia de contaminación atmosférica, seguirase o disposto na lexislación vixente respecto á protección do ambiente atmosférico, así como ás diferentes disposicións sectoriais.

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

2.0 Non se permite a emisión de niveis de ruído inxustificadas, contrarios ás disposicións vixentes e aos obxectivos do presente plan, que perturben significativamente a tranquilidade das poboacións e das especies animais de interese para a conservación no ámbito do Parque Natural.

4.2.1.2. XEA

Obxectivos

- 1.0 Conservar os recursos da xea e promover o seu aproveitamento sostible.
- 2.0 Establecer medidas preventivas para impedir a progresiva perda de solo.
- 3.0 Os usos e aproveitamentos do solo velarán por manter ou aumentar a capacidade de secuestro de carbono, dada a súa importancia na mitigación dos efectos derivados do cambio climático global.

Directrices

- 1.0 Velarase para manter as características químicas, estruturais e de textura dos solos das que depende en boa medida a súa vexetación e para evitar a aparición de fenómenos erosivos por causas antrópicas.
- 2.0 Tenderanse a conservar aquelas superficies con pendente superior ao 50% sobre as que se desenvolvan hábitats naturais ou, no seu caso, plantacións forestais.
- 3.0 A utilización do solo con fins agrícolas, forestais e gandeiros deberá realizarse de forma sostible, asegurando o mantemento do seu potencial biolóxico e da súa capacidade produtiva.
- 4.0 Realizaranse xestións para que todas as actividades extractivas existentes dispoñan dos plans de restauración pertinentes e velarase polo seu cumprimento.
- 5.0 Os plans de restauración mineiros terán como obxectivos preferentes a recuperación paisaxística, así como a recuperación dos hábitats de interese comunitarios e das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.
- 6.0 Inventariaranse e diagnosticaranse os recursos xeolóxicos e xeomorfolóxicos e adoptaránse as medidas que sexan precisas para a súa protección e conservación.
- 7.0 Nas autorizacións e nos procedementos de avaliación ambiental teranse en consideración as singularidades xeolóxicas e xeomorfolóxicas do territorio, especialmente naquelas áreas incluídas no inventario de espazos de interese xeomorfolóxico, tanto en función ao seu valor intrínseco (xeodiversidade), como ao constituír unha parte esencial de diversos tipos de hábitats de interese comunitario e prioritario (biodiversidade), promovendo a súa conservación, ou no seu caso establecendo medidas compensatorias co fin de reducir o impacto sobre estes.

Normativa

- 1.0 Con carácter xeral, permítese a modificación da configuración, estrutura e propiedades do solo, relacionadas con actividades tradicionais de carácter agrícola ou vinculadas con actividades construtivas, cando as mesmas se realicen de acordo coas regulacións contempladas no presente plan, así como conforme ás normativas sectoriais.
- 2.0 Son usos autorizables os aproveitamentos mineiros con concesión existentes con

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

anterioridade á aprobación do presente plan, debendo realizar a súa actividade, conforme ás normativas sectoriais e acorde cos criterios establecidos no presente plan.

3.0 A recolección de pequenas cantidades de rochas, minerais ou fósiles para coleccionismo, fins científicos ou educativos deberá contar coa autorización do organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza.

4.0 A realización de actuacións que poidan supor a modificación do estado actual do solo ou o inicio de estados erosivos, tales como movementos de terra por medios mecánicos ou manuais, apertura de exploracións, prospeccións, sondaxes, etc., deberán contar coa autorización expresa do organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza.

5.0 Prohíbese o vertido, almacenamento, depósito, enterramento, transformación ou incineración de lixo, entullo ou calquera tipo de residuos, así como de substancias tóxicas e perigosas, excluíndose o tratamento dos materiais xerados no desenvolvemento das actividades de xestión e procesado de residuos nas instalacións actualmente en funcionamento e que teñan a correspondente autorización, así como o depósito temporal antes da eliminación ou degradación dos restos dos aproveitamentos forestais, agrícolas ou gandeiros sobre o solo, nas condicións de seguridade que determine a normativa sectorial ou as respectivas autorizacións de aproveitamento.

6.0 Prohíbese o acumulación, depósito ou almacenamento de residuos radioactivos, tóxicos, perigosos ou calquera outro tipo de substancias altamente contaminantes fóra das áreas que poidan ser autorizadas para ese efecto.

4.2.1.3. AUGAS CONTINENTAIS

Obxectivos

Establecer un marco para a protección das augas superficiais continentais e as augas subterráneas que:

1 Prevexa toda deterioración adicional que protexa e mellore o estado dos ecosistemas acuáticos e, con respecto ás súas necesidades de auga, dos ecosistemas terrestres e zonas húmidas directamente dependentes dos ecosistemas acuáticos.

2 Promova un uso sostible da auga baseado na protección a longo prazo dos recursos hídricos dispoñibles.

3 Teña por obxecto unha maior protección e mellora do medio acuático, entre outras formas mediante medidas específicas de redución progresiva das verteduras, as emisións e as perdas de substancias prioritarias, e mediante a interrupción ou a supresión gradual das verteduras, as emisións e as perdas de substancias perigosas prioritarias.

4 Garanta a redución progresiva da contaminación da auga subterránea, evite novas contaminacións e contribúa a paliar os efectos das inundacións e secas.

5 Contribúa a reducir de forma significativa a contaminación das augas subterráneas.

Directrices

1.0 Preservarase a calidade da auga, tanto superficial como subterránea e aseguraranse os caudais mínimos ecolóxicos

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

2.0 O organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza velará pola conservación das marxes, leitos e ribeiras dos cursos de auga así definidos pola lexislación de augas. A este respecto, minimizaranse os impactos que puidese producir a realización de obras que supoñan a modificación da estrutura ou vexetación característica destes elementos. Velarase para que as autorizacións de captacións e aproveitamentos de augas nas zonas húmidas ou na súa área de captación non supoñan unha afección significativa sobre os recursos hídricos das zonas húmidas e sobre o mantemento dos ecosistemas e comunidades de flora e fauna que estes albergan.

3.0 Procurarase conseguir, no menor prazo posible, o axeitado tratamento de depuración para as verteduras, xa sexan urbanas, industriais, agrícolas ou gandeiras, velando en todo momento para manter a calidade das augas.

4.0 Estableceranse mecanismos de coordinación cos organismos de cunca para asegurar a eficacia das medidas de protección e actuación.

5.0 No tratamento das augas residuais tenderanse a cumprir os obxectivos de calidade máis estritos, desde o punto de vista ambiental, das normativas técnicas existentes.

Normativa

1.0 As novas captacións de augas, así como a realización de sondaxes, deberán contar coa autorización do organismo competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza, sen prexuízo das competencias do organismo de cunca ou doutros organismos competentes nos diferentes ámbitos sectoriais.

2.0 Toda actuación, construción ou instalación, susceptible de provocar contaminación das augas do Parque Natural, deberá posuír os sistemas de depuración conforme á normativa sectorial vixente, o que deberán ser autorizados polo organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza.

3.0 As fosas sépticas deberán construírse de xeito que aseguren a súa estanquidade. A súa xestión debe realizarse en todo momento de acordo coa normativa sectorial vixente.

4.0 Prohíbese a realización de calquera tipo de vertedura así como a utilización de calquera tipo de substancia química que poida afectar significativamente a calidade das augas nacentes ou circulantes, ou ao ciclo hidrolóxico do territorio do Parque Natural, cando se realicen fóra dos lugares habilitados a tal efecto ou sexan contrarias ás condicións establecidas na lexislación vixente ou no presente plan.

5.0 Prohíbese a alteración dos cursos, leitos e ribeiras, así como a modificación significativa do réxime das augas, sen a autorización expresa do organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza.

6.0 Prohíbese o desecamento ou drenaxe de pozas ou calquera outro tipo de humidal sen a autorización do organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza.

7.0 Prohíbense as acumulacións de materiais en encostas, barrancos ou leitos que poidan supoñer un obstáculo ao libre paso das augas, ou ben poidan ser orixe de procesos erosivos intensos ou que entrañen unha modificación das condicións hidráulicas e hidrolóxicas naturais.

8.0 Prohíbese o lavado de vehículos e calquera tipo de obxecto en ríos, regatos ou humidais, botar obxectos ás ditas zonas, así como a incorporación directa ás augas de deterxentes, xabóns, lixivias ou outros tipos de substancias que poidan afectar de forma significativa ao estado ecolóxico dos ecosistemas acuáticos.

4.2.1.4. PAISAXE

Obxectivos

- 1.0 O recoñecemento, a protección, a xestión e a ordenación da paisaxe co fin de preservar todos os elementos que a configuran no marco do desenvolvemento sostible, entendendo que a paisaxe exerce unha función principal de interese xeral nos eidos ambientais, culturais, sociais e económicos.
- 2.0 Manter nun estado de conservación favorable os tipos de paisaxes existentes no Parque Natural, así como os costumes tradicionais existentes e os compoñentes naturais e elementos construtivos destes.
- 3.0 Mitigar os elementos artificiais que, a nivel estrutural e funcional, actúan como barreiras, así como fortalecer a conservación daqueles de carácter natural ou seminatural, que constitúen corredores ecolóxicos que resultan esenciais para a migración, a distribución xeográfica e o intercambio xenético das especies silvestres.
- 4.0 Nas actuacións susceptibles de alterar ou modificar a paisaxe natural do Parque Natural, teranse especialmente en conta as súas repercusións sobre a calidade paisaxística, adoptando cantas medidas sexan necesarias con obxecto de minimizar as consecuencias. En tal sentido, os proxectos que teñan por obxecto este tipo de actuacións, e especial incidencia sobre a paisaxe, supervisaranse co obxecto de garantir o cumprimento do expresado neste artigo.

Directrices

- 1.0 Establecerase un programa de prioridades de recuperación daquelas áreas que conteñan elementos da paisaxe degradados, dando prioridade ás áreas de maior accesibilidade visual.
- 2.0 Restaurarase a calidade paisaxística alí onde fose deteriorada por accións humanas, como movementos de terra, actividades extractivas, apertura de pistas e camiños ou de calquera outro tipo.
- 3.0 Procurarase evitar a introdución no medio natural de calquera elemento artificial que limite o campo visual ou rompa a harmonía da paisaxe. Non obstante, poderán establecerse as infraestruturas que sexan imprescindibles, de acordo coas prescricións do presente plan, procurando minimizar o seu impacto sobre o medio.
- 4.0 Velarase polo mantemento do territorio do Parque Natural libre de lixos, residuos e verteduras, apoiando a aplicación da normativa vixente na materia. Eliminaranse os vertedoiros e entulleiras incontrolados.
- 5.0 Teranse en conta criterios paisaxísticos na planificación das repoboacións forestais e a ordenación das masas arborizadas preexistentes. O organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza poderá limitalas e propoñerá, no seu caso, as medidas correctoras necesarias.
- 6.0 O impacto paisaxístico deberá ser especialmente tido en conta nos proxectos de infraestruturas lineais e nas actuacións realizadas en áreas de alta visibilidade.
- 7.0 O organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza poderá determinar aquelas singularidades da paisaxe, tanto elementos naturais como

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

culturais, que deban ser preservados, delimitando o seu ámbito de protección, tendo en conta a súa cunca visual.

Normativa

1.0 A introdución de calquera elemento estrutural de carácter artificial, que altere de maneira significativa a paisaxe natural ou desfigure as súas formas e perspectivas, modificando o seu valor estético, deberá contar coa autorización do organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza.

2.0 A instalación de carteis, inscricións ou elementos de calquera natureza, con fin publicitario, fóra dos núcleos de poboación ou fóra das áreas autorizadas para tal fin, deberá contar coa autorización do organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza.

3.0 Prohíbese a realización de inscricións, sinais, signos ou debuxos na pedra, árbores ou en calquera outro elemento do medio natural, así como sobre paneis informativos, elementos de valor histórico-cultural ou en calquera tipo de ben moble ou inmobile e, en xeral, o deterioro ou destrución da infraestrutura propia do Parque Natural, salvo aqueles debidamente autorizados que sexan necesarios para mellorar e completar as redes de camiños e sendeiros.

4.0 Prohíbese tirar lixo fóra dos contedores establecidos para tal fin, así como o abandono de ferrallas ou o abandono ao aire libre de maquinaria, vehículos ou calquera tipo de material alleo ao medio natural.

4.2.1.5. HÁBITATS NATURAIS E ESPECIES DE INTERESE

Obxectivos

1.0 Manter nun estado de conservación favorable os hábitats prioritarios e de interese comunitario establecidos no anexo I da DC 92/43/CEE.

2.0 Regular e fomentar o uso sostible dos hábitats naturais e seminaturais e, de xeito especial, daqueles que posúen unha área de distribución reducida no Parque Natural, así como no conxunto da Rede Natura 2000.

3.0 Manter a integridade e conservar a funcionalidade das zonas húmidas que proporcionan o medio acuático vital para a reprodución de moitas especies da fauna ameazada, *Achondrostoma arcasii*, e demais animais ligados a ambientes húmidos

Directrices

1.0 Os criterios de xestión de hábitats e especies rexeranse, en ausencia de especificacións concretas, polo considerado no artigo 6 da DC 92/43/CEE.

2.0 Estableceranse medidas específicas de xestión para os hábitats de maior fragilidade ecolóxica ou para aqueles que posúen unha escasa representación territorial no ámbito do Parque Natural ou do conxunto da Rede Natura 2000 en Galicia.

3.0 Darase prioridade, alí onde se presenten os hábitats incluídos no anexo I da Directiva 92/43/CEE, á conservación e rexeneración natural destes fronte a calquera outro tipo de actuación.

4.0 Darase prioridade á conservación dos hábitats que alberguen áreas prioritarias de

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

especies de flora ou fauna silvestre de interese para a conservación.

5.0 Darase prioridade á protección e conservación dos hábitats de especies de especial interese polo seu carácter endémico, a súa situación de ameaza ou por atoparse no límite da súa área de distribución.

6.0 Desenvolveranse un conxunto de indicadores que permitan analizar e avaliar o estado de conservación dos hábitats para tomar, se é o caso, as medidas de protección, conservación e restauración que se consideren necesarias.

7.0 Ós efectos de xestión do Parque Natural, e cando non exista unha delimitación territorial concreta dos corredores fluviais e das zonas húmidas, considérase como área mínima os límites do dominio público, máis a zona de servidume e policía, definidas na normativa básica sobre augas continentais ou ben a área delimitada pola existencia de hábitats e especies característicos dos ecosistemas acuáticos e das zonas húmidas.

Normativa

1.0 As actuacións non vinculadas ás necesidades de conservación e xestión dos compoñentes da biodiversidade ou aquelas non contempladas nos supostos de actividades permitidas ou autorizadas establecidas no presente plan, que poidan afectar de maneira significativa, individualmente ou en combinación con outras actuacións, ao Parque Natural ou ao estado de conservación dun tipo de hábitat incluído no anexo I da DC 92/43/CEE, deberán contar coa autorización do organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza. A autorización será outorgada tras unha adecuada avaliación das súas repercusións sobre o Parque Natural, de acordo co establecido no artigo 6 da DC 92/43/CEE.

2.0 O organismo autonómico competente en materia de medio ambiente e conservación da natureza velará para que o emprego de biocidas, así como de residuos urbanos, industriais ou calquera substancia química, se realice no Parque Natural dun xeito racional e conforme coa normativa vixente. Podendo limitar ou, no seu caso, prohibir aqueles usos que supoñan a destrución ou a alteración significativa dos hábitats de interese comunitario.

3.0 Prohíbese o depósito ou vertedura de materiais vexetais, derivados do mantemento de xardíns, parques ou vías, sobre os hábitats naturais ou sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación

4.2.2. NORMATIVA POR RECURSOS, USOS E ACTIVIDADES

As autorizacións que outorga o organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural formularanse de acordo co artigo 6 da Directiva 92/43/CEE trasposto ao ordenamento xurídico español na Lei 42/2007, e en coherencia cos obxectivos e directrices recollidas no presente plan.

Cando, de acordo coa lexislación sectorial vixente, as actividades descritas como de uso permitido ou autorizable no presente plan se deban someter a autorización por parte de calquera organismo da administración, enténdese que se ben estas entidades son as competentes para a expedición da devandita autorización, esta deberá supeditarse ás condicións establecidas para cada tipo de actividade no ámbito do presente plan. Deberase comunicar ao organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural a

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

mencionada solicitude e, se así o especificase a normativa do presente plan, solicitar o informe preceptivo deste organismo.

Usos permitidos

1 Con carácter xeral, considéranse usos ou actividades permitidas aquelas de carácter tradicional que sexan compatibles coa protección do Parque Natural e todos aqueles non incluídos nos grupos de actividades prohibidas ou suxeitas a autorización nin contemplados na normativa específica contida neste plan.

2 O territorio delimitado polo espazo natural e a súa área de influencia socioeconómica considéranse como áreas preferentes para o desenvolvemento daquelas actividades socioeconómicas de carácter tradicional, coherentes e respectuosas cos obxectivos de conservación. A Xunta de Galicia promoverá nestes territorios as seguintes actividades:

- a) Actividades vinculadas coa explotación racional dos recursos naturais: Agricultura, Gandería, Silvicultura.
- b) Actividades de uso público de carácter ambiental.
- c) Promoción da custodia do territorio.

3 As Administracións públicas, ao abeiro do artigo 72 da Lei 42/2007, poderán fomentar a custodia do territorio mediante acordos entre entidades de custodia e propietarios de terreos privados ou públicos que teñan por obxectivo principal a conservación do patrimonio natural e a biodiversidade.

Usos autorizables

1 Todas aquelas actividades directamente relacionadas coa saúde humana e a seguridade pública ou con outras razóns imperiosas de interese público de primeira orde ou ben que poidan ser obxectivamente consideradas como acción positivas de primordial importancia para o medio ambiente. Sempre que cumpran co disposto no artigo 6 da Directiva 92/43/CEE.

2 Considéranse usos autorizables aqueles usos que, baixo determinadas condicións, e tras a obtención das correspondentes autorizacións dos organismos ou administracións competentes, así como da autorización expresa do organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural, poden ser executados ao ser considerados compatibles cos obxectivos de conservación do espazo e dos compoñentes clave da biodiversidade, ao non levar consigo unha deterioración significativa, a curto ou medio prazo, dos seus valores.

O organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural avaliará o grao de significación da actividade e poderá autorizala tras asegurarse de que non causará prexuízo á integridade do lugar en cuestión e propoñerá, no seu caso, medidas preventivas e compensatorias, co fin de asegurar que a mencionada actividade non alcance os límites establecidos no apartado 6.3 da Directiva 92/43/CEE.

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

3 Dentro da categoría de usos autorizables inclúense tamén actividades que, sen ter unha relación directa coa xestión do Parque Natural ou sen ser necesarios para esta, poidan afectar de forma significativa ao citado lugar, xa sexa individualmente ou en combinación con outros plans e proxectos. Estas actividades, de acordo co artigo 6.3 da Directiva 92/43/CEE, someteranse a unha axeitada avaliación das súas repercusións no lugar, tendo en conta os obxectivos de conservación do lugar. Á vista das conclusións da avaliación das repercusións no lugar, e supeditado ao disposto no apartado 6.4 da mencionada directiva, o organismo competente en materia de patrimonio natural, só se declarará de acordo co plan ou proxecto tras asegurarse de que non causará prexuízo á integridade do lugar en cuestión e, se procede, tras sometelo a información pública.

Se, a pesar das conclusións negativas da avaliación das repercusións sobre o lugar e a falta de solucións alternativas, debера realizarse un plan ou proxecto por razóns imperiosas de interese público de primeira orde, incluídas razóns de índole social ou económica, as Administracións públicas competentes en materia de patrimonio natural, de acordo co artigo 6.4 da Directiva 92/43/CEE e o artigo 45 da Lei 42/2007, tomarán cantas medidas compensatorias sexan necesarias para garantir que a coherencia global da Rede Natura 2000 quede protexida.

4 Cando, de acordo coa lexislación sectorial vixente, as actividades permitidas ou autorizables no presente Plan se deban someter á autorización de organismos da administración distintos do competente en materia de patrimonio natural, entenderase que ditas entidades son as competentes para a expedición da autorización, se ben esta deberá supeditarse previamente ás condicións establecidas para cada tipo de actividade no ámbito do presente plan, polo organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural. En consecuencia, deberán ser comunicadas as solicitudes ao organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural e, se así o especificase o presente Plan, solicitar o informe preceptivo do devandito organismo.

Non obstante, existe outro tipo de actividades incluídas na presente normativa que, de acordo aos contidos do presente Plan, pasan a ser autorizadas polo organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural, en base ás atribucións do mesmo.

Usos prohibidos

1 Considérase uso prohibido aquel contrario aos obxectivos de conservación da Rede Natura 2000 e que leva consigo unha afección significativa sobre a integridade do Parque Natural ou sobre o estado de conservación dos compoñentes clave para a biodiversidade (hábitats e especies protexidas).

Usos e actividades excluídas no Parque Natural

1 O territorio delimitado polo Parque Natural considérase como área de exclusión á hora de planificar e autorizar novas actividades e aproveitamentos mineiros. Non se permitirán novas actividades extractivas. Estas explotacións producen un impacto paisaxístico crítico, incompatible cos obxectivos de protección do Parque Natural, dos seus hábitats de interese comunitario e das especies de interese para a conservación e, por outra parte, contan con

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

mínimas posibilidades de restauración a curto ou medio prazo.

2 O territorio delimitado polo Parque Natural considérase como área de exclusión á hora de planificar e autorizar novas obras e instalacións de piscicultura e aproveitamentos de enerxía eólica, fotovoltaica ou hidroeléctrica.

3 O territorio delimitado polo Parque Natural considérase como área de exclusión á hora de planificar e autorizar novas actividades industriais, incluídas nas seguintes categorías establecidas pola Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE):

Sección C. Industrias extractivas (todos os niveis).

Sección D. Industrias manufactureiras, os apartados seguintes:

Grupo 175. Outras industrias téxtiles.

Grupo 183. Preparación e tinguido de peles de peletería.

División 19. Preparación curtido e rematado do coiro.

División 21. Industria do papel.

División 23. Coquerías, refino de petróleo e tratamento de combustibles nucleares.

División 24. Industria química.

División 25. Fabricación de produtos de caucho e materias plásticas.

División 26. Fabricación doutros produtos minerais non metálicos.

División 27. Metalurxia.

División 28. Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo.

División 29. Industria da construción de maquinaria e equipo mecánico.

División 30. Subsección DL. Industrias de material e equipo eléctrico, electrónico e óptico.

4.2.2.1. USOS AGROPECUARIOS

Obxectivos

1 A agricultura e a gandería constitúen unha actividade de carácter marxinal en relación coa vocación forestal do Parque Natural e coa necesidade de conservar os valores naturais do mesmo. Agás de contribuír ao desenvolvemento sustentable no medio rural, conforme aos obxectivos establecidos na Lei 45/2007, do 13 de decembro, a normativa xeral oríentase a minimizar, cando non se eviten, as afeccións sobre os compoñentes clave do territorio: tipos de paisaxes, medios ecolóxicos, hábitats protexidos, núcleos poboacionais de especies de interese para a conservación.

Directrices

1 Promoveranse as políticas agrogandeiras que fomenten o mantemento nun estado de conservación favorable dos núcleos de poboación e das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.

2 Velarase e promoverase a aplicación de códigos de boas prácticas, así como os criterios establecidos de eco-condicionalidade.

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

3 Nos aproveitamentos agrícolas e gandeiros procurarase respectar a vexetación autóctona de carácter natural ou seminatural establecida nos lindeiros de bosques e regueiros, así como as sebes arbustivas e arbóreas, as liñas de arboredo, os pequenos bosquetes e cantos elementos naturais poidan ser significativos para a conservación da biodiversidade e, en especial, da flora e fauna silvestre. Especialmente, velarase polo mantemento de aqueles elementos que:

- Sirvan de hábitat secundario, refuxio, cría ou alimentación de especies protexidas.
- Constitúan os últimos lugares de refuxio, cría ou alimentación para os elementos silvestres de flora e fauna, por perdurar en paisaxes agrarias ou gandeiras fortemente degradadas.
- Establezan corredores biolóxicos con ou entre áreas de maior naturalidade, evitando o illamento xenético das poboacións.
- Os cercados e valados en terreos rurais deberán construírse de tal forma que non impidan a circulación da fauna silvestre.

4 As actividades da gandería deberán evitar as afeccións aos medios forestais, axustándose en todo momento aos seguintes criterios:

- No caso de gando autorizado, esixirase o mantemento da cabana en boas condicións sanitarias. A falta de certificación de vacinación levará á anulación da autorización.
- Limitarase o número de cabezas de gando no Parque Natural a aquelas declaradas polos gandeiros, non permitindo a estancia incontrolada.
- As zonas onde se leven a cabo reforestacións, así como as zonas de propagación e rexeneración de masas naturais, e máis as zonas nas que se desenvolvan proxectos de restauración ecolóxica, deberán quedar acoutadas ao pastoreo ata que non se comprometa a viabilidade da masa.
- O acceso do gando ás zonas de pasto, realizarase polos camiños ou vías existentes, evitando o paso por zonas sensibles.

Normativa

Usos permitidos: Aquellos de carácter tradicional vinculados coas explotacións agrícolas e gandeiras existentes con anterioridade á declaración do Parque Natural, que non leven consigo afeccións significativas sobre os hábitats de interese comunitario e as especies de interese para a conservación, e cumpran coa normativa sectorial vixente, coas disposicións do presente plan e que non entren en conflito coas directrices do proxecto de ordenación forestal, incluíndo entre elas:

- O cultivo ou a cría dentro das explotacións agropecuarias de especies, subespecies, variedades ou razas representativas dos sistemas tradicionais de explotación agrícola ou gandeira existentes en Galicia.

Usos autorizables: Coa finalidade de asegurar un uso sostible dos recursos naturais e o propio mantemento das explotacións agropecuarias tradicionais, considéranse actuacións suxeitas a autorización por parte do organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural as seguintes:

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

- O uso de fertilizantes e biocidas nos terreos de labor e nos pasteiros de carácter artificial sempre e cando a súa aplicación non afecte negativamente aos hábitats de interese comunitario existentes no seu ámbito, así como ás poboacións de especies de interese para a conservación, e sempre que se apliquen de maneira racional, acorde coas normativas vixentes e co código de boas prácticas.
- As concentracións parcelarias ou proxectos similares, que leven consigo unha drástica modificación da paisaxe rural do Parque Natural ou que afecten de xeito significativo ao estado de conservación dos hábitats de interese comunitario e ás especies de interese para a conservación, deberán someterse obrigatoriamente a avaliación de impacto ambiental, que se formulará seguindo os criterios establecidos no artigo 6 da Directiva 92/43/CEE, tendo en conta os obxectivos de conservación establecidos na Rede Natura 2000 e no presente plan, e acorde coa normativa sectorial vixente.
 - Gando ceibo.

Usos prohibidos: Todos os que atenten contra os valores protexidos do Parque Natural, en particular os seguintes:

- Os cambios de usos que supoñan a desaparición ou diminución significativa do estado de conservación (diminución da superficie, modificación da estrutura, cambios nas funcións ecolóxicas) dos tipos de hábitats de interese comunitario ou dos hábitats das especies de interese para a conservación.
- A eliminación de sebes e bosquetes nas áreas de aproveitamento agrícola ou gandeiro.
- O uso de biocidas. Exclúese desta consideración o uso de biocidas vinculados ao mantemento dos prados de sega (Nat-2000 6510), cando o mesmo se realice conforme á normativa xeral vixente.
- A liberación no medio natural de organismos modificados de xeito xenético.
- A introdución no Parque Natural de especies alóctonas non presentes na actualidade, cando o seu aproveitamento ou naturalización poida xerar riscos significativos sobre a pureza xenética das poboacións existentes ou xerar unha alteración significativa sobre o estado de conservación dos hábitats de interese comunitaria ou para as especies de interese para a conservación.
- O depósito de lodos de depuradoras industriais ou urbanas, así como o seu emprego como fertilizantes ou emendas dos solos agrícolas.

4.2.2.2. USOS FORESTAIS

Obxectivos

1 Na xestión forestal do Parque Natural deberán primar os aproveitamentos e usos sostibles, de modo que se minimicen, cando non se eviten, as afeccións sobre os compoñentes clave do territorio: tipos de paisaxes, medios ecolóxicos, hábitats protexidos, núcleos poboacionais de especies de interese para a conservación.

Directrices

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

1 Promoveranse as políticas forestais que fomenten o mantemento nun estado de conservación favorable dos núcleos poboacionais e das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación. Priorizando aqueles compoñentes cuxa persistencia se atopa ligada ao mantemento dos sistemas de explotación tradicional de carácter forestal.

2 Os criterios e medidas ambientais contempladas nos contratos globais de explotación e as medidas ambientais que promova o organismo autonómico competente en materia forestal e do medio rural, definiranse coa colaboración do organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural.

3 As explotacións incluídas no ámbito do Parque Natural consideraranse como prioritarias para a concesión de axudas á práctica de métodos agroambientais compatibles coa conservación das especies de interese para a conservación.

4 Fomentarase o mantemento das explotacións forestais tradicionais mediante a firma de acordos ou convenios contractuais coas comunidades de montes e cos titulares de terreos que se comprometan á aplicación de medidas ambientais compatibles coa conservación dos hábitats de interese comunitario e/ou das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.

A xestión forestal deberá desenvolverse mediante proxectos de ordenación de montes e plans técnicos de xestión redactados conforme á Lei 21/2015, do 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes. De acordo co artigo 32 desta lei, para a súa aprobación terase en conta a diversidade e necesidade de conservación dos hábitats naturais e seminaturais de interese comunitario, así como dos hábitats das especies de interese para a conservación. Os usos e aproveitamentos que nestes documentos se contemplen, non poderán supoñer en ningún caso unha redución significativa do estado de conservación destes hábitats, sobre todo, daqueles considerados como prioritarios ou que presenten unha reducida cobertura ou elevada fragilidade no Parque Natural.

As autorizacións de aproveitamentos forestais deberán establecer as medidas precisas que aseguren o respecto do arboredo e da vexetación autóctona desenvolvida baixo a masa, así como o mantemento da diversidade de biotopos (aflorescementos rochosos, regueiros, pequenos humidais).

Evitarase que as autorizacións de cortas leven consigo a desaparición de bosquetes ou a supresión de sebes arbóreas ou arbustivas nas áreas de uso agrícola ou gandeiro. O organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural poderá establecer limitacións co fin de garantir o mantemento deste tipo de hábitats.

Os aproveitamentos deberán realizarse con técnicas tradicionais e respectuosas en todo momento coa integridade do medio ambiente, garantindo o mantemento da masa, os solos e os biotopos e ecotóns que esta albergue, así como o restablecemento das condicións preexistentes ou, no seu caso, a súa substitución por formacións de carácter natural.

Os aproveitamentos forestais das formacións naturais realizaranse mediante cortas por aclareo sucesivo uniforme ou, no seu caso, por entresacas, por bosquetes ou por furoneo.

A construción de vías de saca deberá evitar, no trazado da pista, pendentes superiores ao 10%, podendo, excepcionalmente, superar este límite co fin de evitar impactos paisaxísticos negativos. Estas vías deberán contar con pasos de auga nos desaugadoiros naturais do terreo, tanto permanentes como estacionais, e os seus entroncamentos con camiños ou vías deberán

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

ser realizados tras a consulta ao organismo autonómico competente en patrimonio natural, co fin de determinar a forma idónea da súa construción. O depósito dos materiais sobrantes na construción e reparación de pistas será controlado con rigorosidade.

Os Plans de Ordenación de Recursos Forestais, as Directrices Básicas Comúns de Xestión Forestal Sustentable, os Proxectos de Ordenación, e calquera outra acción de planificación, deberán incluír disposicións para a prevención e loita contra pragas e enfermidades, con especial atención aos riscos das pragas emerxentes. Coas seguintes consideracións:

- Non poderán ser empregados fitocidas e insecticidas (salvo casos de urxente necesidade).
- Permitirase o control biolóxico ou natural determinado pola Comunidade Internacional e coñecido como Entomology Management (sempre a través de E.I.A.).
- Con carácter preferente, en labores de prevención e loita potenciarase o emprego de plantas cebos, loita biolóxica con uso de trampas de feromonas e, principalmente, a estabilización de poboacións de insectívoros mediante o uso de caixas andadeiras, así como a protección dos dormideiros de quirópteros.
- Na extinción de incendios empregaranse, preferentemente, as accións que xeren menor impacto no medio e a restauración de áreas afectadas terá carácter prioritario.

Normativa

Usos permitidos: Aqueles de carácter tradicional vinculados coas explotacións forestais existentes no Parque Natural, sempre e cando non leven consigo afeccións significativas sobre o estado de conservación dos hábitats de interese comunitario e das especies de interese para a conservación, e cumpran coas disposicións do presente plan e coa normativa sectorial vixente.

O organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural, independentemente das regulacións que poida establecer o órgano forestal competente, poderá regular dentro do Parque Natural ou denegar novas explotacións ou aproveitamentos, cando leven consigo unha afección significativa sobre o estado de conservación dos tipos de hábitats de bosques tipificados no anexo I da Directiva 92/43/CEE, así como sobre os hábitats das poboacións de especies de interese para a conservación. Ou ben cando os aproveitamentos afecten á integridade do propio Parque Natural, ao mantemento dos valores paisaxísticos ou á conectividade entre os diferentes tipos de medios ecolóxicos.

- A recollida de follaxe, castañas, cogomelos, landras e doutros pequenos froitos por parte dos propietarios dos montes para o seu propio aproveitamento, sempre que non afecte á persistencia do exemplar/es ou que desta se derive unha perda do estado de conservación dos hábitats de interese comunitario ou das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.
- A recollida de leña por parte dos propietarios dos montes para o seu propio aproveitamento.
- Aqueles recollidos nos proxectos de ordenación de montes e plans técnicos de xestión aprobados conforme á Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, e informados

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

favorablemente polo organismo competente en materia de patrimonio natural. Estas actuacións só precisarán unha declaración responsable ao órgano de xestión do Parque Natural.

- As tarefas de xestión da biomasa nas faixas primarias e secundarias, segundo o disposto na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e tendo en conta a modificación introducida pola Lei 9/2017, de 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas de Galicia.

Usos autorizables: En cumprimento do artigo 6 da Directiva 92/43/CEE e coa finalidade de asegurar o uso sostible dos recursos naturais e o propio mantemento das explotacións forestais, considéranse actividades suxeitas a avaliación e autorización preceptiva ou informe preceptivo e determinante, por parte do organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural, as seguintes:

- A recolección de vexetais e fungos con fins comerciais, mediante proxecto de explotación.
- Calquera clase de obras destinadas á prevención de incendios forestais, que teñan que ser realizadas nos montes incluídos dentro do territorio comprendido polo espazo natural, deberán someterse con antelación á súa execución a un informe previo do organismo competente en materia de patrimonio natural.
- A presenza de gando solto sen autorización.

Usos prohibidos: Todos aquelas que poidan afectar de xeito significativo á integridade do Parque Natural, ao estado de conservación dos hábitats de interese comunitario ou aos núcleos de poboación das especies de interese para a conservación.

- Calquera outro tipo de aproveitamento de madeira, non contemplado na normativa que supoña a destrución ou alteración dos hábitats incluídos no anexo I da Directiva 92/43/CEE ou das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.
- A destrución, subsolado, drenaxe, rozas mecánicas que poidan levar consigo unha afección significativa sobre o estado de conservación dos hábitats corredores fluviais (Nat-2000 3260, 3270, 91E0*).
- A introdución, plantación ou sementeira de especies exóticas, non contempladas como especies de aproveitamento forestal nos correspondentes proxectos de ordenación de montes, informados favorablemente polo organismo competente en materia de patrimonio natural.
- A introdución, plantación ou sementeira de especies exóticas sobre hábitats de importancia comunitaria.
- O uso de calquera tipo de biocidas ou herbicidas sobre hábitats incluídos na Directiva 92/43/CEE ou sobre os hábitats das especies de interese para a conservación.
- A realización de aterrazamentos nos proxectos de plantacións forestais.
- As cortas a feito e a matarrasa sobre formacións arborizadas naturais e especialmente sobre aquelas incluídas dentro do anexo I da Directiva 92/43/CEE.
- As rozas ou labores mecánicos, así como os subsolados, en liña de máxima pendente.
- A vertedura de xurros e residuos agrícolas ou industriais sobre o medio acuático, así como sobre o resto de hábitats de interese comunitario, a excepción dos diversos tipos de prados de sega contemplados na Directiva 92/43/CEE, realizados de acordo coa normativa sectorial.
- A fumigación con equipo aéreos en tratamentos continuos e masivos.

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

- As primeiras repoboacións forestais de máis de cincuenta hectáreas, cando entrañen riscos de graves transformacións ecolóxicas de carácter negativo.

4.2.2.3. URBANISMO E ORDENACIÓN TERRITORIAL

Obxectivos

- 1 Contribuír á ordenación e protección do medio rural, dos núcleos rurais de poboación que se sitúen no espazo natural e do patrimonio rural.
- 2 Garantir que os proxectos de actividades e obras, tanto de promoción pública como privada, contemplan desde o inicio a consideración dos posibles impactos ambientais, o desenvolvemento de alternativas e as medidas e partidas orzamentarias necesarias para a corrección, no seu caso, dos efectos negativos producidos, así como a súa adecuación ecolóxica e paisaxística. Todos estes elementos serán valorados de forma prioritaria á hora de estudar a concesión das pertinentes autorizacións.

Directrices

- 1 O presente plan, xunto coas disposicións do Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Parque Natural do Monte Aloia, prevalece sobre o Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Tui adaptado á LOUG, ao ordenamento urbanístico e a ordenación do territorio. Cando as súas determinacións sexan incompatibles coas da normativa urbanística en vigor, os órganos competentes revisarán estas de oficio.
- 2 A clasificación do solo dentro do Parque Natural adaptarase, coa excepción do especificado no presente plan, á normativa estatal e autonómica vixente, a cal rexerá a actividade construtiva no solo urbano e nos núcleos rurais, regulando á súa vez o posible desenvolvemento destes, co fin de asegurar a protección e conservación da paisaxe e dos compoñentes clave do Parque Natural.
- 3 Os instrumentos do plan urbanístico deberán definir as condicións que garantan a integración paisaxística das edificacións e manteñan o estilo tradicional do Parque Natural, prestando especial atención á tipoloxía e volumes, así como aos materiais de cubertas e fachadas. Para lograr este obxectivo promoveranse liñas de fomento ou subvención necesarias.
- 4 Promoverase a elaboración de estudos ou catálogos sobre arquitectura tradicional do Parque Natural e fomentaranse liñas de axuda para a adecuación das vivendas rurais á esta tipoloxía, fomentándose que na rehabilitación, mellora e nova construción de vivendas rurais, se manteña a fisionomía tradicional dos núcleos rurais.
- 5 Fomentaranse a rehabilitación de edificios fronte á construción doutros novos.
- 6 Nas edificacións promoverase especialmente a substitución dos elementos construtivos distorsionantes por outros máis acordes cos tipos tradicionais do Parque Natural.

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

7 Os instrumentos de desenvolvemento urbanístico procurarán fixar, con carácter de mínimos, as condicións necesarias para evitar a formación de pantallas arquitectónicas e garantir a integración paisaxística das vivendas e a súa harmonía co contorno.

8 Fomentarase o inventariado de edificios, elementos ou conxuntos arquitectónicos, de enxeñaría, espazos colectivos, etc., que sexan de interese polo seu valor arquitectónico, histórico, social ou cultural co obxecto de facilitar a súa rehabilitación e coñecemento, promovéndose a protección e conservación das edificacións máis valiosas.

9 Toda actuación a realizar en edificacións xa existentes adaptarase ás normas urbanísticas correspondentes.

Normativa

1 Os usos permitidos, autorizables e prohibidos en relación ao medio rural, urbanismo e ordenación territorial do Parque Natural veñen establecidos, con carácter xeral, pola normativa estatal (Lei 8/2007) e autonómica vixente (Lei 9/2002 modificada pola Lei 15/2004 e a Lei 6/2007).

2 Para o desenvolvemento das actuacións urbanísticas dentro da Rede Natura 2000, incluíndo a realización de edificacións, será necesaria a autorización do organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural, que se desenvolverá en conformidade ao artigo 6 da DC 92/43/CEE, independentemente do resto das autorización por parte doutros organismos competentes.

Usos permitidos: Permítese a mellora das construcións e instalacións existentes acordes co Decreto 274/2001, de 27 de setembro, polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do Parque Natural do Monte Aloia e da Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia.

Usos autorizables: os usos e as actividades urbanísticas que se realicen conforme ás normativas estatais e autonómicas e que, por conseguinte, estean amparados nun instrumento ou plan urbanístico adaptado a este marco normativo, sempre e cando se desenvolvan de xeito respectuoso cos obxectivos de conservación do Parque Natural, e non provoquen unha afección significativa sobre a súa integridade, a calidade da paisaxe e o funcionamento dos ecosistemas, e non supoñan unha redución do estado de conservación dos hábitats naturais ou das especies de interese para a conservación.

Mediante a aprobación dun plan especial de dotacións, regulado polo artigo 71 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, poderán incluírse dentro da zona de uso xeral e da zona de uso moderado equipamentos comunitarios de carácter educativo.

Usos prohibidos: Considéranse usos especificamente prohibidos os seguintes:

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

- La construción de cemiterios dentro dos límites do Parque Natural.
- A instalación de casas prefabricadas e instalacións similares, provisionais ou permanentes, con fins residenciais fóra dos núcleos rurais ou das áreas urbanas.
- A construción de instalacións para a explotación gandeira de carácter industrial.
- O resto das actividades urbanísticas non contempladas nesta norma zonal considéranse como prohibidas.

4.2.2.4. INFRAESTRUTURAS E OBRAS

Obxectivos

- 1 Procurar minimizar o impacto sobre o medio natural no desenvolvemento de infraestruturas (viarias, transporte de enerxía e datos, estacións radioeléctricas, etc) cando estas se realicen fóra dos núcleos urbanos ou das áreas industriais.
- 2 Protexer o patrimonio natural e cultural do Parque Natural, realizando as medidas de restauración necesarias para minimizar o impacto paisaxístico das infraestruturas e obras existentes que así o requiran.
- 3 Garantir que os proxectos de actividades e obras, tanto de promoción pública como privada, contemplan desde o inicio a consideración dos posibles impactos ambientais, o desenvolvemento de alternativas e as medidas e partidas orzamentarias necesarias para a corrección, no seu caso, dos efectos negativos producidos, así como a súa adecuación ecolóxica e paisaxística. Todos estes elementos serán valorados de forma prioritaria á hora de estudar a concesión das pertinentes autorizacións.
- 4 Procurar, en coordinación coa administración estatal e autonómica, a conservación e ordenación dos recursos naturais existentes no dominio público.

Directrices

- 1 Os proxectos definirán e incorporarán de forma precisa as medidas de control da erosión e a restauración e integración paisaxística da obra. Estas medidas referiranse, non só aos elementos principais da obra, senón tamén aos accesos provisionais e definitivos, conducións, plataformas de traballo, vertedoiros, empréstitos e a cantas superficies visen alterada a súa cuberta vexetal ou modificadas as súas condicións de equilibrio.
- 2 No deseño e execución das obras deberán minimizarse os efectos erosivos e a alteración hidrolóxica sobre os hábitats naturais e seminaturais, e especialmente sobre os hábitats prioritarios.
- 3 Evitarase a localización de instalacións ou infraestruturas nos cumes de maior altitude do Parque Natural, así como naqueles picos que posúan unha grande singularidade cultural, paisaxística ou ambiental.
- 4 Como criterio para a apertura de novos desmontes, gabias ou viais tomarase aquel que

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

supoña, en primeiro lugar, un menor impacto ambiental sobre os elementos da paisaxe, os hábitats e as especies protexidas.

5 Os materiais sobrantes das obras de mantemento, restauración, modificación ou desmantelamento deberán ser retirados e xestionados segundo a lexislación vixente.

6 No deseño e mantemento de infraestruturas, teranse en conta as necesidades de paso da fauna silvestre, habilitando as medidas necesarias que permitan e favorezan este fluxo.

7 En caso de ser necesaria a introdución de material vexetal (plantas, vástezas, sementes) para a restauración de noiros e áreas alteradas, empregaranse unicamente especies autóctonas, elixindo aquelas propias dos hábitats circundantes á zona de obra.

8 Controlaranse e eliminaranse as especies exóticas e invasoras dos viais e das áreas afectadas polas obras.

Normativa

Usos permitidos: Co fin de evitar as afeccións sobre hábitats de interese comunitario ou sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación da fauna e flora silvestre, observaranse as seguintes normas:

1 Na planificación das novas vías, así como nos labores de mantemento das existentes, optarase por:

- Aplicación de técnicas de enxeñaría branda ou bioenxeñaría nas novas obras.
- O emprego especies vexetais autóctonas na configuración das sebes das medianas, beiravías, rotondas e áreas de descanso.
- Nos puntos de evacuación da auga instalaranse dispositivos co fin de reducir a súa capacidade erosiva. No deseño e mantemento destes puntos empregaranse técnicas brandas ou de bioenxeñaría.
- A saburra empregada na construción será do mesmo material xeolóxico que o existente na traza, en ningún caso residuos industriais ni de demolición.

2 Nas obras de restauración ou de rexeneración ambiental seguiranse ademais os seguintes criterios:

- Na construción, mantemento ou modificación de paseos non se modificarán os hábitats de interese comunitario e dos hábitats da especies de interese para a conservación e, especialmente, daqueles considerados como prioritarios.
- O mantemento ou modificación das construcións existentes deberá formularse cara á restauración das condicións ecolóxicas, substituíndo no posible os muros verticais, diques ou noiros de pedra.
- Na vexetación de noiros e áreas alteradas utilizaranse unicamente especies autóctonas propias da zona do Parque Natural onde se realiza a obra.
- Empregaranse igualmente especies vexetais autóctonas nas plantacións ou

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

sementeiras que se realicen en medianas, beiravías, rotondas e áreas de descanso.

3 Nas labores de mantemento das infraestruturas lineais existentes no Parque Natural, empregaranse as técnicas e métodos que aseguren una mínima afección sobre os recursos naturais e, de forma especial, sobre as augas, os solos, os tipos de hábitats do anexo I da Directiva 92/43/CEE ou sobre os núcleos poboacionais de especies de interese para a conservación, a través dos que discorre a traza.

Usos autorizables: No mantemento das áreas de servidume das infraestruturas lineais, poderá autorizarse excepcionalmente o uso selectivo de herbicidas ou biocidas, sempre e cando a súa aplicación non supoña unha afección significativa sobre o estado de conservación dos hábitats do anexo I da Directiva 92/43/CEE, ou sobre os hábitats que alberguen núcleos poboacionais de especies de interese para a conservación existentes nas marxes destas infraestruturas.

Na xestión das medianas e áreas de servidume das infraestruturas lineais que discorren polo Parque Natural, estableceranse medidas de control co fin de evitar o establecemento ou expansión de especies invasoras que poidan afectar ao estado de conservación dos hábitats ou dos núcleos poboacionais de especies de interese para a conservación existentes no Parque Natural.

Ás liñas eléctricas aéreas de alta tensión con condutores espidos situadas en zonas de protección, que sexan de nova construción, ou que non contén cun proxecto de execución aprobado antes e a entrada en vigor do Real Decreto 263/2008, 22 febreiro, derogado pola disposición derogatoria única do R.D. 1432/2008, do 29 de agosto, polo que se establecen medidas para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión (B.O.E. do 13 setembro o 14 de setembro de 2008), así como ás ampliacións ou modificacións de liñas eléctricas aéreas de alta tensión xa existentes, seranlles aplicadas as medidas de protección contra a electrocución e as medidas de protección contra a colisión recollidas no referido R.D. 1432/2008.

Usos prohibidos: Co fin de limitar os efectos prexudiciais para a saúde humana, derivados da exposición a curto e longo prazo, de substancias e preparados perigosos, prohíbese o emprego de madeira tratada con creosota ou outros derivados de hexacloroetano (Directiva 90/2001/CE, Orde PRE/2666/2002, do 25 de outubro, pola que se modifica o anexo I do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, BOE 261, 31/10/2002), na construción de áreas de uso público, (pasarelas, instalacións recreativas e de ocio ao aire libre), así como en calquera tipo de construción na que exista risco de contacto frecuente coa pel.

- A vertedura directa, ou con certa intensidade, sobre materiais disgregables ou en áreas de importantes pendentes, así como nos medios acuáticos naturais ou seminaturais e, especialmente, sobre regueiros, lagoas, turbeiras, queirogais húmidos e sobre os rochedos.
- O uso de residuos industriais, nin de construción o demolición como saburra.
- Colocación de mobiliario urbano sobre hábitats naturais.
- Uso de materiais alleos ao medio (formigón, aceiro inoxidable, materiais plásticos, etc.) no acabado e exteriores.

4.2.2.5. USO PÚBLICO E ACTIVIDADES DEPORTIVAS

Obxectivos

- 1 Compatibilizar o uso público e as actividades recreativas e deportivas cos obxectivos de conservación do Parque Natural e co desenvolvemento do medio rural.
- 2 Ordenar e facilitar o goce do visitante baseado nos valores do Parque Natural, de modo compatible coa súa conservación. Darase prioridade e fomentaranse as actividades de paseo e contemplación. Ofreceranse para iso áreas onde poder apreciar a integridade do ambiente natural. Neste sentido, prestarase especial atención aos valores culturais, estéticos, educativos e científicos, dándolles prioridade sobre os de carácter meramente turístico, deportivo ou recreativo.
- 3 Achegar a poboación cara a un ámbito natural, co fin de aumentar o seu coñecemento sobre este medio así como lograr unha maior sensibilización, sobre todo no caso das poboacións urbanas, cara á necesidade da súa conservación.

Directrices

- 1 Adecuar a intensidade de uso do espazo á súa capacidade de acollida.
- 2 Promover coa Administración estatal, autonómica e provincial, así como cos municipios integrados na zona de influencia socio-económica, o uso público, turístico e recreativo de carácter sostible no Parque Natural.
- 3 Impulsarase o uso público, como elemento dinamizador do desenvolvemento socioeconómico da poboación residente na área de influencia do Parque Natural.
- 4 Proceder á debida sinalización, tanto sinalización viaria externa, como nos accesos ao espazo natural, así como para aquelas infraestruturas e equipamentos dispoñibles para o uso público.
- 5 O organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural poderá establecer regulacións específicas ao exercicio das actividades deportivas que se poidan desenvolver no Parque Natural, cando desta se deriven ou, previsiblemente, poidan derivarse prexuízos económicos sobre outras actividades, sobre o uso público do espazo e, por conseguinte, sobre a seguridade das persoas ou sobre os compoñentes clave do Parque Natural.
- 6 Realizarase un axeitado seguimento e avaliación das actividades de uso público e recreativo dentro do Parque Natural que atenderá, especialmente, aos efectos sobre o medio natural e á calidade da visita, aplicándose cando sexa adecuado, as oportunas medidas correctoras.

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

Normativa

Usos permitidos:

- O tránsito a pé polo Parque Natural, sempre e cando se realice de forma racional, respectando a propiedade privada e as actividades e aproveitamentos existentes, así como a normativa sectorial, a do presente plan e as regulacións que poida establecer o organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural.
- O tránsito polas vías (estradas de titularidade estatal, autonómica ou provincial, viais de servizo, rúas e camiños existentes, pistas agrícolas ou forestais, e as vinculadas co mantemento de infraestruturas) nas que se permite o uso de vehículos, cabalarías ou o tránsito peonil, farase acorde coa normativa e disposicións sectoriais en materia de circulación e seguridade vial.

Usos autorizables:

- As competicións deportivas de montaña (carreiras pedestres e de bicicleta de montaña) con posibilidade de poñer condicionantes ao número de participantes, itinerario ou datas.
- O uso da imaxe, marca ou sinais de identidade gráfica do Parque Natural.

Usos prohibidos: Considéranse incompatibles cos obxectivos de conservación do Parque Natural e consecuentemente prohibidos, as actitudes ou comportamentos dos visitantes que supoñan os aspectos seguintes:

- A falta de consideración e respecto ao resto de visitantes.
- Lanzamento ou precipitación de pedras ou outros obxectos.
- A utilización a alto volume de radios e outros instrumentos que emitan son, de modo que perturben a tranquilidade da zona.
- O uso de megáfonos, salvo por razóns de seguridade.
- Non respectar os sinais, os itinerarios e as zonas de acceso prohibidos ou restrinxidos temporalmente, así como saírse de camiños e vías de tránsito autorizados.
- Molestar os animais, mediante ruídos, lanzamentos de pezas ou outros obxectos.
- Circular con vehículos motorizados incumprindo os sinais e normativas a tal efecto, así como aparcar fora dos lugares indicados.
- Non respectar as indicacións dos axentes do organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural ou do persoal de información do Parque Natural.
- A circulación e aparcamento sobre hábitats de interese comunitario ou sobre os hábitats das especies de interese para a conservación.

4.2.2.6. ACTIVIDADES CIENTÍFICAS E SEGUIMIENTO

Obxectivos

- 1 Fomentar o coñecemento sobre a dinámica ou evolución dos compoñentes e dos procesos naturais no Parque Natural.

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

2 Regular as actividades científicas e de seguimento do Parque Natural co fin de evitar a afección aos compoñentes da biodiversidade.

Directrices

1 As investigacións científicas serán efectuadas por persoal cualificado logo da avaliación dunha proposta técnica que conterá a información necesaria para avaliar a incidencia da actividade sobre o medio ambiente (paisaxe, medios ecolóxicos, hábitats protexidos, especies de interese para a conservación).

2 Favorecerase a realización de traballos de investigación relacionados coa ecoloxía e a bioloxía dos compoñentes da biodiversidade do Parque Natural, fomentándose a investigación naqueles temas de interese para a xestión e conservación destes.

3 Todos os traballos científicos ou de investigación que se realicen no ámbito do Parque Natural utilizarán as técnicas e métodos menos impactantes posibles para o medio natural.

4 Limitarase a recolección de espécimes e mostras biolóxicas ou de rochas, minerais e fósiles aos casos estritamente necesarios, establecéndose as condicións de captura ou recollida nas que se indiquen as cantidades, lugares, épocas e modo de realización.

5 Crearase un depósito bibliográfico e un repositorio público dixital con copias dos estudos e traballos realizados no Parque Natural e na súa área de influencia.

Normativa

Usos permitidos: Non existen usos científicos directamente permitidos.

Usos autorizables: Toda actividade científica ou de investigación que se desenvolva no Parque Natural deberá ser autorizada polo organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural e adaptarse ás normas e condicionantes contemplados na autorización. O investigador deberá entregar un informe completo das investigacións realizadas.

- As actividades científicas ou de investigación que afecten a especies ou hábitats de interese para a conservación deberán contar coa autorización expresa do organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural.
- As actividades presentarán un proxecto detallado sobre os labores de investigación previstos, medidas preventivas sobre a recollida, captura, extracción ou sobre os métodos de estudo.
- Para a realización de actividades científicas ou de investigación poderanse outorgar permisos especiais para o transporte de material e persoas polas vías de tránsito restrinxido.
- Igualmente poderase autorizar a instalación dos campamentos e infraestruturas necesarias en áreas non habilitadas a tal fin, con carácter temporal e con impacto visual e

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

ecolóxico mínimo.

- O responsable das investigacións realizadas nun Parque Natural deberá proceder aos traballos necesarios para a restauración das condicións naturais que houbera con anterioridade.
- As actividades de investigación ou seguimento non poderán deixar pegadas permanentes que vaian en detrimento dos valores naturais e culturais.

Usos prohibidos: Calquera investigación non autorizada.

4.2.3. NORMATIVA ZONAL

As tres categorías son as seguintes: zona de uso limitado, zona de uso compatible e zona de uso xeral.

4.2.3.1. ZONA DE USO LIMITADO (PNMA-1)

Definición

1 Territorios cun valor de conservación alto, cunha porción significativa de hábitats do anexo I da Directiva 92/43/CEE, cunha elevada naturalidade e diversidade, que mostran, xeralmente, unha maior representación territorial dos hábitats de interese comunitario fronte aos de carácter prioritario, ou ben, unha porción significativa das áreas prioritarias das especies silvestres de flora e fauna de interese para a conservación. Coa singularidade de que estas unidades intégranse nun territorio cun nivel importante de humanización, no que existe unha porción tamén significativa de hábitats de interese comunitario, cuxa composición, estrutura e dinámica está intimamente vencellada ao mantemento dos sistemas de aproveitamento tradicional.

Obxectivos

- 1 Nestas áreas, deberase restrinxir ou, no seu caso, prohibir calquera uso diferente dos que actualmente se derivan das actividades agropecuarias e forestais de carácter tradicional e que non sexan compatibles cos obxectivos de conservación.
- 2 Manter ou, no seu caso, restaurar as paisaxes, os ecosistemas, os hábitats protexidos e as áreas prioritarias para as especies de interese para a conservación, nun estado de conservación favorable.
- 3 Mantemento dos usos tradicionais por parte da poboación local, evitando aqueles que supoñan un risco grave para a conservación ou dinámica dos hábitats naturais e das poboacións de especies de flora e fauna de interese para a conservación.
- 4 Os aproveitamentos dos recursos naturais deberán someterse a melloras que permitan un aproveitamento máis eficaz destes, mantendo os criterios de sostibilidade e de

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

ecocondicionalidade.

5 Ordenación e regulación das actividades deportivas e recreativas de baixa incidencia ambiental, especialmente o sendeirismo, excursionismo e actividades afíns, sempre que non produzan deterioración significativa de hábitats e especies.

Directrices

1 Na zona de uso limitado darase prioridade as actividades de conservación e restauración vinculadas cos compoñentes da xeodiversidade e biodiversidade do Parque Natural, e especialmente as vinculadas coa loita contra a contaminación e a erosión, incendios forestais, eliminación de especies exóticas. Minimizando ou no seu caso evitando calquera afección significativa sobre os compoñentes ambientais que sustentan a delimitación da zona de uso limitado.

2 Fomentar a conservación e restauración das paisaxes culturais e, de xeito especial, as vinculadas con valores históricos, ecosistemas de explotación tradicional e sostible dos recursos naturais.

3 Fomento da conservación e a restauración natural dos hábitats naturais e dos núcleos das especies de interese para a conservación, garantindo en todo momento o mantemento da súa naturalidade, así como da súa diversidade taxonómica e xenética.

4 Velar para que os aproveitamentos e labores de carácter tradicional, que se realicen sobre os recursos naturais, empreguen técnicas que minimicen os impactos e sexan de carácter sostible.

5 Os mosaicos e sistemas de prados mesófilos (Nat-2000 6510, 6520), debido ao seu carácter de hábitat de interese comunitario, serán receptores preferentes das actuacións de mellora. Potenciaranse accións que aumenten a diversidade estrutural e paisaxística mediante a aplicación de plans compatibles co medio ambiente.

6 Fomentar a conservación e recuperación do bosque natural, substituindo as formacións existentes de eucaliptais, piñeirais e outras especies alóctonas por formacións nativas en forma de monte alto irregular.

7 Evitarase a existencia de grandes superficies continuas, cubertas polo mesmo tipo de vexetación de carácter sinántropico.

Normativa

Usos permitidos:

- Os usos destinados a conservación e rexeneración dos hábitats e especies de interese.

Usos autorizables:

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

- O uso científico e investigación.
- As actividades do acceso público reguladas.
- O arranxo das pistas e estradas.

Usos prohibidos:

- Calquera práctica agropecuaria.
- O aproveitamento de madeira nin de leña.
- As rozas e a apertura de novas devasas
- A recolección de materiais xeolóxicos, biolóxicos o culturais, salvo nas actividades de investigación ou que teñan relación coa xestión do Parque Natural.
- O uso forestal fóra das plantacións destinadas á rexeneración ou recuperación dalgún hábitat representativo.
- Todos os usos urbanísticos, realización de edificacións e infraestruturas a excepción da mellora das construcións, instalacións existentes acordes co PORN
- O tránsito fóra dos carreiros sinalados, salvo naqueles casos autorizados pola Administración do Parque Natural, así como a práctica de deportes incluíndo a caza.
- A circulación con calquera tipo de vehículo, a excepción do persoal do Parque Natural.

4.2.3.2. ZONA DE USO COMPATIBLE (PNMA-2)

Definición

1 Territorios con valor de conservación medio. Son áreas xeralmente en mosaico, nas que en conxunto predominan medios antrópicos e seminaturais, entre estes últimos atópanse un importante número de hábitats de interese comunitario, cuxa composición, estrutura e dinámica está intimamente vencellada ao mantemento dos sistemas de aproveitamento tradicional. As zonas de uso compatible poden albergar ademais pequenas áreas configuradas por hábitats prioritarios ou hábitats ou ben localidades que integran as áreas prioritarias de conservación de especies catalogadas a nivel nacional ou autonómico, ou son consideradas como protexidas pola normativa comunitaria ou internacional.

2 Nestas áreas, régulanse as actividades non tradicionais que poidan levar consigo un empeoramento do estado de conservación dos hábitats e diminución das poboacións de especies de flora e fauna de interese para a conservación. A zona de uso compatible actúa a xeito de área de amortecemento entre as zonas de uso xeral e as zonas de maior valor de conservación.

Obxectivos

1 Manter ou, no seu caso, restaurar as paisaxes, os ecosistemas, os hábitats protexidos e as áreas prioritarias para as especies de interese para a conservación, nun estado de conservación favorable.

2 Mantemento dos usos tradicionais por parte da poboación local, evitando aqueles que

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

supoñan un risco grave para a conservación ou dinámica dos hábitats naturais e das poboacións de especies de flora e fauna de interese para a conservación

3 Ordenación e regulación das actividades deportivas e recreativas de baixa incidencia ambiental, especialmente o sendeirismo, excursionismo e actividades afíns, sempre que non produzan deterioración significativa de hábitats e especies.

Directrices

1 O organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural poderá regular os aproveitamentos dos recursos naturais, así como denegar novas explotacións, cando sexan contrarias ou afecten de maneira significativa á integridade da zona, ou sobre o estado de conservación dos hábitats do anexo I da Directiva 92/43/CEE ou das áreas prioritarias de conservación das especies de interese para a conservación.

2 Fomentar a conservación e restauración das paisaxes naturais, dos hábitats naturais e dos núcleos de poboación das especies de interese para a conservación, garantindo en todo momento o mantemento da súa naturalidade, así como da súa diversidade taxonómica e xenética.

3 Fomentar a aplicación e desenvolvemento de códigos de boas prácticas como criterios orientadores da xestión sostible dos recursos naturais, así como promover e velar pola aplicación dos requisitos establecidos na normativa e programas de ecocondicionalidade.

4 Os aproveitamentos dos recursos naturais poderán someterse a melloras que permitan un aproveitamento máis eficaz destes, mantendo os criterios de sostibilidade e de ecocondicionalidade.

5 Evitarase a existencia de superficies cubertas polo mesmo tipo de vexetación de carácter sinántropico.

6 Os mosaicos e sistemas de prados mesófilos (Nat-2000 6510, 6520), debido ao seu carácter de hábitat de interese comunitario, serán receptores preferentes das actuacións de mellora. Potenciaranse accións que aumenten a diversidade estrutural e paisaxística mediante a aplicación de plans compatibles co medio ambiente.

7 Fomentar a conservación e recuperación do bosque natural, substituindo as formacións existentes de eucaliptais, piñeirais e outras especies alóctonas por formacións nativas en forma de monte alto irregular.

8 O Parque Natural instará aos propietarios á adecuación das masas arborizadas e das novas plantacións ás distancias mínimas establecidas pola normativa forestal e de defensa contra os incendios forestais.

Normativa

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

Usos permitidos:

- As labores destinadas ao desenvolvemento da actividade forestal, e que non atenten contra as determinacións dos instrumentos de xestión do Parque Natural.
- Os usos e actuacións destinados a mellorar as condicións naturais e paisaxísticas do Parque Natural ou a facilitar a realización de actividades científicas e didácticas, a condición de que eviten alteración e degradación do arboredo autóctono.
- O acceso e desprazamento dos visitantes sometidos a certas limitacións.

Usos autorizables:

- O uso científico.
- Calquera práctica agropecuaria.
- A apertura e arranxo de novas estradas e pistas.
- A realización de rutas e carreiros didácticos, actividades de recreo ao aire libre e actividades interpretativas, autorizados pola dirección do Parque Natural.

Usos prohibidos:

- A transformación en solo agrícola.
- A circulación de vehículos a motor polas pistas e camiños, exceptuando os vehículos utilizados en actividades forestais e agrarias e aquelas expresamente autorizadas polo órgano competente en materia de conservación do patrimonio natural.
- No uso forestal, a repoboación con novas especies vexetais alóctonas.
- Todos os usos urbanísticos, realización de edificacións e infraestruturas a excepción da mellora das construcións, instalacións existentes acordes co PORN.
- A caza e outras actividades deportivas.

4.2.3.3. ZONA DE USO XERAL (PNMA-3)

Definición

1 Territorios cun valor de conservación medio ou baixo nos que predominan os medios seminaturais, cunha reducida naturalidade e medios sinantrópicos, desvinculados, na maioría dos casos, dos sistemas de explotación tradicional dos recursos naturais.

2 Inclúe os territorios do Parque Natural que nos instrumentos ou plans urbanísticos, vixentes, adaptados e conformes á normativa estatal e autonómica en materia de ordenación do territorio e urbanismo, teñan a cualificación e delimitación de solo de núcleo rural ou de solo urbano consolidado.

3 Inclúe as zonas de dominio público das infraestruturas de comunicación de titularidade estatal, autonómica, provincial ou local.

4 Na planificación do Parque Natural, a zona de uso xeral debe ser capaz de absorber a maior parte das actividades de carácter recreativo, co fin de reducir a presión destas sobre as

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

áreas que posúen hábitats ou especies cunha elevada fragilidade.

Obxectivos

- 1 Manter a naturalidade da área, evitando as perdas de elementos característicos do Parque Natural.
- 2 Mantemento dos usos tradicionais por parte da poboación local, evitando aqueles que supoñan un risco grave para a conservación ou dinámica dos hábitats naturais e das poboacións de especies de flora e fauna de interese para a conservación
- 3 Ordenación e regulación das actividades deportivas e recreativas de baixa incidencia ambiental, especialmente o sendeirismo, excursionismo e actividades afíns, sempre que non produzan deterioración significativa de hábitats e especies.

Directrices

- 1 O organismo autonómico competente en materia de patrimonio natural poderá regular os aproveitamentos dos recursos naturais, así como denegar novas explotacións, cando sexan contrarias ou afecten de maneira significativa á integridade da zona, ou sobre o estado de conservación dos hábitats do anexo I da Directiva 92/43/CEE ou das áreas prioritarias de conservación das especies de interese para a conservación.
- 2 Arbitraranse medidas de carácter económico especiais para os encraves rurais existentes nesta zona o no seu ámbito de influencia, mediante subvencións ou beneficios fiscais, para o desenvolvemento dos diferentes sectores produtivos e a mellora na súa calidade de vida.
- 3 Fomentase a aplicación e desenvolvemento de códigos de boas prácticas como criterios orientadores da xestión sostible dos recursos naturais, así como promover e velar pola aplicación dos requisitos establecidos na normativa e programas de ecocondicionalidade.
- 4 Os aproveitamentos dos recursos naturais poderán someterse a melloras que permitan un aproveitamento máis eficaz destes, mantendo os criterios de sostibilidade e de ecocondicionalidade
- 5 Evitarase a existencia de grandes superficies continuas, cubertas polo mesmo tipo de vexetación de carácter sinantrópico.
- 6 Os mosaicos e sistemas de prados mesófilos (Nat-2000 6510, 6520), debido ao seu carácter de hábitat de interese comunitario, serán receptores preferentes das actuacións de mellora. Potenciaranse accións que aumenten a diversidade estrutural e paisaxística mediante a aplicación de plans compatibles co medio ambiente.
- 7 Fomentar a conservación e recuperación do bosque natural, substituíndo as formacións existentes de eucaliptais, piñeirais e outras especies alóctonas por formacións nativas en forma

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

de monte alto irregular.

8 Adequaranse as masas arborizadas e as novas plantacións ás distancias mínimas establecidas pola normativa forestal e de defensa contra os incendios forestais.

Normativa

Usos permitidos:

- Permítese o uso recreativo que non supoña unha deterioración das condicións naturais destes espazos.
- Permítese os usos e actuacións destinados a mellorar as condicións naturais e paisaxísticas destes espazos ou facilitar a realización de actividades científicas e didácticas, evitando a alteración e degradación da vexetación autóctona.
- Considérase permitido o aproveitamento de fungos e cogomelos (Decreto 50/2014, cap. VI)
- O uso de vehículos a motor polos viarios pavimentados e os aparcadoiros, quedando limitado a 20 toneladas o peso máximo autorizado por vehículo con excepción da estrada Tui-Gondomar.

Usos autorizables:

- As obras de mellora dos viarios sen que supoñan unha deterioración dos valores naturais que se pretende protexer.
- A escalada, espeleoloxía e a práctica de outros deportes

Usos prohibidos:

- As verteduras de calquera tipo de materiais, lixo e residuos fóra dos puntos especialmente habilitados para tal fin.
- O estacionamento de vehículos, salvo nas áreas debidamente acondicionadas a tal fin.

5 PLAN DE XESTIÓN DE EMERXENCIAS

5.1 OBXECTIVO

O plan de emerxencias pretende coa súa implantación optimizar a utilidade dos recursos materiais e humanos dispoñibles polo Parque Natural co obxectivo de controlar de forma rápida a evolución da emerxencia e minimizar consecuencias.

Os conceptos de accidente e emerxencia están moi relacionados entre si, podendo definirse como sucesos inesperados ou non desexados que interrompen o desenvolvemento normal dunha actividade. Nalgúns casos comportarán consecuencias económicas e noutros se producirán lesións a persoas.

As medidas contra accidentes-emerxencias son a prevención, a protección e a reparación. A prevención, como medidas dirixidas a que non se produza a situación non desexada; a protección, como conxunto de medidas que tenten neutralizar a emerxencia producida; a reparación, como conxunto de medidas dirixidas para reparar o dano provocado polo accidente ocorrido.

5.2 INTRODUCCIÓN

5.2.1 PLANS DE PROTECCIÓN CIVIL EN GALICIA

A Comunidade Autónoma de Galicia en virtude das súas competencias en materia de protección civil elabora o Plan Territorial de Emerxencias de Galicia (PLATERGA). Este é un instrumento de carácter técnico que comprende un conxunto de normas e procedementos de actuación que constitúen o sistema e dispositivo de resposta das administracións públicas fronte a calquera situación de emerxencia que se produza no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, entendendo como emerxencia a estes efectos aquela emerxencia non ordinaria, é dicir, aquela que supera a capacidade de resposta dos dispositivos habituais de atención a emerxencias, e que non necesita, por tanto, das medidas adicionais e extraordinarias que supoñen a activación do Plan.

Dentro do territorio galego atópanse desenvolvidos os Plans Especiais:

- Mercadorías Perigosas: Enquisa TMP 2013 (transporte de mercadorías pedregosas)
- Inundacións
- Incendios forestais
- SISMIGAL (Sísmico en Galicia)


Estes plans, supoñen a planificación das respostas fronte ás diferentes situacións de emerxencia, a intervención para anular as causas, corrixir e minimizar os efectos das catástrofes e as calamidades públicas, restablecer os servizos esenciais, preparar ás persoas que pertencen a grupos de intervención e informar e formar ás persoas e colectivos implicados. O "PEIFOGA" é o plan de protección civil e emerxencias por incendios forestais de Galicia e prevé a redacción de Plans de Actuación Municipal, con obxecto de establecer a organización e o procedemento de actuación dos recursos e servizos.

5.2.2 ZONAS DE ALTO RISCO DE INCENDIOS (ZAR)

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

O Parque Natural queda incluído no PEIFOGA dentro das áreas xeográficas de alto risco de incendio forestal. Pertence ao distrito forestal XVIII Vigo-Baixo Miño.

Estas áreas xeográficas presentan un alto nivel de risco para as persoas, infraestruturas e bens inmobles ou ben son zonas que polo seu valor ecolóxico merecen unha atención especial, cun índice de perigo local alto.



Plano 6.4. Plan Especial de Protección Civil ante Emerxencias de Incendios PEIFOGA.

5.3 MEDIO FÍSICO

As características do territorio, ámbito xeográfico e rede de infraestruturas, quedan descritas ao longo do desenvolvemento do presente PRUX.

5.4 IDENTIFICACIÓN DE RISCOS

Segundo o Plan Territorial de Emerxencias de Galicia (PLATERGA) defínense os riscos como os posibles fenómenos ou sucesos de orixe natural, xerados pola actividade humana ou pola interacción de ambos, que poden dar lugar a danos para as persoas, bens e/ou o medio

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

ambiente.

Xenericamente pódense definir tres tipos principais de riscos:

a) Riscos naturais

Son aqueles debidos a factores xeográficos e climáticos. En ocasións son riscos previsibles en función da situación atmosférica e xeográfica das zonas. Adoitan manterse nun nivel constante ao longo do tempo e, en xeral, obrigan a facer unha planificación sobre as consecuencias.

Identifícanse os seguintes riscos deste tipo no Parque Natural:

- Temporais e tormentas: poden provocar caída de árbores e outros elementos, corte de vías de comunicación, danos en construcións e illamentos de poboacións ou persoas, debido aos danos ocasionados no medio polo impacto de lóstregos.
- Chuvias intensas e persistentes: poden presentar efectos semellantes ao apartado anterior, ao que habería que sumar o risco de correntamentos e arrastre de terras, especialmente en áreas sen protección vexetal por incendios, arados recentes, etc.
- Sismos: de efectos practicamente instantáneos. A planificación realizarase sobre as consecuencias e non sobre a súa prevención.

b) Riscos tecnolóxicos

Débense á existencia de actividades de carácter tecnolóxico e de estruturas fixas ou móbiles, deseñadas e construídas polo home. Os seus efectos son facilmente previsibles, pero non se pode definir a priori en que momento van producir. O factor de prevención é moi importante, o risco pódese reducir de modo drástico.

c) Riscos antrópicos

Son aqueles provocados ou derivados das accións ou actividades humanas, pasadas ou presentes.

Identifícanse os seguintes riscos deste tipo no Parque Natural:

- Asociados ao tráfico e transporte público: accidentes de vehículos e atropelos, e saturación dos aparcadoiros existentes.
- Incendios forestais.
- Accidentes, incidentes e danos a persoas sufridos por residentes ou usuarios do Parque Natural durante o desenvolvemento de actividades normalmente permitidas:
 - Mentres se percorren sendeiros do Parque Natural: lesións, picaduras de especies venenosas, caídas en pozos de rega tradicionais, caída de elementos naturais (pólas, rochas), derrubes de elementos antrópicos (muros de pedra, etc.), problemas cardíacos e outras urxencias médicas.
 - Durante a visita ás instalacións de uso público: lesións, problemas cardíacos e outras urxencias médicas.
 - Durante a observación de flora e fauna: semellantes aos expostos para o percorrido de sendeiros.

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

- Durante a realización de tarefas agropecuarias o silvícolas: lesións, accidentes con maquinaria ou ferramenta, picaduras de especies venenosas, problemas cardíacos e outras urxencias médicas.
- Accidentes, incidentes e danos a persoas sufridos por usuarios do Parque Natural durante o desenvolvemento de actividades deportivas ou outras actividades suxeitos a autorización.
- Accidentes derivados de actividades de carácter tecnolóxico e de estruturas fixas ou móbiles, deseñadas e construídas polo home.

A identificación de riscos debe contar cunha cartografía que identifique as zonas nas que é máis probable que se dean os riscos anteriores, por exemplo as rutas do Parque Natural.

5.5 MEDIDAS DE PROTECCIÓN

As medidas de protección son aquelas accións deseñadas para impedir ou diminuír os danos a persoas e bens materiais, naturais ou culturais que poidan producirse en calquera tipo de emerxencia.

As medidas de protección poden ser:

a) Medidas de protección á poboación: Considerándose como mínimo as seguintes:

- Avisos á poboación afectada.
- Confinamento en lugares seguros.
- Evacuación e asistencia social.
- Seguridade cidadá.
- Control de accesos.

b) Medidas de socorro. Considerando as situacións que representan unha ameaza para a vida e saúde das persoas:

- Procura, rescate e salvamento.
- Primeiros auxilios.
- Transporte sanitario.
- Clasificación, control e evacuación de afectados con fins de asistencia sanitaria e social.
- Asistencia sanitaria.
- Albergue de emerxencia.
- Abastecemento (equipamentos e ofertas para atender á poboación afectada).

c) Medidas de protección aos bens Considerando:

- Protección do ben propiamente dita.
- Evitar riscos asociados.

d) Medidas reparadoras referidas á rehabilitación dos servizos públicos esenciais. Cando a súa carencia constitúa unha situación de emerxencia ou perturbe o desenvolvemento das operacións.

Para garantir estas actuacións, pode ser preciso, ademais, realizar outras medidas como:

- Regulación do tráfico.
- Condución dos medios á zona de intervención.
- Apoio loxístico aos intervinientes.
- Establecemento de redes de transmisións.
- Abastecemento

5.6 PLAN DE EMERXENCIAS DO PARQUE NATURAL

5.6.1 CLASIFICACIÓN DAS EMERXENCIAS

As emerxencias clasifícanse no momento e época do ano en que se producen, segundo o tipo de risco, da gravidade ou consecuencias que poidan ter e da dispoñibilidade de recursos humanos.

As emerxencias por incendios forestais se recollen no apartado específico 5.6.2., conforme ao establecido no Plan Especial de Protección Civil ante Emerxencias por Incendios Forestais na Comunidade Autónoma de Galicia (PEIFOGA), polo que se regula a organización, os procedementos de actuación e a utilización e a coordinación e mobilización dos medios e dos recursos nas situacións de emerxencia por incendios forestais.

SEGUNDO O TIPO DE RISCO

Segundo as situacións de risco enumeradas no punto 2, as emerxencias poden clasificarse en:

- Emerxencia por incendio.
- Emerxencia por inclemencias meteorolóxicas (temporal, tormentas, etc.).
- Emerxencia por riadas, inundacións, correntemento de terras.
- Emerxencia médica ou perda de persoas.
- Emerxencia por accidente de tráfico interno.

SEGUNDO A GRAVIDADE

a) Fase de Alerta

Aquelas situacións de risco por fenómenos naturais nas que se prevé o aumento do risco para a actividade no Parque Natural.

Son situacións nas que non se iniciou ningún tipo de emerxencia, pero nas que o persoal do Parque Natural e o corpo de axentes medioambientais do Parque Natural vense obrigados a aumentar a vixilancia e aplicar nalgúns casos medidas preventivas.

Son situacións deste tipo:

- Situacións de alto risco de incendio forestal.
- Previsión de fortes temporais ou tormentas que poden tamén dar lugar a inundacións.

b) Nivel 1: Incidente ou conato de emerxencia.

Aquelas situacións de risco que poden ser controladas de xeito rápido e eficaz polo persoal e os medios propios do Parque Natural e o corpo de axentes medioambientais do Parque Natural.

Son situacións que afectan a unha persoa ou grupo de persoas, ou que se dean en zonas puntuais nas que non se prevea a evolución a situacións máis graves e non sexa precisa a intervención de servizos de salvamento alleos ao Parque Natural.

Son situacións deste tipo:

- Pequenos accidentes ou enfermidades sufridas por algún visitante ou traballador, que non requiran de tratamento médico especializado.
- A picadura de especies venenosas de baixo risco, cando non se observen reaccións que comprometan a saúde das persoas.
- Conatos de incendio en lugares puntuais, que poidan ser rapidamente controlados.
- Tormentas con previsións de corta duración nas que sexa preciso refuxiar temporalmente aos visitantes.
- Caída de árbores e outros obstáculos, que afecten á actividade normal do Parque Natural.

c) Nivel 2: Emerxencia parcial

Aquelas situacións de risco nas que é precisa a intervención do corpo de bombeiros. Afectan só a unha persoa ou grupo de persoas, ou danse puntualmente nunha determinada zona e non é precisa a protección ou evacuación xeral de todo o persoal do Parque Natural.

Estas situacións poden ser frecuentes nos períodos de máxima afluencia. Para a súa resolución establecerase un mando conxunto entre os grupos de rescate e/ou extinción de bombeiros e axentes medioambientais, estes últimos con funcións de asesoramento e colaboración, baixo a dirección dos servizos especializados. Requirirase a axuda precisa do resto do persoal do Parque Natural. No caso de rescate por vía terrestre, será imprescindible manter as vías libres de calquera obstáculo para facilitar o acceso aos servizos especializados.

Son situacións deste tipo:

- Accidentes ou sucesos de orixe natural que pola súa gravidade ou difícil acceso requiren a intervención de bombeiros ou policía local ou outros corpos especializados.
- Incendios forestais en zonas nas que non queda comprometida a seguridade dos visitantes e persoal do Parque Natural, pero nas que se requira axuda externa para o seu control.
- Accidentes deportivos en zonas de difícil acceso.
- Emerxencias e urxencias médicas.
- Perda de persoas.
- Accidentes derivados do tráfico interior do Parque Natural.

d) Nivel 3: Emerxencia xeral

Aquelas situacións de risco que, pola súa gravidade e dimensión, requiren da intervención coordinada de bombeiros, axentes medioambientais e todo o persoal do Parque Natural, e é

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

preciso confinar e/ou evacuar a visitantes do Parque Natural dalgunha zona ou da totalidade do Parque Natural.

Afectan a extensións grandes do territorio e en épocas de máxima afluencia poden levar a situacións catastróficas. Para a súa resolución será precisa a intervención conxunta e coordinada de servizos especializados, asesorados polos axentes medioambientais do Parque Natural e a colaboración do persoal do Parque Natural e outros externos locais, se fora preciso. Se a emerxencia afecta de xeito xeral ao municipio de Tui e/ou municipios limítrofes, actuarase segundo os Plans Territoriais, Plans de actuación municipal (no caso de Tui) e/ou Plans Especiais que sexan de aplicación.

Son situacións deste tipo:

- Grandes incendios forestais.
- Grandes riadas ou inundacións.

No referido ao risco de incendios forestais, traballarase conxuntamente co Distrito Forestal XVIII para que no seu plan de actuación se contemple especificamente a actuación dentro do Parque Natural, tendo en conta as particularidades do seu funcionamento e a protección dos valores naturais que acubilla.

TIPO	alerta	nivel1	nivel 2	nivel 3
Nevadas	1. Previsión de risco de Nivel 3.		1. Persoa atrapada por nevadas. 2. Tormentas de neve fora de tempada.	1. Illamento de gran número de persoas. 2. Gran número de vítimas.
Tormentas / Riadas	1. Previsión de tormentas intensas e posibles inundacións.	1. Tormentas de corta duración. 2. Previsión de crecidas xerais en cursos de auga.	1. Caída de lóstregos a persoas. 2. Accidentes por crecidas localizadas en ríos ou barrancos.	1. Rotura de presas hidroeléctricas. 2. Crecida de barrancos e ríos.
Desprendementos		1. Caída de árbores, rochas ou obstrución de vías que afecten á actividade.	1. Desprendementos que supoñan perigo para o visitante e persoal. 2. Visitantes illados ou atrapados por desprendemento. 3. Vítimas por desprendemento de rocas.	1. Illamento de gran número de persoas.
E. Médica / Perda persoas		1. Dores de cabeza. 2. Insolacións. 3. Bochas. 4. Picaduras de insecto. 5. Queimaduras. 6. Cortes pouco importantes. 7. Outros.	1. Accidentes de escalada en rocha ou xeo. 2. Accidentes de montaña. 3. Hipotermia. 4. Conxelación. 5. Hemorraxia. 6. Traumatismo. 7. Fracturas e escordaduras, torceduras. 8. Diarreas. 9. Vómitos. 10. Picaduras de víbora. 11. Perda de persoas. 12. Ataque ao corazón. 13. Shock.	
Accidente tráfico		1. Vehículos en cunetas. 2. Vehículos atrancados en neve.	1. Accidentes de tráfico.	

Táboa 14: Tipo de situacións de risco no Parque Natural

5.6.2 EMERXENCIAS POR INCENDIOS FORESTAIS

As emerxencias por incendios forestais serán xestionadas de acordo aos procedementos operativos establecidos no Plan de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais de Galicia (PLADIGA) para as situacións 0 e 1, así como no Plan especial de protección civil ante emerxencias por incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia (PEIFOGA) para a situación 2.

O Índice de Risco Diario de Incendio Forestal (IRDI) determina, para cada día, o risco de ocorrencia dun lume forestal, é de acceso público, pode ser consultado na dirección electrónica mediorural.xunta.gal e divúlgase cunha periodicidade diaria cando o nivel do índice de risco é alto, moi alto ou extremo. Deste xeito poderase empregar o IRDI co fin de determinar en que épocas do ano convén incrementar a vixilancia no Parque Natural ou adoptar medidas preventivas extraordinarias.

5.6.2.1 DETECCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS E VERIFICACIÓN DO LUME

O paso previo á activación do PEIFOGA por unha emerxencia por incendios forestais é a detección e o aviso da existencia dun lume forestal. Os pasos a seguir tras a detección dun lume forestal, independentemente de quen o detecte, son os establecidos no apartado 8.8.1. do PLADIGA, sendo os destinatarios finais do aviso o Centro de Coordinación de Distrito (CCD) ou o Centro de Coordinación Provincial (CCP).

No caso de que sexa o persoal do Parque Natural o que detecte un lume forestal, comunicaráselle inmediatamente a alarma ao respectivo CCD ou CCP, realizando unha primeira avaliación da importancia do lume.

Tras ter coñecemento dun lume seguirase o procedemento establecido no apartado 8.8.2. do PLADIGA. Deste xeito o CCD asignará medios e persoal ao lume, que se aproximarán de acordo co procedemento establecido no apartado 8.8.3. do PLADIGA.

5.6.2.2 DETECCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS E VERIFICACIÓN DO LUME

Unha vez que se confirme que se trata dunha emerxencia por lume forestal e en función da avaliación que realice o Director/a Técnico/a de Extinción, determinarase a situación operativa que corresponde en función do índice de gravidade potencial do lume, sendo as posibles situacións de activación do PEIFOGA as que se expoñen a continuación.

- **Situación 0:** O plan atópase activado en Situación 0 a partir do momento en que se detecta un incendio forestal. É a situación de emerxencia provocada por un ou varios incendios forestais que, na súa evolución previsible, poidan afectar só bens de natureza forestal e poidan ser controlados cos medios e recursos do propio plan local ou da comunidade autónoma, incluídos os medios do Estado, a condición de que estes últimos actúen dentro da súa zona de actuación preferente. A situación 0 corresponderá con carácter xeral a incendios con IGP0.

- **Situación 1:** Situación de emerxencia provocada por un ou varios incendios forestais que, na súa evolución previsible, poidan afectar gravemente bens forestais e, se é o caso, levemente a poboación e os bens de natureza non forestal e que poidan ser controlados cos

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

medios e recursos do plan da comunidade autónoma, ou para cuxa extinción poida ser necesario que, a solicitude do órgano competente da comunidade autónoma e tras a valoración da Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior ou da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e Política Forestal do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, segundo corresponda, sexan incorporados medios extraordinarios. O plan activarase en situación 1 para incendios IGP0 cando sexa necesaria a incorporación de medios extraordinarios, ou ben para incendios IGP1, declarados así porque o dano esperado é considerable, pola extensión do incendio ou polas características da masa afectada, pero nos que non é necesario poñer en práctica medidas de protección dirixidas á poboación allea ao dispositivo de extinción.

- **Situación 2:** situación de emerxencia provocada por un ou varios incendios forestais que, na súa evolución previsible, poidan afectar gravemente a poboación e os bens de natureza non forestal, e que esixen a adopción inmediata de medidas de protección e socorro. Pode ser necesario que, a solicitude do órgano competente da comunidade autónoma, sexan incorporados medios extraordinarios ou que poden comportar situacións que deriven cara ao interese nacional. O plan activarase en situación 2 para incendios IGP1 ou superiores cando a cualificación veña motivada pola afección á poboación e aos bens de natureza non forestal (vías principais de comunicación e redes principais de subministración) e sexa necesario adoptar medidas de protección dirixidas á poboación, tales como evacuación e/ou albergue. A cualificación da situación operativa do plan será establecida polo director/a do plan a través do centro de coordinación central do SPDCIF para as situacións 0 e 1 e, polo delegado territorial da Xunta de Galicia na provincia que estea afectada polo lume, para a situación 2, a proposta do centro de coordinación central do SPDCIF. Esta cualificación poderá variar de acordo coa evolución do incendio. Así mesmo, a situación operativa 1 será comunicada ao organismo competente en materia de protección civil, a través do CAE112.

- **Situación 3:** situación de emerxencia correspondente e consecutiva á declaración de emerxencia de interese nacional polo Ministerio do Interior. Efectuarase por propia iniciativa ou a instancia do conselleiro competente en materia de protección civil ou do delegado do Goberno en Galicia.

Se o persoal do Parque Natural dispón de formación en extinción de incendios forestais, de equipos de protección individual e de ferramentas de extinción, poderase realizar un primeiro ataque, co fin de intentar controlar o lume.

5.6.3 INVENTARIO DE MEDIOS HUMANOS E MATERIAIS NO INTERIOR DO PARQUE NATURAL

MEDIOS HUMANOS

O persoal do Parque Natural será o establecido na relación de postos de traballo da Consellería competente en materia de Patrimonio Natural.

MEDIOS MATERIAIS

Considéranse medios materiais do Parque Natural a ter en conta en caso de emerxencia todos aqueles vehículos e ferramentas dispoñibles no territorio do Parque Natural. Isto supón os medios a disposición de axentes, gardas, peóns e vixiante.

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

O Parque Natural conta con material para levar a cabo as tarefas de mantemento, conservación, e as propias silvícolas da ordenación forestal. Neste senso está debidamente provisto de ferramentas manuais, motoserras, motorozadoras, equipamentos de protección individual e materiais diversos. Posúe así mesmo un taller de reparacións debidamente fornecido, o que permite atender as incidencias menores do día a día cumpridamente. No tocante ao parque móbil do espazo protexido posúese actualmente o seguinte: Tractor Massey-Ferguson, cisterna Moga, remolque Toimil, tractor New Holland TS-100, pick-up Mitsubishi L-200 e pick-up Isuzu Rodeo.

Estes vehículos contan á súa vez con aveños e trebellos adaptados ás necesidades forestais e de uso público do Monte Aloia, como rozadoras (lateral e de cadeas), pá e guindastre, así como unha trituradora de biomasa arrastrada por tractor.

5.6.4 INFRAESTRUTURAS

VÍAS PRINCIPAIS DE ACCESO AO PARQUE NATURAL

Para identificar as posibilidades de acceso ao Parque Natural, definimos como vías principais de acceso, aquelas estradas nacionais, comarcais e locais que dan acceso ao Parque Natural desde os núcleos de poboación máis próximos onde se concentran os medios externos ao Parque Natural.

A rede viaria local e provincial existente no Espazo Natural inclúe as seguintes estradas asfaltadas:

Autovía Porriño-Portugal (A-66)
Estrada Tui-Gondomar PO-340
Estrada local Gondomar-Prado-Tui.

VÍAS DE EVACUACIÓN

Defínese vía principal de evacuación, todas aquelas pistas forestais primarias con anchura suficiente para permitir a circulación cruzada de dous vehículos 4x4 ou 2 BRL (bomba rural lixeira) a través das cales se accede ás estradas locais e comarcais descritas no apartado anterior.

As principais vías de evacuación son:

Autovía Porriño-Portugal (A-66)
Estrada Tui-Gondomar PO-340
Estrada local Gondomar-Prado-Tui.

PUNTOS DE REUNIÓN

Defínense como puntos de reunión aqueles onde se unen os itinerarios turísticos coas vías principais de evacuación definidas no punto anterior, que son de fácil acceso aos vehículos de rescate e que a partir deles permiten o traslado rápido cara ao exterior do Parque Natural. Son

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

puntos de reunión sempre que calquera factor natural non supoña un risco para o visitante.

Considérase puntos de reunión os que dispoñen dalgunha destas características:

- Proximidade a unha pista transitábel.
- Ocupada por persoal do Parque Natural
- Con emisora ou posibilidade de comunicación.

Punto	Persoal	Teléfono/Emisora	Acceso vehículos
Centro de visitantes do Parque Natural	Axente forestal	Si	Vía transitábel

Táboa 15: Punto de reunión no Parque Natural

5.6.5 TELECOMUNICACIÓNS

O Parque Natural integrouse dentro da Rede Corporativa de Comunicacións Móviles Dixitais de Seguridade e Emerxencias de Galicia (RESGAL) baseada na tecnoloxía TETRA, que garante a interconexión segura e fiable e altos niveis de dispoñibilidade das comunicacións, mesmo en situacións extremas ou de saturación (doutras redes).

RESGAL permite integrar, por primeira vez, nun mesmo sistema a todos os colectivos que participan na resolución de emerxencias (AXEGA/112, UPA, 061 e o Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais (SPDCIF)), o que facilita unha intervención máis efectiva e eficaz dos efectivos implicados e simplificar as tarefas de coordinación entre eles. Ademais posibilita a xeolocalización vía GPS en tempo real da posición de todos os dispositivos de emerxencia.

O teléfono 112, único no ámbito europeo e con resposta inmediata as 24 horas do día, centraliza as chamadas de urxencia, co obxecto de que os cidadáns poidan solicitar os servizos públicos de urxencias sanitarias, de extinción de incendios, salvamento, seguridade cidadá e de protección civil cando estean ante unha situación de emerxencia. A persoa que chame a este teléfono deberá informar do seu nome, dirección, municipio, teléfono e tipo de sinistro. Segundo o artigo 18 da Lei 5/2007 do 7 de maio de Emerxencias de Galicia, correspóndelle á Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA) xestionar o CIAE112: Centro Integrado de Atención de Emerxencias de Galicia e prestar materialmente asistencia requirida polos cidadáns e polas cidades a través del, ou dar o traslado, segundo estableza regularmente, daquelas que lle corresponde atender a outros organismos competentes na materia.

O 085, teléfono da Central de Defensa Contra Incendios, permite dar conta da aparición de calquera incendio forestal que, independentemente das súas dimensións, debe ser inmediatamente coñecido e atacado con todos os medios posibles.

O 061 é o teléfono de Servizo de Urxencias e Emerxencias Sanitarias ao que pode chamar calquera persoa da Comunidade Autónoma Galega que se atope ante un problema médico urxente. Desde unha única Central de Coordinación situada en Santiago de Compostela,

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

centralízase a atención a todas as chamadas procedentes de calquera cidadán que se atope na comunidade; é aquí onde se reciben as chamadas, analízase a información obtida e, se a urxencia requíreo, é de aquí de onde parten as ordes para a mobilización dos recursos móbiles cos que conta na actualidade a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061.

5.6.6 OUTRAS MEDIDAS PREVENTIVAS E MEDIOS DE PROTECCIÓN

Para facilitar os traballos de prevención e extinción de incendios detállase a relación de infraestruturas e medios, tanto internos como externos, dispoñibles no Parque Natural para este fin.

Medidas de protección do visitante

O Parque Natural adopta as seguintes medidas de protección do visitante:

- Sinalización de itinerarios e paneis informativos.
- Instalación de valos de protección.
- Construción de pontes e pasarelas sobre ríos.

Ademais aqueles visitantes que accedan ao Parque Natural e dispóñense a percorrer algunha das pistas de sendeirismo sinalizadas para tal fin deberán adoptar as súas propias medidas preventivas:

- Dispoñer de roupa e protección contra o frío, choiva, neve e sol.
- Levar un teléfono móbil co cal poder poñerse en contacto co persoal do Parque Natural ou Servizo de Emerxencia en caso de accidente ou incidencia.
- Consultar as previsións meteorolóxicas.

Extintores

As instalacións do Parque Natural están adaptadas ás actuais normativas de riscos laborais e por tanto aquelas nas que se pode realizar algunha actividade con risco a desencadear unha ignición, dispoñen de extintores.

Os extintores estarán situados próximos aos puntos onde se estime maior probabilidade de iniciarse o incendio, se é posible, próximos ás saídas de evacuación e, preferentemente, sobre soportes fixados a paramentos verticais, de modo que a parte superior do extintor quede situada entre 80 – 120 cm sobre o solo, tal como dispón o Regulamento de Instalacións de Protección Contra Incendios, Real Decreto 513/2017.

Igualmente todos os vehículos do Parque Natural dispoñen de extintores.

Bases do medios aéreos proximas: Campiño e Queimadelos

Sede de distrito forestal XVIII: Pol. Barrio Torneiros, s/n (Edif. Multiusos) 36410-O Porriño.
Teléfono: 986 335 455. Fax: 986 335 455

5.7 ACCIÓNS A REALIZAR NO CASO DE INCIDENTE E EMERXENCIA

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

Os diferentes incidentes e emerxencias requirirán da intervención de persoas e medios para garantir a resposta en todo momento:

Alerta: ao recibir calquera aviso de risco por fenómenos meteorolóxicos adversos (temporais, risco de incendio) transmitirase a alerta ao persoal do Parque Natural, visitantes e colectivos autorizados a realizar actividades no interior do Parque Natural, e adoptaranse as medidas preventivas que se consideren precisas.

Aviso-Detección: calquera persoa que detecte un incidente ou emerxencia debe poder transmitir por emisora, teléfono ou persoalmente, a alerta a un lugar permanentemente ocupado (central, teléfono móbil). Esta, da forma máis rápida posible poñerá en acción ao resto do persoal do Parque Natural, así como, comunicará aos servizos exteriores do Parque Natural, en caso de ser necesario.

Alarma: informarase da actuación máis axeitada e sobre a aplicación doutras medidas de protección, e paralizarase o tráfico para permitir o acceso aos servizos especializados se é preciso.

Confinar: Realizarase o confinamento ante unha situación perigosa que se atenúa rapidamente.

Evacuar: A evacuación é unha medida definitiva que se xustifica unicamente se o perigo ao que se expoñen os visitantes é grande dabondo. A orde de evacuación virá dada polo mando de bombeiros.

Etapas:

1. Aviso de evacuación.
2. Preparación: as persoas concéntranse nos puntos de reunión indicados e prepáranse os medios de transporte.
3. Traslado: traslado cos medios previstos.

Intervención: para o control de incidentes. Realízase cos medios do Parque Natural e debe ser rápida e precisa para obter a máxima eficacia.

Axudas externas: recepción e información aos servizos de axuda exterior ao Parque Natural, asesoramento e colaboración.

5.8 EQUIPOS DO PARQUE NATURAL

Os equipos estarán organizados para actuar segundo os esquemas operativos en caso de incidencia e emerxencia.

Todos os membros do equipo:

- Coñecerán a existencia do Plan de Emerxencia.

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

- Coñecerán as funcións do equipo no que se integran.
- Coñecerán as situación de risco posibles no ámbito do Parque Natural.
- Coñecerán os medios materiais dos que dispón o Parque Natural e o seu emprazamento.
- Serán quen de identificar unha situación de risco e transmitir a alarma segundo as secuencias de actuación do Plan de Emerxencia.
- Serán quen de realizar unha primeira actuación nos casos de incidente.

5.8.1 CENTRO DE RECEPCIÓN DE ALARMAS (CRA)

É o centro no que se reciben as alarmas no ámbito do Parque Natural e o punto neuráxico de todo incidente interno, xa que todas as actuacións se coordinan desde aquí.

Dado que é o lugar onde se coordinan os incidentes, debe cumprir os requisitos mínimos e necesarios, propios para a realización do seu fin. Estes requisitos engloban o lugar (seguridade), os medios (comunicacións normais e as asignadas en caso de incidente, inventario de recursos, directorios, planos, etc.) e a accesibilidade. Normalmente o Centro de Recepción de Alarmas considérase o lugar de traballo ocupado pola Central Telefónica.

A persoa responsable da central do Centro de recepción de Alarmas do Parque Natural, será quen transmitirá todas as ordes facilitadas polo Responsable de Emerxencias o Incidentes, con quen sempre permanecerá en contacto.

Cando se reciba aviso de incidente ou emerxencia, fará o seguinte:

1. Avisará sen demora ao Responsable de Emerxencias o Incidentes.
2. Activará os Equipos de Primeira Intervención do Parque Natural.
3. Transmitirá todos os avisos aos diferentes equipos de intervención que interveñan ou aos que o Responsable de Emerxencias o Incidentes determine.
4. Transmitirá ao exterior as demandas de axuda do Responsable de Emerxencias o Incidentes.
5. Atenderá e establecerá as comunicacións co exterior, organismos oficiais, etc.
6. Transmitirá todas as instrucións e ordes en todos os sentidos, tanto a equipos de intervención do Parque Natural como ao resto de persoal e visitantes.
7. Anotará o desenvolvemento e cronoloxía das accións tomadas durante o incidente ou emerxencia.
8. Encargarase da actualización do directorio de teléfonos.

Na actualidade a Casa Forestal Enxeñeiro Areses conta cun horario:

- ➔ No Inverno: M-V 10.30-14.00h e S-D e festivos de 10.30-14.30 e 16.00 -18.00h Luns sen servizo.
- ➔ No Verán (Semana Santa a setembro): M-D 10.30-14.00h / 16.00-20.00h Luns sen servizo.
- ➔ Fora deste horario, o teléfono estará desviado ao do Responsable de Emerxencias (RE) na súa quenda laboral.

5.8.2 RESPONSABLE DE EMERXENCIAS (RE ou RI)

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

É a máxima autoridade do Parque Natural en caso de emerxencia, ata que cheguen as axudas externas ao Parque Natural. O Responsable de Incidentes ou Emerxencias (RI/RE) debe ser capaz de avaliar a situación e decidir en cada caso a actuación máis conveniente.

Dado que os axentes forestais e medioambientais teñen o perfil máis adecuado e dadas as súas funcións noutros plans de emerxencia de nivel superior (de avaliación da emerxencia, asesoramento técnico e intervención) ademais do coñecemento do territorio, o Responsable de Incidentes ou Emerxencias (RI/RE) e os seus substitutos, deben formar parte do corpo de axentes forestais e medioambientais, destinados ao Parque Natural. No caso de que nalgunha quenda non haxa ningún axente forestal e ambiental o persoal do Parque Natural de maior rango asumirá o labor de responsable de emerxencias.

As súas funcións serán:

- En caso de incidente, ao recibir a alarma directamente ou a través do Centro de Recepción de Alarmas, trasladarase ao lugar do incidente ou enviará ao equipo de intervención do Parque Natural máis próximo, manténdose en contacto.
- En caso de calquera incidente informará o Centro de Recepción de Alarmas da evolución ata que quede resolto.
- Avaliará a gravidade do incidente e decidirá a actuación máis conveniente, dando as ordes de actuación a cada equipo do Parque Natural.
- En caso que considere que o incidente pasa a niveis de maior gravidade, notificará a emerxencia ao Centro de Recepción de Alarmas e avisará a través deste, ao CIAE112: Centro Integrado de Atención de Emerxencias.
- Unha vez resolto o incidente dará a orde de final de Incidente.
- Unha vez valorada a emerxencia como parcial ou xeral e dado o aviso trasladarase ao acceso onde se produciu a emerxencia para recibir ás axudas externas ao Parque Natural.
- En caso de emerxencia parcial e xeral dará a orde aos equipos de alarma e evacuación de manter libres as vías de acceso para os medios externos.
- Unha vez chegadas as axudas externas, unirase ao mando de bombeiros, informaralle, asesorará e conducirá ao lugar da emerxencia.
- En caso de emerxencia parcial e xeral, xunto co mando dos servizos de rescate, decidirá a reorganización dos equipos do Parque Natural.
- En caso de emerxencia xeral, debe prever xuntamente co mando dos servizos de rescate, os posibles confinamentos ou evacuacións e os medios do Parque Natural que serán necesarios.
- Investigará as causas do incidente e redactará un informe.

5.8.3 EQUIPOS DE PRIMEIRA INTERVENCIÓN DO PARQUE NATURAL (EPIP)

Os equipos de primeira intervención do Parque Natural estarán formados polo persoal de mantemento e axentes forestais e medioambientais de todo o territorio do Parque Natural.

Será o equipo encargado de resolver de forma rápida e eficaz as situacións de nivel 1 de gravidade, por tanto, deben ser capaces de localizar correctamente o lugar do incidente, manter a calma e utilizar as ferramentas e equipos de intervención.

As súas funcións serán:

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

- Observar, asesorar e guiar aos visitantes, como medida preventiva contra calquera situación de risco.
- Dar o aviso ao Centro de Recepción de Alarmas de calquera situación de incidente ou emerxencia que se detecte, informando quen fala, que sucede e onde sucede.
- Resolverán de forma rápida e eficaz calquera dos incidentes de nivel 1 de gravidade ou pedirán axuda a través do RE/RI e/ou CRA aos equipos de primeira intervención do Parque Natural ou de primeiros auxilios máis próximos.
- Despois que a emerxencia sexa valorada polo Responsable de Incidentes como de Emerxencia parcial ou xeral, serán os encargados de realizar unha primeira actuación, ata a chegada das axudas especializadas externas ao Parque Natural.
- En caso de emerxencia parcial e xeral, poñeranse a disposición das axudas externas especializadas segundo as directrices do mando de bombeiros e Responsable de Incidentes o Emerxencias do Parque Natural.
- Actuarán como reforzo de vixilancia das zonas de emerxencia xa controladas.

5.8.4 EQUIPOS DE PRIMEIROS AUXILIOS (EPA)

Os equipos de primeiros auxilios formaranos todo o persoal do “Centro de Visitantes”, que dispoñen como mínimo dunha botica de primeiros auxilios con material básico e teñan formación en primeiros auxilios. Ante calquera accidentado, as funcións deste equipo serán:

- Asegurarse que o accidentado ou enfermo e o membro do equipo de primeiros auxilios estean en lugar seguro.
- En caso de calquera incidente, comunicarán ao Centro de Recepción de Alarmas a situación, informando de quen fala, que sucede e onde sucede.
- Realizarán as curas necesarias á persoa ou persoas accidentadas ou enfermas nos casos de nivel 1 de gravidade.
- Se a situación necesita de asistencia médica especializada, informarán directamente ou a través do Centro de Recepción de Alarmas, ao Responsable de Incidencias o Emerxencias do Parque Natural. Manteranse xunto ao accidentado ou enfermo e actuasen segundo a formación adquirida, ata a chegada dos servizos especializados externos ao Parque Natural.
- En caso de emerxencia parcial ou xeral, colaborarán nas tarefas que lles asigne o mando dos servizos especializados e o Responsable de Incidentes o Emerxencias do Parque Natural.
- En caso de emerxencia xeral de longa duración, ocuparanse ou colaboran no aprovisionamento dos equipos de intervención do Parque Natural e de salvamento especializados.
- Encargaranse da revisión e reposición do material das boticas de primeiros auxilios.

5.8.5 EQUIPOS DE ALARMA E EVACUACIÓN (EAE)

Os equipos de alarma e evacuación estarán formados por persoal do “Centro de Visitantes”. Ante calquera situación que requira un confinamento ou evacuación, as súas funcións serán:

- Ao recibir o aviso do Responsable de Emerxencias, Incidentes ou do Centro de Recepción de Alarmas, dirixirán os visitantes en perigo, cara aos puntos de reunión establecidos polo mando de bombeiros e o RE/RI e esperarán nova orde, efectuarán o recuento de persoas asegurándose que non falte ninguén.
- En caso de emerxencia parcial e xeral, ao recibir a orde do Responsable de Incidencias ou

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

de Emerxencia, paralizarán o tráfico interno e manterán libres as vías, por onde deban acceder os medios de rescate externos ao Parque Natural.

- Ao recibir a orde de evacuación, realizarana sempre baixo as directrices conxuntas do mando de bombeiros e o Responsable de Incidencias ou de Emerxencias, mobilizando os vehículos necesarios.
- Asegurarase que se evacuou totalmente a zona.

5.9 ESQUEMAS OPERACIONAIS EN CASO DE INCIDENTE E EMERXENCIA

a) No caso de alerta por fenómenos meteorolóxicos adversos

Ao recibir calquera previsión de risco por fenómenos meteorolóxicos adversos (temporais, risco alto de incendio, etc.):

1. CRA transmitirá a alerta ao persoal do Parque Natural, e nas páxinas web do Parque Natural.
2. O Parque Natural propondrá medidas preventivas ás administracións con competencias nos accesos.

b) No caso de incidente (nivel 1)

1. Darase aviso ao CRA, por teléfono ou persoalmente.
2. No caso de non ser posible contactar co CRA avisarase ao 112.
3. CRA avisará ao Responsable de Incidentes.
4. CRA ou o RI mobilizarán aos EPIP e aos EPA precisos, segundo as características do incidente.
5. A persoa que descubra o incidente, despois de dar aviso tentará solucionalo.
6. De non ser quen de solucionalo, situará á persoa ou persoas en lugar seguro e informarán ao CRA e/ou RI
7. Cando cheguen o RI e/ou os EPIP ou EPA ao lugar do incidente, tentarán solucionalo.
8. No caso de non podelo solucionar cos medios e coñecementos dos equipos do Parque Natural, o RI analizará a situación e, se o cre preciso, dará orde de paso a Emerxencia Parcial ou Xeral.

c) No caso de emerxencia parcial (nivel 2)

1. O RE informará ao CRA do inicio de emerxencia parcial.
2. CRA avisará aos servizos especializados a través do 112 e mobilizará aos EAE
3. Os EAE encargaranse de manter as vías libres para facilitar o acceso aos medios de salvamento exteriores ao Parque Natural.
4. O RE recibirá as axudas externas, informaralles da situación, conduciraos ata o lugar da emerxencia e porase á súa disposición.
5. O RE, xunto co mando de bombeiros, reorganizarán os EPIP e EPA para a colaboración na actuación dos servizos especializados.
6. No caso de accidentados, os EPA encargaranse da xestión do traslado ao centro sanitario.

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

Fora do horario de apertura do CRA

1. A persoa que descubra a emerxencia avisará directamente ao 112.
2. O 112 dá aviso ao Control Central de bombeiros e este avisará en caso necesario, ao Control Central de axentes forestais e medioambientais que localizará ao RE/RI.
3. Neste caso necesario o RE/RI recibirá e asesorará aos equipos de salvamento especializados.
4. Os equipos de salvamento especializados realizarán a intervención e encargaranse do traslado dos posibles feridos ao centro sanitario.

d) No caso de emerxencia xeral (nivel 3)

1. RE informará ao CRA do inicio da emerxencia xeral, e nas páxinas web do Parque Natural.
2. CRA avisará aos servizos especiais a través do 112, 085, 061 ou policía local de Tui, e mobilizará aos EAE
3. Os EAE encargaranse de manter as vías libres co obxectivo de permitir o acceso aos medios externos de salvamento.
4. O RE recibirá as axudas externas, informarlles da situación, conduciraos ata o lugar da emerxencia e porase á súa disposición.
5. O RE, xunto co mando de bombeiros, reorganizarán os EPIP e EPA para a colaboración na actuación dos servizos especializados.
6. No caso de accidentados o corpo de bombeiros encargárase do traslado ao centro sanitario.
7. Executarase a evacuación segundo as directrices do mando de bombeiros e o RE do Parque Natural.

Fora do horario de apertura do CRA

1. A persoa que descubra a emerxencia avisará directamente ao 112.
2. O 112 dá aviso ao Control Central de bombeiros e este avisará en caso necesario, ao Control Central de axentes forestais e medioambientais que localizará ao RE
3. Se é necesario o RE recibirá e asesorará aos equipos de salvamento especializados.
4. Os equipos de salvamento especializados realizarán a intervención e encargárase do traslado dos posibles feridos ao centro sanitario.

ÉPOCA	Nevadas			Tormenta - Riada			Desprendementos			Médica - Perda de persoas			Accidente de tráfico			
	Nivel 1	Nivel 2	Nivel 3	Nivel 1	Nivel 2	Nivel 3	Nivel 1	Nivel 2	Nivel 3	Nivel 1	Nivel 2	Nivel 3	Nivel 1	Nivel 2	Nivel 3	
Inverno	Día	(*)	(*)	E.O.3	E.O.1	E.O.2	E.O.3	E.O.1	E.O.2	E.O.3	E.O.1	E.O.2	(*)	E.O.1	E.O.2	(*)
	Noite	E.O.N.			E.O.N.			E.O.N.			E.O.N.			(*)	E.O.N.	E.O.N.
Verán	Día	(NON)			E.O.1	E.O.2	E.O.3	E.O.1	E.O.2	E.O.3	E.O.1	E.O.2	(*)	E.O.1	E.O.2	(*)
	Noite	(NON)			E.O.N.			E.O.N.			E.O.N.			(*)	E.O.N.	E.O.N.

Táboa 16: Esquema Operacional no caso de Emerxencia no Parque Natural

(E.O.1) ESQUEMA OPERACIONAL 1 - Plan de Emerxencia.

(E.O.2) ESQUEMA OPERACIONAL 2 - Plan de Emerxencia con aviso aos Servizos externos especializados.

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

(E.O.3) ESQUEMA OPERACIONAL 3 - Plan de Emerxencia con aviso a Servizos externos especializados e Evacuación.

(E.O.N.) ESQUEMA OPERACIONAL FORA DOS HORARIOS DO CRA - Aviso a Servizos externos especializados.

(NON) Non se prevé ningunha emerxencia.

(*) Os incidentes ou emerxencias non adoitan ter este nivel.




Ilustración 1: Esquema xeral de actuación para calquera persoa

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia




Ilustración 2: Esquema Operacional 1 - Incidente

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia




Ilustración 3: Esquema Operacional 2 - Diúrno (Xornada Laboral)

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia




Ilustración 4: Esquema Operacional 3




Ilustración 5: Esquema Operacional fora dos horarios do CRA

5.10 PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN

A continuación definiranse de xeito máis concreto os protocolos a seguir polos medios e sistemas de actuación cos que conta o Parque Natural.

5.10.1 CENTRO DE RECEPCIÓN DE ALARMAS (CRA)

Lugar Turístico Centro de Interpretación do Parque Natural Monte Aloia (Tui)
Frinxo, 37 - PAZOS DE REIS - 36715 - Tui (Pontevedra)
Telf: 886 120 650

INVERNO: de martes a venres de 10:30 a 14:00h. Sábado, domingo e festivos de 10:30 a 14:30 e de 16:00 a 18:00h.

VERÁN (15/03 ao 15/09): de martes a domingo e festivos de 10:30 a 14:00 e de 16:00 a 20h

ALERTA

Ao recibir unha previsión de alto risco de incendio ou risco meteorolóxico transmitirá a alerta a todo o persoal que traballa no Parque Natural.

AVISO-DETECCIÓN

En caso de detectar un incidente ou emerxencia avisará a:

- Axentes forestais nos casos de nivel 1, 2 e 3, pola frecuencia do Parque Natural.
 - Central de Emerxencias 112 nos casos de nivel 2 e 3, por teléfono. En caso de emerxencia e urxencia médica utilizarán os índices de avaliación de vítimas e os factores potencialmente agravantes que utilizan os bombeiros.
- Responsable de Emerxencias o Incidentes.
 - Vixiantes nos casos de nivel 1, 2 e 3.
 - 112, 085, 061 e Policía Local de Tui nos casos de nivel 2 e 3.
 - Policía Local de Tui, en caso de incidentes de nivel 2 e 3 que afecten a estradas e camiños locais.

ALARMA

En todos os casos de nivel 1, 2 e 3 activarán aos EPIP e/ou EPA na zona que indique o RE/RI. Nos casos de nivel 2 e 3 activará aos EAE que o RE/RI indique.

5.10.2 EQUIPOS DE PRIMEIROS AUXILIOS (EPA) E EQUIPOS DE ALARMA E EVACUACIÓN DO PARQUE NATURAL (EAE)

ALERTA

Ao recibir a alerta do CRA de risco alto de temporal, inundacións ou semellante:

- Percorrerán a zona e transmitirán a orde de peche do Parque Natural a todos os visitantes nos puntos de acceso e aqueles que estean ao seu alcance no interior do Parque Natural.
- Pecharán as instalacións do Casa Forestal Enxeñeiro Areses e trasladaranse ao exterior do Parque Natural.

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

Ao recibir a alerta do CRA de risco alto de incendio forestal e tormentas fortes:

- Informarán do risco aos visitantes que estean ao seu alcance no interior do Parque Natural

AVISO - DETECCIÓN

Ao detectar un incidente ou emerxencia avisarán a:

- CRA nos casos de nivel 1, 2 e 3.

- Por teléfono a CIAE112, se hai cobertura e está pechada a Casa Forestal Enxeñeiro Areses.

ALARMA

En calquera caso, informarán aos visitantes da situación e da actuación máis axeitada.

Nos casos de nivel 2 e 3 que indique o RE/RI, paralizarán o tráfico das vías precisas para o acceso dos servizos de rescate.

INTERVENCIÓN

No caso de incendio de nivel 1, manterán aos visitantes lonxe do incendio e tentarán sufocalo cos medios dispoñibles ata a chegada dos EPIP

No caso de incidente médico, actuarán como EPA segundo as consignas establecidas e no caso de emerxencia e urxencia médica, atenderán ao accidentado segundo os seus coñecementos ata a chegada da asistencia médica externa ao Parque Natural e colaborarán no que sexa preciso.

CONFINAMENTO - EVACUACIÓN

No caso de tormentas de corta duración, darán refuxio aos visitantes.

No caso de incendio, tormentas, riadas ou riscos semellantes de nivel 2 e 3 realizarán o confinamento dos visitantes afectados nos puntos que establezan o mando de bombeiros e o RE/RI.

5.10.3 EQUIPOS DE PRIMEIRA INTERVENCIÓN DO PARQUE NATURAL (EPIP)

ALERTA

Ao recibir a alerta do CRA de risco forte de temporal ou inundacións:

- Percorrerán a zona e transmitirán a alerta aos visitantes que estean ao seu alcance no interior do Parque Natural.

AVISO – DETECCIÓN

Ao detectar un incidente ou emerxencia avisarán a:

- CRA nos casos de nivel 1, 2 e 3. No caso de emerxencia e urxencia médica utilizarán os índices de avaliación de vítimas e os factores potencialmente agravantes que utilizan os bombeiros.

- Por teléfono a CIAE112, se hai cobertura e está pechada a Casa Forestal Enxeñeiro Areses.

ALARMA

En calquera caso, informarán aos visitantes da situación e da actuación máis axeitada.

INTERVENCIÓN

- No caso de conato de incendio e incendio forestal de nivel 1, 2 ou 3, recollerán o máximo de

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

información do CRA, collerán os equipos de que dispoñen e dirixiranse ao incendio, actuando segundo a formación recibida e as consignas establecidas.

- No caso de caída de árbores e outros obstáculos, actuarán segundo as consignas establecidas.
- No caso de saídas de vehículos a cunetas ou semellantes, tentarán retornar o vehículo á vía.
- No caso de perda de persoas, colaborarán na busca, no caso de que o mando de bombeiros e o RE/RI o estimen preciso.
- En todos os demais casos de nivel 2 e 3, segundo as ordes do RE/RI, desprazaranse ao lugar da emerxencia e poranse a disposición dos servizos de salvamento especializados.

5.10.4 GUÍAS INTERPRETATIVOS DO PARQUE NATURAL

Os guías interpretativos do Parque Natural dispoñen do seu propio protocolo de prevención de riscos laborais, coa relación de roupa e equipos que deben levar nos itinerarios da natureza e as recomendacións e instrucións sobre as actuacións antes, durante e despois da saída.

Segundo este protocolo, os pasos que seguen en caso de emerxencia son:

ALERTA

Ao recibir a alerta do Centro de Recepción de Alarmas do risco de inundacións:

- Cancelarán os itinerarios previstos, ata que melloren as condicións de risco.

AVISO- DETECCIÓN

No caso de detectar un incidente ou emerxencia avisarán a:

- Centro de Recepción de Alarmas do Parque Natural (CRA) nos casos de nivel 1, 2 e 3, pola frecuencia do Parque Natural.
- Por teléfono a CIAE112, si se ten cobertura e está pechado o Centro de recepción.

INTERVENCIÓN

No caso de accidente grave, non se tocará o accidentado. Taparase cunha manta térmica e non se deixará nunca só.

CONFINAMENTO - EVACUACIÓN

Si se atopan en situacións de emerxencia de nivel 2 e 3 (incendios, nevadas, riadas e desprendementos) colaboran no confinamento do seu grupo, segundo as instrucións do mando de bombeiros e o Responsable de Incidentes o Emerxencias do Parque Natural.

5.10.5 RESPONSABLE DE INCIDENTES

En calquera circunstancia os axentes forestais e medioambientais actuarán como EPIP, pero ademais:

ALERTA

Ao recibir a alerta do Centro de Recepción de Alarmas do risco de inundacións:

- Percorrerán a zona e transmitirán a alerta a todos os visitantes ao seu alcance en interior do Parque Natural.

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

- Sinalizarán o peche de accesos.

AVISO - DETECCIÓN

Ao detectar un incidente ou emerxencia avisarán a:

- Centro de Recepción de Alarmas do Parque Natural (CRA) nos casos de nivel 1, 2 e 3, pola frecuencia do Parque Natural. En caso de emerxencia e urxencia médica utilizarán os índices de avaliación de vítimas e os factores potencialmente agravantes que utiliza bombeiros.
- Por teléfono a CIAE112, si se ten cobertura e está pechado o Centro de recepción.

ALARMA

O Responsable de Incidentes valorará a situación decidirá o esquema operacional a seguir.

O Responsable de Incidentes nos casos de incidente, dará as ordes de intervención dos EPIP e EPA directamente ou a través do CRA

Nos casos de emerxencia parcial e xeral, o Responsable de Incidentes recibirá ao mando de bombeiros, e transmitirlle información e asesoramento.

En calquera caso, informarán os visitantes da situación e da actuación máis conveniente.

INTERVENCIÓN

No caso de incendio de nivel 1, actuarán como EPIP segundo as consígnas establecidas.

No caso de saída de vehículos a cunetas ou vehículos atrancados na neve, os axentes forestais e medioambientais actuarán como EPIP para retornar o vehículo á vía.

No caso de emerxencia parcial e xeral por incendio forestal, actuarán como EPIP ata a chegada de bombeiros, momento en que se poñerán á súa disposición.

En todos os demais casos de nivel 2 e 3 (riadas, atropelos, accidentes de tráfico), desprazaranse ao lugar da emerxencia, co obxecto de poñer orde e evitar sobre accidentes, ata a chegada dos servizos especializados, momento no que lles informará, asesorará e porase á súa disposición.

CONFINAMENTO - EVACUACIÓN

Nos casos de emerxencia de nivel 2 e 3 (incendio, riadas), o Responsable de Incidentes do Parque Natural conxuntamente co mando de bombeiros, establecerán os puntos de confinamento definitivos ou provisionais para a posterior evacuación.

5.11 IMPLANTACIÓN

Despois da confección técnica do Plan de Emerxencia do Parque Natural, a organización e actividade deste, debe ser capaz de realizar as tarefas previstas no Plan.

Non só formarán parte do incidente ou emerxencia o persoal do Parque Natural e o corpo de axentes forestais e medioambientais, senón que os visitantes que accidentalmente se atopan ante un incidente ou emerxencia, deben dispoñer da información necesaria para poder integrarse ao Plan de Emerxencia.

A implantación ten como obxectivo a planificación da información, formación e adestramento, de xeito que todas as persoas teñan claro que facer, como e cando actuar en caso de incidencia ou emerxencia.

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

Para a implantación do Plan é preciso:

- A selección das persoas que compoñen os equipos.
- A redacción das consignas de actuación nos incidentes e emerxencias.
- A planificación da información, formación e adestramento do persoal.
- A planificación e programación de simulacros.
- A análise e investigación de sinistros.

5.11.1 SELECCIÓN DE EQUIPOS DO PARQUE NATURAL

Todo o persoal e axentes forestais e medioambientais que opera no Parque Natural forman parte dos equipos do Parque Natural.

Ao existir no Plan de Emerxencia unhas funcións ou misións moi concretas a realizar, débese enmarcar ao persoal, segundo os seus coñecementos ou aptitudes, nos correspondentes equipos do Parque Natural.

Para realizar a distribución de persoas- equipos, utilizarase a seguinte ficha:

FICHA DE SELECCIÓN DE EQUIPOS	
RESPONSABLE DE INCIDENTES	TELÉFONO
Titular
Suplente
EQUIPO DE PRIMEIRA INTERVENCIÓN DO PARQUE NATURAL	
Responsables	
.....
.....
EQUIPO DE PRIMEIROS AUXILIOS	
Responsables	
.....
.....
EQUIPO DE ALARMA E EVACUACIÓN	
Responsables	
.....
.....

Táboa 17: Ficha de selección de equipos do Parque Natural

5.11.2 REDACCIÓN DE CONSIGNAS

O desenvolvemento do Plan de Emerxencias, require o coñecemento por parte de todas as persoas que operan no Parque Natural, das operacións ou consignas a realizar si se produce un incidente ou emerxencia.

As consignas xerais asignadas ao persoal que opera no Parque Natural, estarán relacionadas

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

coa súa misión no equipo do Parque Natural en que fosen asignados. Estas consignas poden ser modificadas, reducidas ou ampliadas segundo créase conveniente. Achégase unha proposta de consignas a entregar aos compoñentes dos equipos e persoas que intervirán no incidente ou emerxencia.

NORMA XERAL PARA O VISITANTE
SE OBSERVA UN INICIO DE SITUACIÓN DE PERIGO
AVISE AO PERSOAL DO PARQUE NATURAL MÁIS PROXIMO.
SE NON ESTÁ PRETO DO PERSOAL DO PARQUE NATURAL, AVISE SE LLE É POSIBLE POR TELÉFONO AO CENTRO DE RECEPCIÓN OU AO CENTRO XERAL DE COORDINACIÓN DE EMERXENCIAS 112.
EN CASO QUE SE LLE TRANSMITA A ALARMA DE PERIGO
DIRÍXASE AO PUNTO DE REUNIÓN MÁIS PRÓXIMO E SIGA AS INSTRUCCIÓN DO PERSOAL DO PARQUE NATURAL.
NO PERDA A CALMA, SIGA AS INSTRUCCIÓN DO PERSOAL DO PARQUE NATURAL SEN CORRER NIN GRITAR POIS CONTRIBUIRÍA A CREAR PÁNICO.
TELEFONOS
Centro de recepción: 886 12 06 50

Táboa 18: Consignas para o visitante

CENTRO DE RECEPCIÓN DE ALARMAS
CANDO RECIBA O AVISO DE INCIDENTE OU EMERXENCIA:
AVISARÁ AO RESPONSABLE DE EMERXENCIAS.
DARÁ A ALARMA AO 112 CANDO O INDIQUE O RESPONSABLE DE EMERXENCIAS E ATENDERÁ AS COMUNICACIÓN CON ORGANISMOS OFICIAIS.
EN CASO DE URXENCIA E EMERXENCIA MÉDICA AVISARÁ UTILIZANDO OS ÍNDICES DE AVALIACIÓN DE VÍTIMAS E OS FACTORES AGRAVANTES QUE UTILIZA BOMBEIROS.
ACTIVARÁ OS EQUIPOS DE PRIMEIRA INTERVENCIÓN DO PARQUE NATURAL E/OU DE PRIMEIROS AUXILIOS DA ZONA EN QUE SE DÁ O INCIDENTE OU EMERXENCIA CANDO O INDIQUE O RESPONSABLE DE EMERXENCIAS.
TRANSMITIRÁ AS INSTRUCCIÓN E ORDES DO RESPONSABLE DE EMERXENCIAS TANTO AOS EQUIPOS DO PARQUE NATURAL, COMO AOS VISITANTES.
ANOTARÁ O DESENVOLVEMENTO E CRONOLOXÍA DAS ACCIÓN TOMADAS DURANTE O INCIDENTE OU EMERXENCIA.

Táboa 19: Consignas Centro de Recepción de Alarmas

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

RESPONSABLE DE EMERXENCIAS (RE)
CANDO RECIBA O AVISO DE INCIDENTE OU EMERXENCIA:
O RESPONSABLE DE EMERXENCIAS É O MÁXIMO RESPONSABLE EN CASO DE INCIDENTE E EN CASO DE EMERXENCIA ATA A CHEGADA DA AXUDA EXTERNA AO PARQUE NATURAL.
AO SER AVISADO DIRECTAMENTE OU A TRAVÉS DO CENTRO DE RECEPCIÓN DE ALARMAS OU CENTRO DE EMERXENCIAS 112, TRASLADARASE AO LUGAR DO INCIDENTE OU EMERXENCIA OU BEN ENVIARÁ AO EQUIPO DE PRIMEIRA INTERVENCIÓN DO PARQUE NATURAL MÁIS PRÓXIMO MANTÉNDOSE EN CONTACTO.
AVALIARÁ O INCIDENTE OU EMERXENCIA E DECIDIRÁ AS ACTUACIÓNS PARA SEGUIR SEGUNDO O NIVEL DE GRAVIDADE.
EN CASO NECESARIO, REQUIRIRÁ A AXUDA DOS EQUIPOS DE PRIMEIROS AUXILIOS DO SECTOR EN QUE SE DA O INCIDENTE OU EMERXENCIA.
EN CASO DE VALORAR A EMERXENCIA EN NIVEIS DE GRAVIDADE 2 E 3, NOTIFICARÁ A EMERXENCIA DIRECTAMENTE OU A TRAVÉS DO CENTRO DE RECEPCIÓN DE ALARMAS AO CENTRO XERAL DE COORDINACIÓN DE EMERXENCIAS 112.
EN CASO DE URXENCIA OU EMERXENCIA MÉDICA AVISARÁ UTILIZANDO OS ÍNDICES DE AVALIACIÓN DE VÍTIMAS E FACTORES POTENCIALMENTE AGRAVANTES QUE UTILIZA BOMBEIROS.
EN CASO DE EMERXENCIA PARCIAL OU XERAL:
ACTIVARÁ OS EQUIPOS DE ALARMA E EVACUACIÓN, PARA QUE SE MANTEÑAN LIBRES AS VÍAS DE ACCESO.
TRASLADARASE AO ACCESO DO SECTOR PARA RECIBIR AOS SERVIZOS EXTERNOS, INFORMANDO, ASESORANDO E CONDUCÍNDOS AO LUGAR DA EMERXENCIA.
UNIRASE AO MANDO DE BOMBEIROS E CONXUNTAMENTE REORGANIZARÁN A COMPOSICIÓN E ACTUACIÓN DOS EQUIPOS DO PARQUE NATURAL.
EN CASO QUE SEXA NECESARIO, DARÁ A ORDE DE EVACUACIÓN AOS EQUIPOS DE ALARMA E EVACUACIÓN.
UNHA VEZ RESOLTO O INCIDENTE DARÁ A ORDE DE FINAL DE INCIDENTE.
INVESTIGARÁ AS CAUSAS DO INCIDENTE E REDACTARÁ INFORME.

Táboa 20: Consignas para el Responsable de Emerxencias

EQUIPOS DE PRIMEIRA INTERVENCIÓN DO PARQUE NATURAL (EPIP)
AO RECIBIR AVISO DE INCIDENTE A TRAVÉS DO CENTRO DE RECEPCIÓN DE ALARMAS OU RESPONSABLE DE EMERXENCIAS
TRASLADARÁN AO LUGAR DO INCIDENTE SEGUINDO AS INSTRUCCIÓN DO RE
TENTARÁN RESOLVER DE FORMA RÁPIDA E EFICAZ CALQUERA DOS INCIDENTES DE NIVEL 1 DE GRAVIDADE COS MEDIOS DE QUE DISPOÑEN.
SE NON PODEN OU NON SABEN RESOLVELO, PEDIRÁN AXUDA A TRAVÉS DO CENTRO DE RECEPCIÓN DE ALARMAS OU RESPONSABLE DE EMERXENCIAS.
NOS CASOS QUE O RESPONSABLE DE EMERXENCIAS VALORE A SITUACIÓN DE EMERXENCIA PARCIAL OU XERAL
POÑERÁNSE A DISPOSICIÓN DO MANDO DE BOMBEIROS E O RESPONSABLE DE EMERXENCIAS.
ACTUARÁN COMO REFORZO DE VIXILANCIA DAS ZONAS XA CONTROLADAS, CANDO LLO INDIQUE O MANDO DE BOMBEIROS.
EN CALQUERA CASO INFORMARÁN PERIODICAMENTE DA EVOLUCIÓN DA EMERXENCIA AO RESPONSABLE DE EMERXENCIAS DO PARQUE NATURAL.

Táboa 21: Consignas para Equipos de Primeira Intervención do Parque Natural

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

EQUIPOS DE PRIMEIROS AUXILIOS (EPA)
AO RECIBIR O AVISO DE INCIDENTE A TRAVES DO CENTRO DE RECEPCIÓN DE ALARMAS OU RESPONSABLE DE EMERXENCIAS
DIRIXIRANSE AO LUGAR DO INCIDENTE.
ASEGURÁRANSE QUE AS PERSOAS ESTEAN EN LUGAR SEGURO.
REALIZARÁN AS CURAS NECESARIAS Á PERSOA OU PERSOAS ACCIDENTADAS OU ENFERMAS.
VOLVERÁN A ESTABLECER CONTACTO CO CENTRO DE RECEPCIÓN DE ALARMAS OU O RESPONSABLE DE EMERXENCIAS EXPLICANDO A SITUACIÓN.
SEMPRE RECOMENDARAN AO ACCIDENTADO IR A UN CENTRO SANITARIO, AÍNDA QUE SE HAIA SOLUCIONADO CORRECTAMENTE O INCIDENTE.
NOS CASOS QUE O RESPONSABLE DE EMERXENCIAS CONSIDERE DE EMERXENCIA OU URXENCIA MÉDICA
INICIÁRANSE AS ACTUACIÓNS P.A.S. (PROTEXER-AVISAR-SOCORRER) SEGUNDO A FORMACIÓN ADQUIRIDA, ATA A CHEGADA DA ASISTENCIA MÉDICA E INFORMARÁSSELLES DAS TÉCNICAS E PROTOCOLOS REALIZADOS ATA O MOMENTO.
COLABORARÁN NAS TAREFAS QUE LLES SEXAN ASIGNADAS POLO MANDO DE BOMBEIROS E RESPONSABLE DE EMERXENCIAS DO PARQUE NATURAL.
ENCARGARANSE DA REPOSICIÓ E MANTEMENTO DO MATERIAL DAS BOTICAS DE PRIMEIROS AUXILIOS.

Táboa 22: Consignas para Equipos de Primeiros Auxilios

EQUIPOS DE ALARMA E EVACUACIÓN (EAE)
AO RECIBIR O AVISO DE EMERXENCIA PARCIAL OU XERAL, A TRAVES DO CENTRO DE RECEPCIÓN DE ALARMAS OU DO RESPONSABLE DE EMERXENCIAS
PARALIZARÁN O TRÁFICO DE ACCESO NAS ENTRADAS AO PARQUE NATURAL.
MANTERÁN AS VÍAS LIBRES DE PERSOAS E VEHÍCULOS, PARA FACILITAR O ACCESO AOS MEDIOS EXTERNOS.
DESPRAZAMENTO DAS PERSOAS EN PERIGO A UN PUNTO DE REUNIÓN SEGURO E REALIZARÁN O RECONTO.
RECIBIDA A ORDE DE EVACUACIÓN DO MANDO DE BOMBEIROS:
PREPARARÁN OS MEDIOS DE TRANSPORTE PREVISTOS POLO MANDO DE BOMBEIROS E RESPONSABLE DE EMERXENCIAS.
EVACUARÁN A ZONA SEGUNDO AS DIRECTRICES DO MANDO DE BOMBEIROS E RESPONSABLE DE EMERXENCIAS.
INFORMARAN PERIODICAMENTE DA EVOLUCIÓN AO RESPONSABLE DE EMERXENCIAS.

Táboa 23: Consignas para Equipos de Alarma e Evacuación

5.11.3 INFORMACIÓN, FORMACIÓN E ADESTRAMENTO

O Plan de Emerxencias deben coñecerlo todas as persoas que intervirán no control de incidentes e emerxencias, é dicir, o persoal do Parque Natural, outro persoal, empresas e colectivos que operan no mesmo e visitantes.

Segundo as funcións a realizar, nalgúns casos será abondo coa información e noutros será precisa formación ou adestramento.

INFORMACIÓN

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

En cada unha das instalacións do Parque Natural e en todos os trípticos informativos do Parque Natural, expoñeranse seccións informativas indicando os puntos de reunión e vías de evacuación e incluíranse recomendacións:

- Que facer ao detectar un incidente ou emerxencia
- Que facer en caso de alarma por emerxencia

FORMACIÓN E ADESTRAMENTO

Reunirase por grupos a todo o persoal do Parque Natural, axentes forestais e medioambientais e colectivos que operan no territorio para explicar o Plan de Emerxencia.

Igualmente terase en conta nesta formación e adestramento, a implementación das medidas necesarias para previr e, no seu caso, atender posibles casos de agresións sexuais ou de acoso que poidan producirse nas distintas actividades que desenvolva o Parque Natural.

Posteriormente, e unha vez configurados os equipos do Parque Natural, reunirase os mesmos, entregando a cada un as consignas de actuación en caso de incidente ou emerxencia. Para o persoal dos EPIP e EPA programaranse cursos de formación e adestramento axeitados ante un incidente ou emerxencia e aprenderán a manexar os equipos que deban utilizar.

A programación da formación e o adestramento debe incluír o programa inicial dos cursos e o mantemento anual dos coñecementos a través da concertación cos centros homologados. Proponse que a formación se base en:

1. Formación básica

Todo o persoal do Parque Natural e axentes forestais e medioambientais deben formarse en:

- Definición de alerta, incidente e emerxencia.
- Descrición de toda a cadea de actuacións en caso de incidente e emerxencia.
- Formas de dar o aviso.
- Mensaxes tipo.
- Exercicios prácticos.

2.- Formación para o RE.

Preténdese que teña formación en:

- Primeiros auxilios, entendendo como tal o dominio das pautas de actuación ante un accidente, de forma que, sen coñecementos específicos en medicina, saiban que facer e non facer ante unha situación de emerxencia e urxencia médica.
- Coñecemento dos episodios meteorolóxicos que poden comportar máis risco de incendio.
- Coñecementos do comportamento do lume no ámbito do Parque Natural.
- Coñecementos na utilización de ferramentas e equipos de extinción de incendios.

3. Formación dos EPIP

Preténdese que teñan formación en:

- Utilización de ferramenta e equipos de extinción de incendios.

4. Formación dos EPA

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

Formar parte do EPA e recibir a formación axeitada, debe ser sempre voluntario por parte do traballador.

Preténdese que teñan formación en:

- Primeiros auxilios, entendendo como tal o dominio das pautas de actuación ante un accidente, de forma que, sen coñecementos específicos en medicina, saiban que facer e non facer ante unha situación de emerxencia e urxencia médica.

SIMULACROS

A efectividade do Plan de Emerxencia conséguese mediante a realización de prácticas periódicas que manteñan o adestramento do persoal nas tarefas a realizar. Isto conséguese con simulacros e prácticas.

Os simulacros deben programarse e planificarse o seu desenvolvemento como se se tratase dunha emerxencia real.

A planificación realizarase a partir dun suposto de inicio de incidente ou emerxencia e secuenciando temporalmente as accións a realizar, como e quen as efectuará, así como un equipo de control que recolla as incidencias e tempos utilizados en cada acción para efectuar, posteriormente, un informe de resultados e conclusións do simulacro.

FICHA DE SIMULACROS		
TIPOLOXIA DE EMERXENCIA SUPOSTA		LOCALIZACIÓN
Incendio		Zona.....
Riada		Punto.....
Desprendemento		Coordenadas.....
Accidente		Altitude.....
Perda		Acceso a vías.....
NIVEL DE GRAVIDADE		EQUIPOS A ALERTAR
Nivel 1		EPIP
Nivel 2		EPA
Nivel 3		EAE
DETECTADO POR		Outros
Persoal Parque Natural		PERÍODO
Axentes forestais e medioambientais		Inverno-Diúrno
Visitantes		Inverno-Nocturno
Outros colectivos		Verán-Diúrno
AXUDAS EXTERNAS		Verán-Nocturno
Non necesarias		CONFINAMENTO/EVACUACIÓN
Recórrese a		Sen confinamento/evacuación
Emerxencias 112		Confinamento
Concello e outros locais		Evacuación do sector

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

CONTROL DA EMERXENCIA		Evacuación total	
Centro de Recepción de Alarmas		TEMPOS ESTIMADOS SIMULACRO	
Centro de Control de bombeiros		Tempos:	
		Data:	

Táboa 24: Ficha de simulacros

INVESTIGACIÓN DE SINISTROS

Terase previsto o poder efectuar a investigación dos incidentes e emerxencias que se poden materializar, co fin de analizar as causas da súa orixe e consecuencias que se produciron, para poder emendar as deficiencias existentes no Plan de Emerxencia mediante a implantación das medidas correctoras oportunas.

Achégase un modelo de investigación de sinistros:

FICHA DE INVESTIGACIÓN DE SINISTROS	
IDENTIFICACIÓN DO INCIDENTE OU EMERXENCIA	
Concello.....
Parque Natural.....
Tipo e incidente ou emerxencia.....
Nivel de Gravidade.....
Data.....
Hora de detención.....
Persoa que descobre.....	Lugar.....
ANÁLISE DO INCIDENTE OU EMERXENCIA	
Causa do incidente ou emerxencia.....
Causas básicas que orixinaron o incidente ou emerxencia.....
.....
Consecuencias (Danos ao medio, bens ou persoas).....
Medios técnicos utilizados.....
Equipos do Parque Natural que interviñeron.....
Medios de salvamento externo.....
Efectividade:	
Dos medios utilizados.....
Dos equipos.....
Do plan de emerxencia.....
MEDIDAS CORRECTORAS E DEFICIENCIAS	
Sobre as causas básicas do incidente ou emerxencia.....
Sobre los medios utilizados.....
Sobre as comunicacións.....
Sobre os equipos.....
Sobre o Plan de Emerxencia.....
Data.....

Táboa 25: Ficha de investigación de sinistros

5.11.4 DIRECTORIO

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

DIRECTORIO	TELÉFONO
EMERXENCIAS	112
SEPRONA	062
BOMBEIROS	085
GARDA CIVIL TUI	986 60 02 21
Centro Interpretación Parque Natural	886 12 06 50
Oficina Pontevedra (Xunta)	986 80 56 50
INFORMACIÓN MUNICIPAL	
TUI	677 418 405
URXENCIAS MÉDICAS	
Centro Saúde Tui	986 60 19 36
Urxencias Tui	986 60 09 08

Táboa 26: Directorio

5.12 MANTEMENTO DO PLAN

5.12.1 OBXECTO

- Mantemento adecuado das zonas perigosas susceptibles de provocar unha emerxencia.
- Mantemento periódico dos medios de protección e evacuación.
- Mantemento periódico da formación.
- Revisións periódicas do Plan de Emerxencia.

5.12.2 CREACIÓN DO CONSELLO DE AUTOPROTECCIÓN

Función: A súa misión consistirá en coordinar e asesorar sobre a implantación e seguimento do Plan de emerxencias e estará composto polo seguinte persoal:

- A persoa titular da xefatura do Servizo de Parques Naturais.
- Unha persoa representante da Unidade de Medio Natural do equipo de xestión do Parque Natural.
- Unha persoa representante do corpo de Axentes Forestais e medioambientais.
- Unha persoa representante do corpo de bombeiros.
- Outras persoas representantes que se crean oportunos.

A composición do Consello de Autoprotección procurará unha composición equilibrada de mulleres e homes.

Periodicidade: Recoméndase que o Consello de Autoprotección reúnase mínimo unha vez ao ano.

5.12.3 MANTEMENTO DO PLAN

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

O consello de Autoprotección establecerá un programa de mantemento periódico dos medios, da formación de equipos e elaborará unha guía dos simulacros.

Aconséllase:

- O mantemento mínimo anual das boticas de primeiros auxilios, emisoras e materiais de intervención.
- O mantemento da formación dos equipos, mínimo cada 2 anos.
- A realización de simulacros periódicos, podéndose espaciar cada vez máis ata a un mínimo de 1 simulacro ao ano.
- A revisión do Plan de Emerxencias e todo o que del derívase, mínimo cada 3 anos.

A continuación móstranse uns exemplos de fichas para o mantemento de material e vehículos:

REVISIÓN BOTICA DE PRIMEIROS AUXILIOS	DATA: Día Mes Ano		
	BEN	REPOSICIÓN	OBSERVACIONES
Gasas estériles			
Algodón hidrófilo			
Vendas			
Esparadrapo			
Apósitos adhesivos			
Tesoiras			
Pinzas			
Luvas dun só uso			
Alcohol			
Auga osixenada			
Tópico			
Aspirina			
Gelocatil			
Telmalgin			
Almax = Bemolan			
Voltaren			
Voltaren xel			
Algiasdin = Neobrufen			
Silverderma			

Táboa 27: Fichas para o mantemento da botica de primeiros auxilios

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

REVISIÓN MATERIAL	DATA: Día Mes Ano		
CONTENIDO	BEN	REPOSICIÓN	OBSERVACIÓNS
Motoserras			
Rozadoira			
Compresor			
Motobombas			
Xerador eléctrico			
Mangueiras			
Mangotes aspiración			
Alcachofa aspiración			
Mochilas de auga			
Lanzas incendios			
Máscaras anti-fume			
Filtros			
Cordas cáñamo			
Extintores			
Bombas apagalumes			
Outros.....			

Táboa 28: Fichas para mantemento de material

REVISIÓN VEHICULOS	DATA: Día Mes Ano		
CONTIDO	Matrícula	Data revisión	Reparacións
Tractor Massey-Ferguson			
Cisterna Moga			
Remolque Toimil			
Tractor New Holland TS-100			
Pick-up Mitsubishi L-200			
Pick-up Isuzu Rodeo.			

Táboa 29: Fichas para el mantemento de vehículos

6 PROGRAMA DE ACTUACIÓNS A DESENVOLVER

A proposta que se acompaña consta dun conxunto de actuacións concretas destinadas a coñecer, manter e mellorar os valores naturais e os compoñentes ecolóxicos valiosos do Parque Natural, de acordo cos obxectivos xerais e específicos establecidos para o mesmo, en tanto que espazo protexido integrado na Rede Natura 2000 e na rede galega de espazos protexidos, e co propósito de impedir a súa deriva cara a unha irrelevancia ecolóxica que non debería ocorrer. Doutra banda, a proposta intenta ampliar a proxección do Parque Natural cara á sociedade reforzando a súa función como espazo demostrativo dunha outra forma de relación co medio natural, aspecto no que, se cadra, o Parque Natural na actualidade, amosase falto de contidos.

Deste xeito é preciso subliñar que o Monte Aloia pode constituír un bo exemplo de xestión da auga e dos hábitats asociados á auga no monte, xa que no Aloia nacen cinco correntes fluviais e mais é zona de recarga de acuíferos. O Aloia pode, xa que logo, ser un exemplo demostrativo de xestión do territorio encamiñada á protección da auga como recurso dende unha perspectiva ecosistémica.

De xeito análogo, o Monte Aloia pode postularse como un espazo no que se desenvolven modelos de explotación madeireira do monte comunal que ademais de ser sostibles e rendibles en termos financeiros poden ser compatibles coa conservación da biodiversidade e co mantemento dos procesos ecolóxicos clave do territorio. Compre logo poñer de manifesto o exemplo do Monte Aloia como xestión forestal compatible coa conservación, é dicir, darlle á silvicultura un papel central no discurso do Parque Natural.

Ademais do antedito, estes programas oriéntase ao establecemento duna planificación dirixida á recuperación e restauración ecolóxica dos hábitats naturais que lle corresponden ao Monte Aloia. Unha das vantaxes deste tipo de actuacións e o seu potencial para diminuír o risco de lumes e mais incrementar a resiliencia do conxunto fronte a este grave ameaza.

E, finalmente, trátase de reorientar o uso público en función do aproveitamento didáctico e divulgativo dos propios compoñentes do programa.

Así, considerando os obxectivos establecidos no presente plan e de acordo coas previsións de usos e aproveitamentos, fórmulanse as principais liñas de actuación a desenvolver durante o seu período de vixencia de seis anos. Algunhas das liñas de actuación son compartidas con máis dun obxectivo, debido ao seu carácter transversal.

6.1 PROGRAMA 1. PROGRAMA DE CONSERVACIÓN DA BIODIVERSIDADE, A PAISAXE, E O PATRIMONIO CULTURAL

XUSTIFICACIÓN:

A propia declaración de Espazo Natural evidencia a responsabilidade e o compromiso de conservar os hábitats máis representativos e salientables, xunto coa protección dos ecosistemas máis vulnerables. Como no resto do territorio galego, o Parque Natural, está a sufrir as consecuencias do abandono do medio rural. En último termo, o abandono determina

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

unha diminución da superficie ocupada polos hábitats abertos (campos de cultivo, pasteiros e matos baixos) que viran cara a hábitats pechados (mato alto, arboredo e bosque). Este cambio é relativamente rápido polo que ao longo dos once anos transcorridos dende a redacción do anterior PRUX lévanse producido importantes variacións na identidade e na distribución dos hábitats do Parque Natural.

Un dos diversos factores que fan que moitas das especies de interese do Parque Natural teñen unha distribución restrinxida e fragmentada e contan con poboacións pouco numerosas polo que o risco de que se produzan extincións locais é, se cadra, elevado.

A meirande parte do Parque Natural é propiedade de dúas comunidades de montes, estas levan a cabo a explotación forestal da zona de acordo con un Proxecto de Ordenación Forestal. Os métodos e manexos silvícolas propostos nese documento, ao estar baseados en procesos ecolóxicos naturais son, en principio, perfectamente compatibles coa conservación da biodiversidade de especies e hábitats do Parque Natural. En calquera caso, compre mellorar a capacidade de acollida de biodiversidade dos terreos sometidos a explotación forestal mediante técnicas de restauración ecolóxica de hábitats e de facilitación da fauna.

OBXECTIVOS:

- Garantir a conservación do conxunto de hábitats de interese presentes no Parque Natural.
- Restaurar aqueles que se foron degradando co paso do tempo por causa da sucesión natural e da falta de manexo.
- Incrementar o grao de naturalidade do Parque Natural mediante a creación, restauración e conservación dos hábitats que se corresponden coa vexetación climática do territorio.
- Coñecer a dinámica e máis a evolución das poboacións das especies de flora e fauna de interese.
- Obter datos sistemáticos e contrastados nos que sustentar a xestión das poboacións de flora e fauna de interese.
- Favorecer a compatibilidade entre o uso forestal e os obxectivos de conservación de hábitats e especies.
- Salientar a xestión forestal que se ven desenvolvendo no Parque Natural, como exemplo de xestión compatible coa conservación da biodiversidade de hábitats e especies.

PROPOSTAS:

- Poderanse desenvolver pequenas intervencións destinadas á restauración ecolóxica das pequenas infraestruturas asociadas á auga, ós ecosistemas fluviais e ós hábitats hidromorfos asociados aos nacentes
- Tamén poderanse abordar iniciativas destinadas á mellora dos hábitats asociados a ós rochedos e os matos secos.
- Nos hábitats boscosos deberíase facer fincapé nos bosques mestos con sobreira (*Quercus suber*), con carballo (*Quercus robur*) e con acivro (*Ilex aquifolium*).
- En relación as especies de interese, convén facilitar a conservación da flora de interese de solos hidromorfos: *Narcissus* spp., *Gentiana pneumonante*; a poboación de *Achondrostoma arcasii*, os anfibios e os morcegos cavernícolas.
- No eido forestal subliñar as vantaxes derivadas das posibilidades de sinerxías entre o PRUX e o Plan de Ordenación Forestal, encamiñadas cara ao desenvolvemento de

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

piñeirais de alto valor ecolóxico; conservar algún dos rodais de piñeiros vellos nos que poidan desenvolverse as comunidades propias deste tipo de hábitats e loitar polo control e erradicación das especies de árbores alóctonas con comportamento invasor.

6.2 PROGRAMA: 2. PROGRAMA DE INVESTIGACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.

XUSTIFICACIÓN:

Transcorridos uns anos dende o anterior PRUX, e tralo observado no traballo de campo, faise patente a necesidade de actualizar moitos dos datos básicos sobre os compoñentes do medio biolóxico do Parque Natural, con especial fincapé nos hábitats e especies de interese, así como na actualización das unidades descritivas do territorio, xa que esta información é a que sustenta as decisións de xestión e manexo.

OBXECTIVOS:

- Actualizar e mellorar a información básica sobre o medio físico, biolóxico e humano do Parque Natural.
- Actualizar o inventario de hábitats e especies de interese.
- Acompañar toda esa información dunha cartografía actualizada.
- Afundir no coñecemento das poboacións das especies de fauna e flora de interese.

PROPOSTAS:

- Neste sentido faise necesario traballar na elaboración dunha nova cartografía de unidades de vexetación, hábitats de interese comunitario, unidades ambientais do Parque Natural, así como os respectivos inventarios.
- Tamén é preciso afondar no coñecemento territorial das especies invasoras e das especies de flora e fauna de interese.

6.3 PROGRAMA 3. PROGRAMA XESTIÓN DO USO PÚBLICO

XUSTIFICACIÓN:

É necesario reforzar a imaxe do Parque Natural como espazo natural valioso a escala local, comarcal e rexional. Este espazo foi declarado Parque Natural por unha serie de valores que é necesario dar a coñecer aos visitantes.

Para conservar é necesario coñecer. Por iso é importante dar a coñecer as actividades que se realizan no Parque Natural. Involucrar aos cidadáns na conservación e darlles a posibilidade de contribuír á xestión do espazo, crear sentimentos de orgullo e pertenza entre os veciños que redundan nunha conservación máis efectiva.

OBXECTIVOS:

- Desenvolver unha oferta recreativa, educativa e cultural.
- Compatibilizar o uso público e goce do Parque Natural garantindo a conservación do patrimonio natural e da biodiversidade.
- Dar a coñecer os valores patrimoniais, culturais e naturais existentes.
- Divulgar o uso responsable do espazo natural.
- Ofrecer unha imaxe corporativa consolidada da sinalización.
- Conxugar a conservación da contorna co goce da natureza facilitando os percorridos

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

autoguiados con explicacións sobre os diferentes hábitats e especies presentes no Parque Natural.

- Educar no respecto á natureza e no coñecemento dos valores naturais específicos do Parque Natural.

- Divulgar dun modo didáctico e ameno os valores do patrimonio natural, con posibilidades de participación cidadá nas labores de seguimento das especies e dos hábitats do Parque Natural e a resolución de problemas concretos do Parque Natural.

- Divulgar dun modo didáctico e ameno a xestión forestal que se está a desenvolver no Monte Aloia como exemplo de xestión forestal compatible coa conservación.

- Ofrecer posibilidades de participación cidadá nas labores de seguimento das especies e dos hábitats do Parque Natural, e máis fornecendo medios de acceso público libre e directo á información científica e técnica.

PROPOSTAS:

- Relacionadas con la información, divulgación y sinalización: O mais importante deste subprograma é o relativo á atención do centro Enxeñeiro Areses e a publicación de guías e audiovisuais. Ademais poderíase actualizar a cartografía de uso público do Parque Natural e definir novas rutas: de árbores senlleiras, ruta panorámica en coche por diferentes fitos do Parque Natural, posta en valor da muralla ciclópea
- Relacionadas con la educación ambiental: Creación dunha ruta botánica de árbores senlleiras; participación cidadá no seguimento das poboacións de flora e fauna do Parque Natural; divulgación dun percurso sobre a xestión forestal no monte Aloia: O Monte Aloia como exemplo de xestión forestal compatible coa conservación
- Implementación do Plan de Emerxencias: por último aínda que non menos importante, tamén precisará de partida económica para formación, etc..

6.4 PROGRAMA 4. PROGRAMA DE MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS, INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS.

XUSTIFICACIÓN:

As infraestruturas, instalacións e equipamentos do Parque Natural deben presentar unha adaptación continua a toda a normativa, agás dun mantemento.

OBXECTIVOS:

Dotar una partida económica para manter e mellorar as instalacións do Parque Natural.

PROPOSTAS:

- Mellora das zonas recreativas.
- Accesibilidade ao bar
- Actualización de contidos do Centro de Interpretación (Casa de Visitantes)
- Conservación de sendas e itinerarios
- Conservación de vías
- Reposición de maquinaria e vehículos.

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

7 PROGRAMA ECONÓMICO

Preséntase de seguido o reparto dos recursos económicos previstos ao longo dos seis anos de vixencia do Plan para cada unha das actuacións programadas:

	ANOS						TOTAL
	1	2	3	4	5	6	
1. PROGRAMA DE CONSERVACIÓN DA BIODIVERSIDADE, A PAISAXE, E O PATRIMONIO CULTURAL							
Conservación biodiversidade, patrimonio cultural e paisaxe.	20.000	20.000	50.000	50.000	50.000	50.000	220.000
TOTAL	20.000	20.000	50.000	50.000	50.000	50.000	220.000
2. PROGRAMA DE INVESTIGACIÓN, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN							
Estudos, seguimento e avaliación de fauna, flora, hábitats e outros.	30.000	30.000	5.000	5.000	5.000	5.000	80.000
TOTAL	30.000	30.000	5.000	5.000	5.000	5.000	80.000
3. PROGRAMA DE XESTIÓN DO USO PÚBLICO							
Relacionados coa información, divulgación e sinalización.	30.000	30.000	30.000	30.000	30.000	30.000	180.000
Relacionados coa educación ambiental.	5.000	10.000	10.000	10.000	10.000	10.000	55.000
Implementación do plan de xestión de emerxencias	10.000						10.000
TOTAL	45.000	40.000	40.000	40.000	40.000	40.000	245.000
4. PROGRAMA DE MELLORAS DAS INFRAESTRUTURAS, INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS							
Conservación e mellora da rede viaria e as instalacións. Mantemento de infraestruturas, vehículos e maquinaria.	5.000	10.000	5.000	5.000	5.000	5.000	35.000
TOTAL	5.000	10.000	5.000	5.000	5.000	5.000	35.000
ORZAMENTO TOTAL	100.000	100.000	100.000	100.000	100.000	100.000	600.000

Táboa 30: Programa económico

8 SISTEMA DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

O seguimento e avaliación do PRUX é fundamental para constatar se as accións plantexadas e a normativa establecida están a ofrecer os resultados agardados e medir o seu grao de eficacia. Esta información será de gran utilidade tanto de cara ao plantexamento do seguinte PRUX como para poder realizar unha xestión adaptativa que permita dar resposta a imprevistos non contemplados no presente documento, así como, en base ao seguimento e avaliación periódica, reconducir, deter e/ou buscar alternativas para aquelas accións que non estean a ofrecer os resultados agardados.

8.1 SEGUIMIENTO

De acordo coas premisas do manexo adaptativo, a xestión e a conservación das poboacións das especies de flora e fauna, tenen que sustentarse con datos obtidos mediante unha metodoloxía sistemática e contrastada. Estableceranse protocolos de seguimento que permitan obter información dos diferentes aspectos e accións que teñen lugar no Parque Natural, cos seguintes obxectivos:

1. Rexistrar os cambios que se producen nos usos e nos hábitats naturais do Parque Natural, establecendo as súas tendencias.
2. Previr e proporcionar mecanismos de alerta e anticipación fronte cambios puntuais ou situacións de risco para os valores naturais do Parque Natural ou para as persoas.
3. Mellorar o coñecemento sobre os hábitats e especies presentes no Parque Natural.
4. Previr e minimizar conflitos sociais derivados da aplicación do PRUX.
5. Determinar o grao de cumprimento dos obxectivos do PRUX.
6. Determinar os efectos producidos polos usos e as accións recollidas no PRUX, e outras que puideran desenvolverse sobre o medio natural e detección de efectos non desexados.
7. Mellorar a implementación do PRUX mediante unha xestión adaptativa do Parque Natural.

O seguimento será de dous tipos:

1. Un seguimento rutinario do funcionamento, das condicións, dos componentes da biodiversidade e dos procesos ecosistémicos do Parque Natural.
2. Un seguimento específico das accións que se desenvolven no Parque Natural e de determinadas especies e hábitats de interese.

Prestarase especial atención aos seguintes aspectos:

- Augas: cantidade e calidade.
- Solos: signos de erosión ou de degradación.
- Hábitats: estado de conservación, cambios na súa extensión, ameazas e impactos.
- Flora: dinámica das comunidades, estado de conservación e parámetros poboacionais das especies de interese, ameazas e impactos.
- Fauna: estado de conservación e parámetros poboacionais das especies de interese, ameazas e impactos.
- Uso forestal: protocolos de seguimento do efecto das prácticas silvícolas nos

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

componentes da biodiversidade.

- Uso público: efecto do uso público sobre os hábitats e especies.
- Percepción social e implicación de veciños, comuneiros, propietarios e visitantes na xestión do Parque Natural.

8.2 INDICADORES

Para realizar un seguimento eficaz é preciso desenvolver unha serie de indicadores que sirvan para medir o éxito das accións que se realizan no Parque Natural e a eficacia das medidas propostas e metodoloxías empregadas. O Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia propón diversas fontes de indicadores básicos de biodiversidade e indicadores de sostibilidade. Tamén en Atauri et al. (2005) se atopan fontes e listas de indicadores básicos que poden servir de referencia para construír unha listaxe propia e adaptada á realidade e as actividades que se desenvolvan no Parque Natural.

Desenvolverase un conxunto de indicadores que permitan obter datos sistemáticos ao longo do tempo sobre o estado de conservación dos ecosistemas, dos hábitats e das especies de flora e fauna do Parque Natural para tomar, no seu caso, as medidas de protección, conservación e restauración que se consideren necesarias. Entre estes indicadores compre citar:

- a) Superficie ocupada e grao de fragmentación dos tipos de hábitats naturais do anexo I da Directiva Hábitats (92/43/CEE).
- b) Características estruturais, diversidade ecolóxica e riqueza específica dos hábitats do anexo I da Directiva Hábitats (92/43/CEE).
- c) Grao de fragmentación dos hábitats das beiras fluviais e grao de conectividade co resto de hábitats forestais.
- d) Área de distribución, número de núcleos poboacionais, tamaño das poboacións e parámetros demográficos das especies de interese do Parque Natural, incluídas as reflectidas nos anexos II e IV da Directiva Hábitats, no anexo I da Directiva Aves (2009/147/CE) e as especies de aves migratorias; así como as poboacións e os hábitats das especies incluídas no Catálogo Español de Especies Silvestres Ameazadas e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas.

A continuación preséntase unha listaxe de indicadores de referencia e de programas específicos para o seguimento:

Indicadores para os hábitats

Superficie ocupada

Índices de fragmentación

Diversidade ecolóxica de especies de flora

Riqueza de especies de flora

Proporción de especies de flora alóctonas e invasoras

Cobertura horizontal e altura da vexetación.

Programas específicos

Seguimento dos hábitats de interese europeo.

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

Seguimento dos hábitats de pasteiro e de mato baixo.
Seguimento dos hábitats de rochedo e penedías.
Seguimento dos hábitats forestais autóctonos.
Seguimento dos hábitats asociados á rede fluvial.

Indicadores para as poboacións de especies de flora e fauna

Área de distribución
Tamaño da poboación
Tendencia da poboación
Estrutura demográfica
Parámetros demográficos

Programas específicos

Seguimento das especies de flora casmofítica
Seguimento das especies de flora dos rochedos e penedías.
Seguimento das especies do xénero *Narcissus* sp.
Seguimento de *Gentiana pneumonante*.
Seguimento de *Achondrostoma arcasii*.
Seguimento das poboacións de acivro (*Ilex aquifolium*)
Seguimento das poboacións de morcegos cavernícolas
Seguimento das poboacións de anfibios que empregan instalacións artificiais
Seguimento de especies invasoras de árbores: *Acacia melanoxylon*, *A. dealbata* e *Robinia pseudoacacia*.

Indicadores do efecto do uso forestal

Riqueza e diversidade ecolóxica de especies de flora
Riqueza e diversidade de especies de artrópodos
Riqueza e diversidade de especies de aves
Proporción de especies de flora alóctonas e invasoras
Índice de recrutamento e densidade de plántulas de *Pinus pinaster*

Programas específicos

Contraste entre parcelas afectadas polo uso forestal e parcelas control

Indicadores do uso gandeiro

Área de distribución do gando
Carga gandeira de gando vacún e cabalar
Riqueza e diversidade ecolóxica de especies de flora
Índice de recrutamento e densidade de plántulas de *Pinus pinaster*

Programas específicos

Contraste entre parcelas afectadas polo uso gandeiro e parcelas control
Variacións temporais e espaciais da carga gandeira

Indicadores do uso público

Promedio diario de visitantes

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

Distribución dos visitantes por localidade de orixe e medio de transporte empregado
Reparto espacial dos visitantes en función do hábitat
Reparto espacial dos visitantes pola rede de estradas, pistas e sendeiros.
Grao de satisfacción

Programas específicos

Contraste entre parcelas afectadas polo uso público e parcelas control
Programa de enquisas e entrevistas aos visitantes

Realizaranse tres tipos de avaliación:

- Avaliación por accións: ao finalizar calquera acción presentada.
- Avaliación anual: representa a memoria anual do Parque Natural e fai unha avaliación do funcionamento xeral do Parque Natural durante o ano anterior.
- Avaliación final: realízase á finalización do presente PRUX e fai unha avaliación da súa aplicación e os resultados obtidos

9 ORGANIZACIÓN ADMINISTRATIVA

a) Xestión xeral e dirección

A xestión do Parque Natural é responsabilidade da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, por medio do Servizo de Parques Naturais, a quen lle corresponderá a xestión do Parque Natural e, en particular, a elaboración de orzamentos e o desenvolvemento do presente Plan.

b) Xunta consultiva

A xunta consultiva constitúese en virtude do Real Decreto 3160/1978, do 4 de decembro, sobre declaración do “Parque Natural do Monte Aloia (Pontevedra)”, (BOE 16 de 18/1/1979), e o decreto 265/2007, do 28 de decembro, polo que se modifica a composición das xuntas consultivas dos parques naturais de Galicia (DOG nº 17, do 24 de xaneiro de 2008). Ten como propósito colaborar na xestión do Parque Natural e canalizar a participación das persoas propietarias e os intereses sociais e económicos afectados.

Na proposta e designación das persoas vocais que non teñan a condición de cargos natos procurarase a composición de xénero equilibrada segundo o previsto na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, o que se terá en conta especialmente nas designacións que correspondan ás administracións públicas representadas nas xuntas consultivas.

Así mesmo, en virtude do establecido no artigo 7 do Decreto 265/2007, a presidencia poderá convidar as reunións das xuntas consultivas a persoas expertas nalgunha materia relevante e/ou que garden relación co Parque Natural, que participarán nestas reunións con voz, pero sen voto. De acordo co artigo 43 da Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, corresponde a esta xunta consultiva a colaboración na xestión do Parque Natural a través da súa función asesora e consultiva mediante:

- A aprobación e modificación do seu regulamento de réxime interno.
- A emisión daqueles informes que lle sexan solicitados.
- A proposta de actuacións e iniciativas tendente á consecución dos fins do Parque Natural, incluíndo os de difusión e información dos valores deste, así como os programas de formación e educación ambiental.
- A colaboración na promoción e proxección exterior do Parque Natural e os seus valores. En xeral, a promoción e realización de cantas xestións considere oportunas en beneficio do Parque Natural.
- Así mesmo, esta xunta consultiva deberá ser oída para a adopción das seguintes decisións:
- A aprobación, modificación e revisión da normativa relativa ao Parque Natural e dos seus instrumentos de planificación.
- A aprobación do orzamento de xestión do Parque Natural.

c) Procedemento administrativo

As autorizacións que se outorguen no Parque Natural serán emitidas polo organismo competente en patrimonio natural, ou, no seu caso, pola xefatura territorial de Pontevedra,

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

previo informe preceptivo e determinante por parte do Servizo de Conservación da Natureza de Pontevedra, ou do organismo competente en patrimonio natural. Estas autorizacións deberán obterse con anterioridade ás esixidas pola lexislación sectorial pertinente e a obtención das mesmas non exime do cumprimento da normativa sectorial de aplicación, nin de cantas outras autorizacións permisos ou licenzas sexan requiridos por esta.

10 VIXENCIA E REVISIÓN DO PLAN

Segundo o establecido no artigo 19 da Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres e o artigo 36 da Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, a vixencia do PRUX deberá de ser, como máximo, de seis anos, a partir dos cales se deberá realizar a súa revisión de oficio.


O plan poderá ser revisado con anterioridade ao seu vencemento, por iniciativa da Consellería competente en materia de xestión de espazos protexidos (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda) segundo o art. 41.1 da Lei 5/2019 cando se produzan episodios ambientais imprevistos de orixe natural ou antrópica que afecten á integridade do medio e desborden as medidas previstas no correspondente PRUX.

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

**ANEXO III
CARTOGRAFÍA
Situación xeográfica do Parque Natural Monte Aloia**



Mapa 1: Situación en Galicia Parque Natural do Monte Aloia



Mapa 2: Situación en Pontevedra Parque Natural do Monte Aloia



Mapa 3: Situación xeográfica Parque Natural do Monte Aloia

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia


Rede fluvial na zona do Parque Natural Monte Aloia



Mapa 4: Rede fluvial na zona do Parque Natural Monte Aloia

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

Plano de unidades ambientais:



Legenda

- | | |
|---|---|
| Limite Monte Aloia | Matogueiras e medios rochosos silíceos |
| UD.AMB | Mosaico rural con campos rodeados de sebes arbustivas |
| Outros | Mosaico rural con emparrados, labradíos e prados |
| Augas correntes | Núcleos de poboación |
| Bosques de carballos caducifolios | Pequenos humidaís seminaturais de uso extensivo |
| Bosques húmidos | Piñeirais |
| Construcións de uso agrícola, forestal e de acuicultura | Plantacións forestais de anxiospermas alóctonas |
| Construcións de uso industrial ou comercial | Plantacións forestais de especies autóctonas |
| Construcións, explotacións e dependencias abandonadas | Plantacións forestais de ximnospermas alóctonas |
| Eucaliptais | Vías terrestres de comunicación |
| Formacións de especies invasoras | Áreas de uso deportivo, recreativo ou dotacional |
| <i>Ilex Aquifolium</i> | Áreas perturbadas temporalmente |

Mapa 5: Estima de cambios nas UA dende o anterior PRUX do Parque Natural Monte Aloia

Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Monte Aloia

Plano de pasteiros para o gando:



Mapa 6: Estima dos pasteiros para o gando do Parque Natural Monte Aloia

